



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 61

Sesión plenaria
21 de febreiro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 5. Proposicións non de lei

5.5. 24277 (10/PNP-001753)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa inclusión das enfermidades minoritarias ou raras consideradas graves e os casos deste tipo en proceso de diagnóstico na listaxe de enfermidades reflectidas no anexo do Real decreto 1149/2011, así como a introdución neste das modificacións necesarias co fin de definir o que se considera coidado directo, continuo e permanente para os efectos dunha prestación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

5.6. 24628 (10/PNP-001771)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e sete deputados/as máis

Sobre a inclusión pola Xunta de Galicia da construción modular de vivendas no seu Programa de vivenda de promoción pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

5.7. 24683 (10/PNP-001775)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co feminismo galego e a convocatoria de folga de mulleres prevista para o día 8 de marzo de 2018 para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

5.8. 24725 (10/PNP-001776)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar a desigualdade de trato entre empregados públicos autonómicos fixos e temporais, conforme a doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

5.9. 24866 (10/PNP-001781)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e sete deputados/as máis

Sobre a presentación pola Xunta de Galicia, no primeiro cuadrimestre de 2018, dun balance da execución do III Plan director da cooperación galega 2014-2017, a elaboración dun novo

plan director para o período 2018-2021, así como a inclusión da acción humanitaria de calidade entre as súas orientacións estratéxicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

Punto 6. Interpelacións

6.1. 20395 (10/INT-000675)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co remate dos procesos de concentración parcelaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 219, do 29.11.2017

6.2. 23197 (10/INT-000774)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e sete deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co Plan extraordinario de estradas do Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

6.3. 24390 (10/INT-000805)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa reforma do sistema de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

7.1. 26038 (10/POPX-000073)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa folga convocada para o día 8 de marzo de 2018, tendo en conta a discriminación laboral e social que padecen as mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

7.2. 26039 (10/POPX-000074)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a xestión que está a levar a cabo o Goberno galego en relación cos seus compromisos con Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

7.3. 26040 (10/POPX-000075)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre o horizonte temporal da política de propaganda que está a levar a cabo o Executivo galego en relación coa súa acción de goberno

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1. 26030 (10/PUP-000145)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas demandas dos traballadores da Administración de xustiza en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

8.2. 26032 (10/PUP-000146)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas pola Xunta de Galicia en relación coas supostas irregularidades existentes na xestión do vertedoiro da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

8.3. 23974 (10/POP-002900)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das previsións futuras do Goberno do Estado respecto dos ferrocarrís de vía estreita en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 251, do 01.02.2018

8.4. 21925 (10/POP-002598)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e seis deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do programa Bono Alugueiro Social desde a súa posta en marcha

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

8.5. 22706 (10/POP-002736)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto do investimento levado a cabo polas administracións públicas nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

8.6. 22765 (10/POP-002743)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do balance de prexuízos-beneficios da instalación do parque eólico de Mouriños

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

8.7. 24936 (10/POP-002994)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Consellería de Industria destinadas a garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias S.A.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

8.8. 26037 (10/PUP-000147)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Vázquez Verao, Paula

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para paliar a pobreza enerxética

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

8.9. 25432 (10/PUP-000144)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis

Sobre o contido do último informe da Comisión de control e seguimento do Programa galego de atención ao infarto agudo de miocardio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego en relación coa folga convocada para o día 8 de marzo de 2018, tendo en conta a discriminación laboral e social que padecen as mulleres. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a xestión que está a levar a cabo o Goberno galego en relación cos seus compromisos con Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 23.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre o horizonte temporal da política de propaganda que está a levar a cabo o Executivo galego en relación coa súa acción de goberno. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 24.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 26.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 27.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 29.)

Proposición non de lei dos GG. PP. Popular de Galicia, En Marea, Socialistas de Galicia e Bloque Nacionalista Galego sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa inclusión das enfermidades minoritarias ou raras consideradas graves e os casos deste tipo en proceso de diagnóstico na listaxe de enfermidades reflectidas no anexo do Real decreto 1149/2011, así como a introdución neste das modificacións necesarias co fin de definir o que se considera coidado directo, continuo e permanente para os efectos dunha prestación. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 31.), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 33.), *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 35.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 36.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co feminismo galego e a convocatoria de folga de mulleres prevista para o día 8 de marzo de 2018 para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 38.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 42.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 45.) e *Sra. Quinteiro Araújo (EM).*(Páx. 46.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 48.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar a desigualdade de trato entre empregados públicos autonómicos fixos e temporais, conforme a doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 50.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 53.), *Sra. Santos Queiruga (EM)* (Páx. 55.) e *Sr. Moreira Ferro (P).* (Páx. 57.)

Nova intervención do señor Díaz Villoslada (S). (Páx. 59.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e sete deputados/as máis, sobre a presentación pola Xunta de Galicia, no primeiro cuadrimestre de 2018, dun balance da execución do III Plan director da cooperación galega 2014-2017, a elaboración dun novo plan director para o período 2018-2021, así como a inclusión da acción humanitaria de calidade entre as súas orientacións estratéxicas. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 61.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 62.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 65.) e *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 67.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Chao Pérez (EM).* (Páx. 68.)

O señor Pazos Couñago (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 70.)

Votación das proposicións non de lei

A señora Vázquez Verao (EM) intervén para ler o texto resultante da transacción da proposición non de lei presentada por ela e que se vai votar a seguir. (Páx. 73.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa prestación de asistencia persoal para garantir o dereito á vida independente

das persoas con diversidade funcional: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 73.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, de iniciativa popular, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia, diante do Goberno central, en relación coa protección dos viticultores do ámbito dos consellos reguladores da Ribeira Sacra, Ribeiro, Monterrei e Valdeorras afectados polas xeadas acaecidas nos últimos días de abril de 2017: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a constitución no Parlamento de Galicia dunha ponencia específica para a análise e a elaboración dunha proposta sobre o novo marco político e institucional de Galicia: *rexeitada por 20 votos a favor, 51 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

O señor presidente le o texto resultante da transacción da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa da Sra. Santos Queiruga e do Sr. Merlo Lorenzo. (Páx. 74.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga e D. Juan José Merlo Lorenzo, sobre a introdución na etiquetaxe do selo *pescadeRías, ¿de onde se non?* do prezo pagado por quilo ao mariñeiro ou mariscadora, así como dun código QR que leve directamente ao apartado de trazabilidade do produto na páxina web www.deondesenenon.xunta.gal: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Votación da Proposición non de lei dos GG. PP. Popular de Galicia, En Marea, Socialistas de Galicia e Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa inclusión das enfermidades minoritarias ou raras consideradas graves e os casos deste tipo en proceso de diagnóstico na listaxe de enfermidades reflectidas no anexo do Real decreto 1149/2011, así como a introdución neste das modificacións necesarias co fin de definir o que se considera coidado directo, continuo e permanente para os efectos dunha prestación: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jaime Castiñeira Broz e sete deputados/as máis, sobre a inclusión pola Xunta de Galicia da construción modular de vivendas no seu Programa de vivenda de promoción pública: *aprobada por 38 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co feminismo galego e a convocatoria de folga de mulleres prevista para o día 8 de marzo de 2018 para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar a desigualdade de trato entre empregados públicos autonómicos fixos e temporais, conforme a doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e sete deputados/as máis, sobre a presentación pola Xunta de Galicia, no primeiro cuadrimestre de 2018, dun balance da execución do III Plan director da cooperación galega 2014-2017, a elaboración dun novo plan director para o período 2018-2021, así como a inclusión da acción humanitaria de calidade entre as súas orientacións estratéxicas: *aprobada por 38 votos a favor, ningún en contra e 33 abstencións.* (Páx. 77.)

Interpelación de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación co remate dos procesos de concentración parcelaria. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 77.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 81.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 86.)

Interpelación de D. Raúl Fernández Fernández e sete deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co Plan extraordinario de estradas do Goberno central. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pierres López (S).* (Páx. 88.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 91.)

Réplica da autora: *Sra. Pierres López (S).* (Páx. 94.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 95.)

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e seis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Interpelación de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa reforma do sistema de financiamento autonómico. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 97.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 100.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 105.)

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o contido do último informe da Comisión de Control e Seguimento do Programa Galego de Atención ao Infarto Agudo de Miocardio. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 107)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 108.)

Réplica do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 109.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 110.)

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas demandas dos traballadores da Administración de xustiza en Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 111.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 112.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 114.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 115.)

Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o coñecemento polo Goberno galego das previsións futuras do Goberno do Estado respecto dos ferrocarrís de vía estreita en Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 117.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 118.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 120.)

Pregunta de D^a Marta Rodríguez Arias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do programa Bono Alugueiro Social desde a súa posta en marcha. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 121.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 122.)

Réplica do autor: *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 123.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 124.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto do investimento levado a cabo polas administracións públicas nos últimos anos. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 126.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 127.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 128.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 129.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego respecto do balance de prexuízos-beneficios da instalación do parque eólico de Mouriños. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 130)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 132.)

Réplica do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 133.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 134.)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar a Consellería de Economía, Emprego e Industria destinadas a garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias, S.A. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 135.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 137.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 137.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 138.)

Pregunta de D. Francisco Casal Vidal e D^a Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para paliar a pobreza enerxética. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 139.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 141.)

Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 142.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 142.)

Remata a sesión ás seis e corenta e un minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos reiniciar a sesión.

Reiniciamos a sesión co punto 7 da orde do día, que se corresponde co de preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego en relación coa folga convocada para o día 8 de marzo de 2018, tendo en conta a discriminación laboral e social que padecen as mulleres

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Moi bo día.

Permítanme que hoxe empece cunha cuestión previa, porque o certo é que non podo evitar denunciar a deriva antidemocrática que vivimos. O mesmo día en que coñecemos a condena de tres anos a un rapeiro por criticar a familia real secuéstrose un libro porque fala dos vínculos entre o narcotráfico e o Partido Popular. *(Aplausos.)* A verdade é que moi alongada a sombra do financiamento irregular do PP e, señor Feijóo, vendo o que está pasando, creo que hai paseos en iate pola ría de Arousa...

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que non están o suficientemente explicados. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Á cuestión.

(Aplausos.) (Murmurios.)

¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: E hoxe preguntámoslle se considera necesario apoiar a folga de mulleres que está convocada para o vindeiro 8 de marzo. Pregúntollo porque é importante saber se o presidente da Xunta de Galiza está do lado da defensa dos dereitos das mulleres ou se vai reproducir o argumentario carca e [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.)* do Partido Popular, que, en vez de cargar contra a desigualdade, o que fai é cargar contra a convocatoria de folga. Unha folga coa que se pretende denunciar a situación de discriminación que viven as mulleres; denunciar que a violencia machista leva asasinado máis mulleres que o terrorismo

de ETA; denunciar que unha traballadora cobra 4.513 euros menos ao ano que un traballador por realizar o mesmo traballo; ou denunciar que o emprego feminino está máis precarizado e que a pobreza ten rostro de muller.

E tamén queremos denunciar nesta folga que a conciliación é unha carreira de obstáculos que cada día teñen que superar as mulleres, pero non só na empresa privada, isto tamén está pasando na propia Xunta de Galiza. *(Aplausos.)* Hoxe hai mulleres que traballan na Xunta que, cando queren pedir dereitos de conciliación, a onde as mandan é ao xulgado, porque a Xunta lles está negando eses dereitos de conciliación. Está pasando no Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. ¡Vaia ironía, señor Feijóo! Isto é o que está pasando no seu Goberno.

Pero tamén durante estes anos da crise se incrementaron as desigualdades, e a crise utilizouse como unha coartada para afianzar un modelo cada vez máis desigual. ¿E que fixo ante esta situación o seu goberno? Pois permítame que llo resuma en cinco puntos: o primeiro foi apoiar todas as reformas que minaron dereitos laborais e dereitos de conciliación; o segundo, conxelar a aplicación das leis de igualdade; o terceiro, financiar centros que segregan os nenos e as nenas en función do seu sexo; o cuarto que fixo foi recortar recursos para a igualdade e desviar unha parte deses fondos a entidades como Hijas del Divino Cielo, Religiosas Siervas de la Pasión ou Rebaño de María —en fin, eu non sei que ten que ver isto coa igualdade de dereitos das mulleres— e, por último, o que fai o seu goberno é poñer en marcha campañas publicitarias paternalistas que cousifican as mulleres.

Pero mire, señor Feijóo, as mulleres non queremos ser o máis grande de Galiza, o que queremos é que nos paguen o mesmo salario cando realizamos o mesmo traballo. *(Aplausos.)* O que queremos é que exista corresponsabilidade e que a conciliación non sexa unha misión imposible. E o que queremos é vivir tranquilas e sen medo na casa e na rúa. Por iso lle preguntou se non considera que é necesario apoiar as mulleres nesta convocatoria de folga do 8 de marzo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Perdoe un momento, señor presidente.

Vostede utilizou unha expresión que creo que non é afortunada, e eu voulle pedir que a retire. Non existe un PP [...] *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Esa é unha expresión que ofende a dignidade dun grupo, polo tanto... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, si... *(Murmurios.)* *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdoe, ata aí sei. Entón, eu pídolle... Señora Pontón, ¿retira vostede esa expresión ou non a retira?

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, eu oín... Dixo: un PP [...]. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Escoitei esa expresión. Polo tanto, queda retirada esa expresión. Vostede non a retira. E é, consecuentemente, unha chamada á orde.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

¿Por que será que a ausencia de argumentos sempre se intenta ocultar cun conxunto de insultos constantes e continuos aos que representan a maioría do pobo de Galicia? (*Aplausos.*)

Señoría, non sei de que se me acusa, pero, en calquera caso, calquera tipo de acusación que veña de vostede non me sorprende. Nós imos seguir traballando —como non pode ser doutro xeito—, en primeiro lugar, para que se cumpra o Estado de dereito; ese que a vostede non lle importa. ¡Que se cumpra o Estado de dereito!

O artigo 28 do Estatuto dos traballadores establece que é ilegal, ante postos de traballo iguais, retribucións distintas. Polo tanto, se calquera muller en Galicia está sufrindo este tipo de delito o que ten é que poñelo en coñecemento da Inspección de Traballo. E, por suposto, o Goberno e eu mesmo me poño á disposición de calquera caso que se poida producir en Galicia deste teor.

En segundo lugar, señoría, eu non veño aquí insultala, entre outras cousas, porque nunca o fixen nin o vou facer. Ao que non veño, desde logo, é a aceptarlle a vostede... (*Murmurios.*) Non veño a aceptar de vostede nin de ninguén un conxunto de falsidades, de inxurias e de calumnias.

Señoría, como os datos son suficientemente claros, permítame que lle diga cal é o esforzo da sociedade galega en relación coa diminución da discriminación laboral e social que aínda en Galicia, en España, na Unión Europea e en todo o mundo sofren moitas mulleres no ámbito tanto laboral como social. A diferenza da taxa de actividade entre homes e mulleres en Galicia é menor que en España. En Galicia hai 8 puntos de diferenza, e en España máis de 11 puntos. A taxa de paro feminino é menor en Galicia que en España; en Galicia é do 15 % e en España é de máis do 18 %. Pero o diferencial cos homes tamén é menor que no conxunto de España. O diferencial en Galicia é 1,2 puntos e no resto de España 3,4 puntos. En materia de afiliacións á Seguridade Social, hoxe hai máis mulleres cotizando á Seguridade Social que cando eu tomei posesión; é dicir, cando vostedes gobernaban había menos mulleres cotizando á Seguridade Social que hoxe. E en relación co paro, co paro rexistrado, hoxe en Galicia hai menos paro feminino que cando eu tomei posesión; é dicir, cando vostedes gobernaban había máis paro feminino en Galicia que hoxe. Eses son os datos, señora Pontón, non sei exactamente de que me está a falar.

O que si teño claro é que, por exemplo, o último Plan de emprego feminino, aprobado en xuño do ano 2017 —polo tanto, hai oito meses—, pon 100 millóns de euros para incentivar a contratación das mulleres no mundo laboral. Incrementamos, por exemplo, neste último plan un 25 % os incentivos á contratación de mulleres, pasando de 54 millóns a 65. Señoría, temos plans estratéxicos de igualdade. En toda a historia de Galicia hai 7 plans estratéxicos de igualdade da muller, dos cales un o fixo o Bipartito, outro, o Tripartito e cinco, o Partido Popular de Galicia. (*Aplausos.*)

Señorías, sobre políticas de conciliación, gustaríame falar. Mire, cando vostede estaba orgullosa das políticas de conciliación, investíanse en Galicia 40 millóns de euros; agora, que

vostede as critica, invístense 84 millóns de euros. O Bono Concilia co Bipartito non existía, o Bono Coidado co Bipartito non existía, as casas niño no rural co Bipartito non existían, as escolas infantís en polígonos industriais co Bipartito non existían. Señoría, nunca houbo tantas políticas de conciliación laboral...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...como neste momento. Lamento, señoría, que vostede si desprece a brecha salarial e social das mulleres.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, ¿por que será que cando non lle gustan os argumentos o que di é que son insultos? ¡Eu non inventei as fotos! *(Aplausos.)* E, señor Feijóo, eu non invento as súas amizades perigosas. *(Aplausos.)* Polo tanto, eu, de insultos, nada, iso déixollo a vostede, que, efectivamente, é ao que normalmente nos ten acostumbrados e acostumbradas nesta Cámara.

Volve vostede un pouco co argumentario de sempre. O señor Feijóo, con tal de ver que hai alguén que está peor que Galiza, xa está contento. E así, señor Feijóo, non imos conseguir avanzar. Porque ¿sabe do que lle estou falando? Da situación de desigualdade que viven as mulleres deste país. Estoulle falando de que temos unha brecha salarial. Quero lembrarlle que na súa primeira toma de posesión como presidente vostede prometeu nesta Cámara que ía acabar coa brecha salarial. ¿Onde están as súas medidas, señor Feijóo? ¡Nin unha soa medida neste ámbito! O que temos é máis precariedade.

Porque ¿sabe que se esconde detrás dos datos? Mulleres de carne e óso que o pasan moi mal ao longo da súa vida. ¿Sabe que detrás das súas cifras hai 98.000 mulleres que aparecen como traballadoras pero que ao longo de todo ano non gañan nin 1.800 euros? ¡1.800 euros traballando ao ano! ¿Esa é a renda coa que vostede cre que poden vivir as mulleres?

E, mire, o seu goberno é o campión en incumprir as leis de igualdade, empezando pola propia Xunta de Galiza, porque sabe que a Lei de igualdade os obriga a ter plans de igualdade dentro da Xunta para os traballadores e as traballadoras, e non hai nin un só organismo da Xunta que teña eses plans de igualdade. Pero incúmprese tamén a Lei de igualdade no traballo, incúmprese a Lei de violencia de xénero; e, desde logo, incumpre o seu goberno os dereitos de conciliación das mulleres. Ten a Xunta de Galiza ducias, señor Feijóo, de sentenzas das traballadoras do Consorcio, ás que, cando queren conciliar, se lles denegan sistematicamente os seus dereitos de conciliación. ¿E saben quen llelos está concedendo? Os xulgados deste país, señor Feijóo. *(Aplausos.)* ¿Así dá exemplo a Xunta de Galiza de como se cumpren os dereitos das mulleres, señor Feijóo? É que isto é un auténtico despropósito.

Nós o que lle propoñemos —porque está claro que este goberno en todos estes anos non impulsou nin unha soa medida a favor da igualdade das mulleres, nin unha soa medida, señor Feijóo, nin legislativa nin de impulso— é que haxa realmente unha prioridade na senda das mulleres. Xa vexo que vostede non está de acordo coa convocatoria de folga e que, como dixen na miña intervención, prefire acollerse a ese argumentario do Partido Popular que reproduce o neomachismo. Polo tanto, nós o que lle estamos pedindo é que haxa unha lei galega de igualdade salarial, que as empresas que incumpran os dereitos das mulleres non poidan contratar coa Administración pública e que cando haxa unha brecha...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...de máis do 20 % haxa que actuar nesas empresas para ver que está pasando. Queremos que haxa unha valedoría en defensa das mulleres.

E mire, leccións en materia de servizos públicos, ningunha, porque vostedes o que están facendo é privatizando os servizos públicos. E xa que tanto lles gusta falar do Bipartito, o Bipartito fixo en tres anos e medio máis centros de día...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e escolas infantís que o Partido Popular ao longo de trinta anos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señoría, de verdade que os insultos non son ningún argumento. ¡Alá vostede!, prosiga vostede con ese conxunto de insultos constantes e continuos porque, ao final, se as mulleres a escoitan, se darán conta de que vostede non as representa.

Señoría, sobre as diferenzas salariais, dado que hai que falar en serio no Parlamento sobre as diferenzas salariais, dígolle que Galicia é a sexta comunidade autónoma con menor fenda salarial do Estado. Se me di vostede se estamos satisfeitos, a resposta é que non, pero é a sexta con menor fenda salarial do Estado.

Sobre o salario medio das mulleres, dende o ano 2004 en Galicia incrementouse un 42 %. É a segunda comunidade autónoma na que máis se incrementou de España. Eses son os datos, señoría. A fenda salarial redúcese en Galicia e faino a maior ritmo que a media de España. Eses son os datos que vostede quere ocultar.

Pero se quere seguir falando vostede en serio de fenda salarial —dende logo, eu viña falar en serio disto—, non estaría mal que tiveramos en conta os salarios por hora, que é xusta-

mente como os mide Eurostat. Si, señoría, xa sei que a vostede Europa, España..., isto non lle interesa; a vostede interésalle o conxunto, cada vez máis diminuído, dos seus seguidores.

Mire, non podemos dicir que haxa equilibrio, porque non o hai. En Galicia o salario por hora das mulleres é inferior ao dos homes, un 14 %; pero na Unión Europea o salario por hora das mulleres é inferior ao dos homes nun 16,7 %. É dicir, a brecha salarial en Europa, na Unión Europea, é superior á de Galicia. *(Murmurios.)*

Señoría, xa sei que non lle interesan os países máis ricos do mundo, iso xa sei que non lle interesa, vostede vén aquí co seu evanxeo. A fenda retributiva en salarios por hora é mellor en Galicia que na Unión Europea, pero, como pode vostede imaxinar, falar de conciliación laboral, despois de que tiveran vostedes durante catro anos esa competencia, é sorprendente.

Vostedes adicaban 40 millóns de euros, nós adicamos 84; e vostedes facían moito máis, ¡sorprendente! Mire, Galicia é a comunidade autónoma de España con máis duración no permiso de maternidade de toda España. Si, señoría, 20 semanas; o resto de España, 16 semanas. Un mes máis en Galicia que no resto de España. *(Aplausos.)* Pero eses son os datos, señoría, jeses son os datos! O Bono Concilia non existía cando vostedes gobernaban; agora están sendo beneficiadas case 4.000 persoas. O Bono Coidado non existía cando vostedes gobernaban, agora destinamos máis de 2 millóns de euros. Vostedes ignoraban os lugares pequenos onde non ha lugar unha escola infantil, as casas niño no rural, como fan basicamente coas necesidades reais do país. E, neste momento, hai 310 prazas e imos finalizar o ano 2018 con 62 casas en aldeas, en parroquias.

As escolas infantís, que vostede é a que me fala diso. Cando chegamos ao Goberno, había 12.000 prazas; agora hai 23.500. Señoría, iso é un 85 % máis. ¿Pero de que me está falando aquí? ¿Estame falando de que hai unha fenda salarial? A resposta é que si. ¿De que a fenda salarial en Galicia é inferior á de España? Si. ¿De que a fenda salarial por hora de salario en Galicia é inferior que a da Unión Europea? Si. Dende logo, nós respectamos, por suposto, calquera dereito constitucional. Se vostede quere chamar a unha folga xeral o 8 de marzo, probablemente debería explicar por que non chamou nunca en anos anteriores, por que non chamaba cando vostedes gobernaban e a fenda salarial era superior, por que non chamaba cando vostedes gobernaban e a conciliación era inferior e por que non chamaba durante todos estes anos, señoría. *(Aplausos.)* ¿Por que non chamaba?

Mire, señoría, en todo caso, nós respectamos calquera dereito constitucional...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...xa sexa unha folga, xa sexa un paro, xa sexa un acto cultural, xa sexa un acto de protesta ou xa sexa unha concentración; non teña vostede ningunha dúbida, respectarémolos todos. Agora ben, a iso de calar, a iso de mirar para outro lado e a iso de dicir que agora as cousas están peor, señora Pontón, díggolle que a única cousa que está peor neste momento é o seu grupo, o BNG.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a xestión que está a levar a cabo o Goberno galego en relación cos seus compromisos con Galicia

O señor PRESIDENTE: Señor Fernández Leiceaga, cando queira.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día.

Señor Núñez Feijóo, ten vostede a miña comprensión. Eu entendo como debe sentirse, gaña por maioría absoluta e, en vez de vitorios, recibe frialdade no seu partido. A súa figura véxoa devaluada diante do Goberno do señor Rajoy. (*Murmurios.*) A fortaleza electoral amosada nas últimas eleccións autonómicas percíbese máis como unha ameaza interna, e sobresaír castígase. Pero é preferible que asuma a situación en vez de negala, porque reprimir un conflito, tentar ocultalo, está causando moitos problemas a Galicia. É hora de probar outra estratexia, de probar unha estratexia que funcione.

Fíxese, o Goberno de España asegura recentemente que vai desbloquear as proposicións de lei que parara no Congreso dos Deputados, reconece que fixo filibusterismo parlamentario, pero agora vai ter unha actitude un pouco diferente. Dese parón, saca do medio a paralización da transferencia da AP-9, primeiro problema.

Segundo problema, os datos coñecidos de execución dos investimentos do Estado en Galicia no ano 2017 indican que estamos en niveis paupérrimos, os peores despois do desastre dos catro anos anteriores. Serían os cinco peores anos de investimento executado en Galicia desde o ano 2000, en termos absolutos. Segundo problema.

Terceiro problema, señor Feijóo. Se falamos de licitacións e non de execución, Seopán, que é unha fonte recoñecida, afirma no seu último informe que o ano 2017 é o peor ano, o peor ano da Administración central en Galicia desde o ano 2000. Hai recuperación económica, hai recuperación fiscal a escala global, pero hai castigo para Galicia. Hai, en fin, marxe financeira para financiar o cupo vasco, premio á estratexia soberanista ao PNV, carbón para Galicia. Terceiro problema.

Fíxese, hai un mes o Adif anulou contratos do ano 2011 por un importe total cercano a 2.000 millóns de euros sobre comunicación, seguridade, electrificación e mantemento da liña de AVE Pedralba-Ourense-Santiago. Poden derivarse atrasos adicionais, pero o máis importante é que, se temos en conta as anulacións, o saldo do Ministerio de Fomento nos últimos catro anos para Galicia é negativo; non é que non investise, senón que o saldo é negativo, señor Feijóo. Cuarto problema.

Xa non é poñer outra meixela, é dicir que chove. ¿E a súa conselleira de Infraestruturas, que di seguir semanalmente os investimentos de Fomento, non lle dixo nada?, ¿ou si lle dixo e vostede simplemente ignorou isto e mirou para outro lado?

¿E que me di da non inclusión no corredor atlántico de mercancías? Hai dúas conexións desde Alxeciras, por Madrid e polo Mediterráneo; dúas desde Lisboa, por Coimbra e por Madrid; e para Galicia, nada. E o señor ministro dinos primeiro que non é posible cambiar ese trazado, pero despois incorpora a Zaragoza e a Pamplona, despois de incorporar a Bilbao e de darlle unha solución a Cantabria. Pero para o noroeste, nada; outro problema máis do que terá que dar algunha resposta. E poderíamos seguir con outros temas: co AVE, co Feve, coas estradas.

Señor Feijóo, permítame ir aos clásicos. ¿Até cando abusará o Goberno do señor Rajoy da nosa paciencia? ¿Até cando consentiremos que na súa cegueira continúe a defraudarnos? ¿Até cando continuará coa ousadía de discriminarnos?

¿Señor Núñez Feijóo, considera que a súa estratexia bíblica de pór a outra meixela está dando os resultados apetecidos para Galicia? ¿Non será conveniente cambiar de estratexia?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señor Leiceaga, non lle podo agradecer máis os cualificativos tan honrosos que recibo da súa introdución á pregunta. Di vostede que sobresaír se castiga. Eu creo que non. Porque, se non, non estaríamos gobernando aquí, e o que lle importa, señoría, a un candidato á Presidencia da Xunta é que a xente o vote, e o vote para seguir gobernando nada máis e nada menos que durante doce anos. Non está mal o castigo, señoría. Que me sigan castigando deste xeito, que é votándome cada vez que me presento ás eleccións polo Partido Popular de Galicia. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, é certo que vostede considerará que a miña figura no Partido Popular está devaluada. En todo caso, eu síntome tranquilo porque a súa figura dentro do Partido Socialista Obreiro Español está no máximo da cerna da súa carreira política. Señoría, dígollo sen ironía. É vostede o presidente do Partido Socialista Obreiro Español. É certo que cando vostede tomou posesión de presidente do Partido Socialista, o Partido Socialista cría na España federal, pensaba que había que facer unha reforma da Constitución cara a un modelo federal, pero a última fin de semana, en Aranjuez, vostedes seguen falando de federal, pero converteron o Partido Socialista por primeira vez na historia do Partido Socialista nun partido non federal, senón nun partido centralista: que o que se di é o que diga o secretario xeral. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Menudo currículo, señor Leiceaga, como presidente do Partido Socialista de Galicia! (*Aplausos.*)

Pero, en todo caso, señoría... Si, si, non ría; iso sábese todo o mundo...; (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) todo o mundo o sabe. Mire como se poñen nerviosos aqueles que apoian este modelo.

O señor PRESIDENTE: Señor Losada, silencio. Silencio. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, vostede fálame de investimento. Hai xentes que representan aquí a deputados..., hai deputados que representan aquí non ao pobo, senón a quen lles manda. Eu represento ao pobo, señoría, e, polo tanto, podo falar con liberdade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Miren, señorías, vostedes saben como deixaron Galicia perfectamente, como deixaron os investimentos do Estado. Esta é a curva, señoría. (*O señor presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo, ensina unha gráfica.*) Cando vostedes gobernaban, gastábanse 21.000, 22.000 millóns de euros en España en infraestruturas. O presuposto do ano 2017 foron 7.500. Isto é como deixaron España, co maior déficit público da Unión Europea e a piques do rescate.

A pesar de ter un 65 % menos de presuposto para España, en Galicia fomos quen de rematar as obras do eixo atlántico — máis de 1.100 millóns de euros —, de finalizar a autovía do Cantábrico, de que estean en obras, adxudicados ou finalizados, todos os tramos da autovía entre Santiago e Lugo e de que estean comprometidas todas as estacións intermodais. Esos son os resultados.

Fálame vostede da AP-9. Dende o 29 de xullo quedou liberada Galicia de pagar 400 millóns de euros á Administración central do Estado, que con vostedes seguimos pagando co peto dos galegos a peaxe dunha autoestrada estatal. Cando vostedes gobernaban, aplaudían un investimento do 8 % dos presupostos do Estado, e agora vostede está en contra cun investimento do 11 %. Si, señoría. Esos son os seus sorprendentes plantexamentos e deliberacións.

Por certo, acaba vostede de enunciar que se acaba de deixar sen efecto un contrato que anula as concesións privadas do mantemento da liña a Galicia en alta velocidade, e parécelle mal. Vostedes fixeron unha concesión de mantemento das liñas do Adif a empresas privadas. O Goberno central anula esa concesión por estar en contra dos intereses económicos da Fazenda estatal, e o que fai é licitala con cargo aos presupostos do Estado.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, repase vostede as cifras.

Como non teño tempo, señor presidente, os datos... (*Protestas.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. (*Murmurios.*) ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Ah!, ¿déixame? Moitas grazas. ¿Podo continuar?

O señor PRESIDENTE: Non, non, remate xa, señor presidente, cando poida.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Para entrar en debate, señor Leiceaga, e que vostede teña un turno de réplica para contradicirme, mire, dígolle que eu non vou defender as cuestións das que non participo. Pero o dato desta noite pasada solicitado ao Ministerio de Fomento para dar conta na Cámara reza así: «Adxudicacións de Fomento en Galicia no ano 2017, catro veces máis que no ano 2016. Adxudicacións de Galicia no ano 2017, a primeira comunidade autónoma de España...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...en adxudicacións, un 12,1 % do total do investimento adxudicado en España.» *(O señor Fernández Leiceaga pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Permítame concluír a... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Pero, señoría, ¿que pasa nesa bancada?

O señor PRESIDENTE: Hai nerviosismo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Pero se aínda non falei do AVE, que prometeu o ínclito, o ex-dirixente do Partido Socialista! Aínda non falei diso.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero, se seguimos así, vou ter que recordalo.

Mire, en Galicia adxudicáronse, no ano 2017, 353 millóns de euros; en toda España, 2.600. A porcentaxe de adxudicacións de obras no ano 2017 en Galicia é a primeira de España.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Estes son os datos do Ministerio de Fomento.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, señor presidente.

Antes non lle falei do AVE, por exemplo. O Ministerio de Fomento xa reconece que o trazado Taboadela-Ourense terá que agardar a mediados da próxima década, como nós dixemos desde hai tempo. ¿Ou está en disposición vostede de ofrecernos outra cifra?

E non falamos xa das restantes conexións que vostede prometeu, das que estaban previstas. ¿Ten algunha noticia positiva para Lugo, para Ferrol ou para Vigo? En fin, ¿sabe vostede que co que deixou de executar sobre o que estaba previsto nos orzamentos o Goberno do señor Rajoy nos últimos catro anos en Galicia daría para liberar de peaxes a AP-9 para sempre catro veces, ou que permitiría comprar Audasa vez e media —co que deixou de executar sobre o que estaba previsto, sobre o que el mesmo meteu nas cifras do seu orzamento—?

E hoxe sabemos que no Plan extraordinario de estradas — por certo, un modelo moi similar ao que vostede está criticando nesa adxudicación para o AVE do ano 2011—, nos 2.200 primeiros millóns que están previstos nos próximos ano e medio, non hai ningunha obra para Galicia. ¿Nada para Galicia dos 2.200 millóns? Esas son as labazadas que creo que lle están dando xustamente por sobresaír no Partido Popular, e están intentando que non teña un papel político máis sobranceiro dentro do partido.

Señor Núñez Feijóo, os efectos desta insólita actitude do Goberno central con Galicia son a curto prazo sobre a nosa economía; por exemplo, o factor obra pública —segundo BBVA Research— tivo un impacto negativo sobre o crecemento de Galicia no ano 2017. ¿Sabe cal foi a comunidade autónoma onde tivo o impacto máis positivo? Cantabria.

E non quero insistir no impacto a medio prazo sobre a competitividade das nosas empresas. O índice de competitividade rexional do ano 2017, publicado polo Colexio de Economistas, que coincide co da Unión Europea, indícanos que pasamos dun nivel medio-baixo do ano 2008 a un nivel baixo hoxe. Ese é o resumo do seu balance nestes últimos oito anos.

Señor Núñez Feijóo, o seu balance neste aspecto non é nada positivo. Vostede está sendo o mellor aliado que ten o Goberno central en relación co tema dos investimentos en Galicia. Non está cumprindo o seu papel de presidente da Xunta porque se está equivocando de estratexia. E nós dicímoslle que estamos dispostos a botarlle unha man para que exista unha estratexia común, unha estratexia común dos distintos grupos políticos que operan na sociedade galega; unha estratexia común que permita dicirlle ao Goberno central que esta situación non pode continuar, que ten que comprometerse con Galicia, desbloqueando a transferencia da AP-9, colocándonos en Europa a través do corredor atlántico de mercancías, impulsando as obras do AVE como debe ser, solucionando os problemas que existen, completando a rede e facendo algo parecido no Plan extraordinario de estradas, do que estamos ausentes no próximo ano e medio.

Este é o noso plantexamento, señor Núñez Feijóo. Se vostede o acepta, estaremos con vostede, e se non o acepta, seguirá nunha estratexia que non nos leve a ningunha parte e que non sei o rendemento que terá no plano persoal, pero, desde logo, para Galicia é unha estratexia suicida.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor Santalices.

Di vostede que non falou do AVE. Falou do AVE, pero non me estraña que vostede non falara do AVE, porque a verdade é que a historia está escrita xa; iso xa non se pode interpretar. Podemos interpretar un futuro, pero, dende logo, a historia xa é incuestionable. Do futuro pode opinarse. Pero mire, na historia, coa señora Magdalena Álvarez, do «Plan Galicia de me...» empezaron vostedes. Empezaron deste xeito cando empezou a gobernar o señor Rodríguez Zapatero. Nesta Cámara tiven ocasión varias veces de dicirlle ao meu colega ex-presidente da Xunta que o estaban enganando —vostede era portavoz— cando dicían que o AVE entraba en Galicia no ano 2010. Despois empezaron a dicir, a finais da lexislatura, que o AVE entraba en Galicia no ano 2012. Despois veu un ministro un pouco máis sensato e aceptou comigo que o AVE entraría no ano 2015. Despois, cando deixaron a España ao bordo da quebra e tivemos que baixar de 21.000 millóns de euros de investimento a 7.500, pactamos que o AVE chegara no ano 2018. E despois chegou o ano de: «*El no es no*», non hai presuposto, non hai novas partidas... Ano 2016, en branco e, efectivamente, o AVE chegará a Galicia o próximo ano.

Eses son os datos, señoría. Non teña dúbida de que no caso de que o AVE non chegue a Galicia no próximo ano, o primeiro que se vai levantar aquí dicilo son eu. Ningún problema, señoría. Pero é certo, e entendo o nerviosismo dalgún deputado, non o seu, dalgún deputado do Partido Socialista, porque a hemeroteca é contundente, e volvo reiterar: «*Abel Caballero anuncia la alta velocidad para 1993*» (Aplausos.) —señoría, sendo ministro de Obras Públicas—. ¿Verdade, señoría, que se en 1993 tiveramos AVE vostede e eu non estaríamos falando disto? ¿Verdade, señoría, que non se lle pode enganar a toda a xente todo o tempo? ¿Verdade, señoría, que non debe falar o Partido Socialista en Galicia do tren de alta velocidade? (Interrupcións.) (Murmurios.)

Non, señoría, non, non... (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Escolla un tema mellor, pero do tema do tren de alta velocidade en Galicia...

O señor PRESIDENTE: Señor Losada, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...de verdade que vostedes non poden falar.

Mentíronlle tanto á xente que agora, señor Leiceaga, aínda que vostede sexa un portavoz responsable, simplemente, sobre o AVE, lle recomendo que non fale moito.

Mire, señoría, fálame vostede dun plan de estradas extraordinario. Pero ¿sabe vostede que o Plan de estradas extraordinario necesita os presupostos xerais do Estado para a súa aprobación? ¿Vostede vénme ofrecer un pacto para aprobar os presupostos do Estado ou vénme

ofrecer un pacto para seguir boicoteando os presupostos do Estado no ano 2016, no ano 2017, no ano 2018 e seguintes? E agora, señoría, a proposta é: non lle aprobamos o presuposto e, en consecuencia, vostedes non poden gastar, en consecuencia, vostedes son os responsables de que non se gaste.

Mire, señor Leiceaga, non insulte a intelixencia porque vostede é moito máis intelixente que o papel que lle fan facer.

Mire, aquí hai un ministro que vén a Galicia cada tres meses dar contas; aquí hai un ministro, señorías, que non lle mentiu a Galicia. ¡Xa era hora! ¡Xa era hora, señoría! E o compromiso do AVE é que cheguen o próximo 2019 trens en proba entrando en Galicia dende Madrid. Ese é o noso compromiso.

Pero, señor Leiceaga, dígollo con absoluta cordialidade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...mire, obxectivamente, este goberno de España cumpre con Galicia moito máis que calquera outro goberno anterior, considerando a contía dos presupostos do Estado e considerando o bloqueo institucional que está a sufrir España, entre outras razóns pola irresponsabilidade do Partido Socialista.

En Galicia, señoría, hai criterio, primeiro punto, hai voz e hai votos. Criterio, voz e votos. E, polo tanto, sentiríame moi incómodo se tivese que defender un goberno do señor Rodríguez Zapatero e a señora Magdalena Álvarez...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non o farei nunca. O que si lle digo, señoría, é que estes non son datos meus, son datos de Fomento, que terá que explicalos, pero, evidentemente, eu na Cámara traslado os datos de Fomento. Se non son certos, haberá que pedir responsabilidades, eu o primeiro. Os datos do Ministerio de Fomento de onte pola noite din que Galicia é a primeira comunidade autónoma en adxudicacións de obra no ano 2017. Este é o dato.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre o horizonte temporal da política de propaganda que está a levar a cabo o Executivo galego en relación coa súa acción de goberno

O señor PRESIDENTE: Señor Villares, cando queira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días.

Grazas, señor presidente.

Señor Núñez, agradecemos que queira vostede aquí falar de enganar a xente. Terá oportunidade de contestar sobre os seus propios enganos e os do seu goberno ao conxunto da poboación de Galicia nesta pregunta que lle facemos.

Mire, precisamente a semana pasada a Fiscalía de Medio Ambiente do Tribunal Superior de Xustiza dicía nun informe que non hai nada de tramas incendiarias, que non hai nada de terrorismos incendiarios, e, polo tanto, pensamos que vostede agora ten a obrigaón ou desde logo vai ter a oportunidade de explicar o porqué de campañas como esta que realizou durante o mes de outubro de 2017, onde se gastaron 80.000 euros en anunciar a bombo e platillo a existencia de tramas e de terrorismos incendiarios. Así, en plural, de terrorismos. Queremos saber se, unha vez que a Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza dixo que non había nin tramas nin terrorismos incendiarios, van vostedes facer outra campaña institucional pagada nos medios de comunicación desmentindo esa información para saber tamén en que se basearon para construíla.

¿Poderá explicarnos iso? Seguramente non poderá explicárnolo; polo tanto, En Marea farao por vostede.

Vostedes foron incapaces de xestionar unha catástrofe, unha catástrofe ambiental cos recursos dispoñibles, e pensaron que era moito máis fácil xestionar a opinión pública que xestionar cos recursos dispoñibles a catástrofe, e por iso, durante o domingo negro da vaga de lumes, vostedes decidiron en primeiro lugar ocultar a información, decidiron poñer unha TVG a funcionar, a repetirnos o *Luar* unha e outra vez, o *Land Rober*, a poñernos *Galicia en goles*, para que a xente non se enterase do que pasaba. Pero si, a xente sabía o que pasaba porque case un millón de galegos percibiron polos seus propios sentidos que era o que estaba acontecendo. Non coou. E como non coou, idearon outro plan, o de botarlle a culpa a alguén; xa que non podían ocultalo, polo menos botarlle a culpa a alguén. E, entón, inventaron unha campaña na que creaban un inimigo exterior e común para eximirse vostedes de toda responsabilidade.

¿Cal foi o problema? Que veu a Fiscalía agora a desmontarlle os seus argumentos. A Fiscalía vén de confirmar que non hai terrorismo incendiario, que non hai trama, que o que había era unha tremoia do Partido Popular de propaganda para ocultar a súa propia ineficacia, a súa propia ineficiencia e a súa incompetencia á hora de xestionar unha catástrofe. Pero a tremoia era de cartón pedra e ardeu cos lumes. A Fiscalía desmontoulle esa tremoia e, polo tanto, quedaron vostedes en evidencia, coa súa incapacidade de xestionar os recursos dispoñibles, de coordinar os efectivos e de protexer a poboación. O peor de todo é que foron incapaces de protexer o seu país, e, polo tanto, unha vez que quedaron ao descuberto, decepcionaron. Decepcionou que non fosen capaces de xestionar os recursos dispoñibles, decepcionou que vostede non puidese comparecer na televisión pública o domingo para dar explicacións, decepcionou que utilizasen a TVG para manipular a información pública e decepcionou que non fosen posteriormente capaces de xestionar este sinistro. Pero, sobre todo, o que decepcionou foi a mentira, utilizar a dúas das vítimas enganándoos con causas falsas para facer oculta a súa verdadeira situación, que era a incapacidade para xestionar a crise.

A pregunta é clara: ¿cre vostede que con propaganda pode borrar o seu fracaso como gobernante?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Non me sorprende, certamente, que vostede na súa pregunta utilice como teor literal criticar o Goberno pola súa propaganda —di— e pola súa ineficacia. É curioso, señor Villares.

Se quere saber de propaganda e ineficacia, debería pasar vostede, en calquera das súas múltiples asembleas, a botar unha ollada do que pasa por alí. É certo que ás asembleas das Mareas de Podemos vostede, a moitas delas, non está invitado, pero debería pasar por alí para saber se estamos falando de propaganda e de ineficacia. *(Aplausos.)*

Propaganda e ineficacia é, señoría, dicir un conxunto de cuestións que vostede... ¡Se lle dá igual! ¡Que máis dá! Se agora xa ultimamente, desde hai algún tempo, vostede o rigor xa non o utiliza como criterio. *(Risos.)* Debe ser o guión do seu conxunto de partidos.

Mire, señoría, di que eu non comparecín nas televisións. ¡Se vostede hai uns meses me criticaba porque toda esa noite me pasei falando en todas as televisións...! *(Risos.) (Aplausos.)* ¡En todas as televisións! En todas as televisións que quixeron contactar comigo.

Mire, señoría, di vostede que o informe da Fiscalía di... Sen embargo, o que nós lemos é que a Fiscalía vai emitir ese informe en abril, e vostede xa sabe o que di o informe da Fiscalía en febreiro. *(Algunhas señoras deputadas e algúns señores deputados: ¡Ooooooh!) (Murmurios.)* ¡É moi sorprende, señoría! Evidentemente, será porque vostede ten acceso a informes que nós non temos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Terceira consideración, señoría. Quen decidiu investigar se había trama ou non non foi este goberno, nin sequera este goberno o solicitou; quen decidiu investigalo foi a Fiscalía Superior de Galicia. Pregúntelle á Fiscalía Superior de Galicia por que investiga o que simplemente non existe e é un disparate.

Señoría, ¿por que di vostede tantas cousas que non son verdade? O *Diario de Sesións* está aquí. Xamais falei de trama incendiaria... *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Señor Lago! ¡Señor Lago!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Se lle dá igual!

O señor PRESIDENTE: Non, señor Lago, iso é inapropiado dun deputado. ¡Por favor! Estamos no Parlamento ¡eh! Esa expresión... Non quero chamalo á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se o que pretende o señor Lago é dar leccións de coherencia, equívocase de sala.

Mire, señor Villares, reitero, *Diario de Sesións*, consulte. Si falei de «terrorismo incendiario» —e insisto—... Si, si, si, de «terrorismo incendiario». Insisto, insisto, de «terrorismo incendiario». Vostede debería saber, se recorda algo, que non é necesaria unha trama para cometer actos de terrorismo. Pódese cometer un acto de terrorismo de xeito individual sen conectar con ninguén.

Polo tanto, os lumes en Galicia feitos de madrugada, os máis de 300 lumes en 48 horas feitos de madrugada, de forma continuada e constante, aproveitando un furacán que pasaba por Galicia, son actos de terrorismo incendiario. Reitéroo na miña responsabilidade como presidente da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

Xa sei, señoría, que vostede ten un sentimento distinto do país ca min, sen dúbida, pero eu, cando vexo que ao meu país o queren queimar, aproveitando un furacán, aproveitando os lumes de forma continuada, en horarios de madrugada, durante as 48 horas concretas, señoría, iso é inadmisibile, diga o que diga quen o diga.

O que si me sorprende, señoría, é que vostede me fale da Fiscalía. ¡Alá vostedes! A Fiscalía dirá o que considere oportuno, porque aquí hai un estado de dereito, e, eu, como presidente da Xunta, asumirei todos aqueles informes que diga a Fiscalía...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...por suposto, pero o que non podemos cambiar, señoría, é que houbo máis de 300 lumes, cando os helicópteros non podían voar, aproveitando o impacto do furacán Ophelia que pasaba polas costas galegas, e o que non podemos, señoría, é ocultar que houbo lumes intencionados de forma continuada e constante. ¡Alá vostede a quen protexe, señoría! Eu non teño ningún compromiso máis que cos galegos.

E, por certo, señoría, dado que vostede ten ese informe, ¿podía darme copia?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Fala vostede de rigor, cando fala de terrorismo. ¿Quere falar de rigor? Si, falemos con rigor.

Mire, vostede dixo que eses eran —e acaba de ratificalo nesta Cámara— para vostede actos de terrorismo; díxoo. De feito, dixo o 19 de outubro que, como eran actos de terrorismo, vostede collería e indemnizaría as vítimas como vítimas de terrorismo. Realmente o que fixo foi xogar coa dor das vítimas e facer propaganda.

¿Quere rigor? Voulle dar unha lección de rigor. (*Murmurios.*) Mire, aquí ten o *Boletín Oficial do Estado*. A Lei 29/2011, no seu anexo I, establece cales son as indemnizacións ás vítimas de terrorismo. E, en caso de falecemento, son 250.000 euros, e nos de grande invalidez, 500.000 —*Boletín Oficial do Estado*—.

Diario Oficial de Galicia, do día 30 de outubro de 2017, despois das súas afirmacións, ratificadas nesta Cámara: «As vítimas do terrorismo recibirán 75.000 euros no caso de falecemento e de incapacidade permanente absoluta». O rigor escríbese no *Boletín Oficial do Estado*, señor presidente. Vostede fixo propaganda falando de terrorismo, e hoxe volveuno reivindicar aquí, volveu dicir que as vítimas serían tratadas como vítimas de terrorismo, pero, desde logo, da súa propaganda aos seus feitos hai un tramo moi grande. Ningunha vida se pode pagar con ningún diñeiro, pero, cando vostede fai unha aseveración e cando vostede adquire un compromiso, ten que cumprir coa cidadanía de Galicia, non pode mentir, non pode enganalos e moito menos nun tema tan sensible como é xogar coa dor das vítimas, coas vítimas e con toda a sociedade galega, ¡con toda a sociedade galega! (*Murmurios.*)

Foi a xustiza, neste caso a Fiscalía, a que os desmontou a vostedes unha vez máis, a que desmontou a súa tremoia, a que lle quitou as cores ao Partido Popular, á xustiza, e por iso vostedes non queren que a xustiza funcione ben, por iso vostedes están interesados en que continúe o conflito da xustiza. Onte mesmo, en Lugo, foi suspendido un xuízo contra o alcalde de Barreiros, imputado por corrupción; si, do Partido Popular; si, por corrupción; si, por corrupción urbanística. ¿Isto era o que querían vostedes?, ¿o colapso da xustiza para que non se puidesen seguir os casos de investigación por corrupción contra o Partido Popular... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...con máis condenados por corrupción, como sucede, por exemplo, co alcalde de Palas, condenado por prevaricación e por acoso a unha funcionaria, aos que vostedes manteñen no poder co apoio do Partido Popular? (*Aplausos.*)

Déixense de escusas e resolvan a folga da xustiza conforme os criterios que estableceu por unanimidade esta Cámara. Acepte as súas reivindicacións.

É unha cuestión, non salarial, senón de servizo público, é unha dotación de prazas para que a xustiza funcione mellor, é non discriminar a traballadores que estaban facendo o mesmo traballo que outros e é non roubarlle á xente cando enferma, que vostedes lles están quitando a metade do seu salario. (*Murmurios.*) Si, ademais, tamén é recuperación de dereitos salariais. Explíquelles vostede, non soamente ás funcionarios e aos funcionarios de xustiza, explíquelles a todos os funcionarios e explíquelles a toda Galicia por que vostede se sobe o soldo un 7,5 %, a vostede e a todo este goberno, mentres lle recorta dereitos aos funcionarios. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¿Por que? ¿Por que para os traballadores e traballadoras sacrificios e para o Goberno beneficios?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitísimas grazas.

Agradézolle que non discutira vostede que os actos de terrorismo poden cometerse de forma individual, sen trama, porque vostede o que vén ratificar, efectivamente, é o que acabo de dicir.

Si, si, agora fáleme vostede das indemnizacións das vítimas do terrorismo. Mire, señoría, ¿estaría vostede de acordo en consideralas como tal? ¿Si, ou non? (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, señoría... Perdón, señoría, que fixera esta pregunta, porque o de atrás non está de acordo e vostede si. Iso é normal dentro do seu grupo... (*Risos.*) Iso é normal dentro do seu grupo, señoría. (*Aplausos.*)

Pero... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Non entrara no debate vostede. ¿Para que entrou no debate? Non, non; non hai nada. Non, non; non se referiu a vostede. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Está no debate o señor Villares. ¿Para que entrou vostede? Esa é a complicación.

Prosiga, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Señoría, pero se somos galegos! ¡Discutamos como galegos! A ironía existe. (*Risos.*) Non debe preocuparse vostede, non sería a primeira vez; é cada quince minutos, señoría. As contradicións dentro do seu grupo son consubstanciais co seu grupo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pero prosigamos. A primeira vez que hai indemnizacións con cargo aos presupostos da Xunta de Galicia en caso de vítimas dos lumes é esta vez, ¡esta vez! A primeira vez en toda a historia da comunidade autónoma. A primeira vez, ¡esta vez! Houbo tamén falecementos noutros momentos e con outros gobernos, e non se indemnizou a ninguén. A primeira vez que se indemniza as vítimas é esta vez.

Segunda reflexión. O Goberno quere incluír dentro dos supostos das penas permanentes revisables os incendiarios que causen danos con lumes intencionados. Vostedes están en contra. Cando se comproba que un incendiario dun lume de forma intencionada causa resultado de morte, ¿parécelle a vostede que iso merecería unha pena permanente revisable? A nós si.

Señoría, a policía e as forzas e corpos de seguridade do Estado puxeron á disposición dos xuíces máis de 200 persoas neste ano sospeitosas de lumes forestais. Esa é a obriga do poder executivo e das forzas e corpos de seguridade do Estado. A partir de aí entra, señoría, o Estado de dereito e as súas garantías.

Vostedes trouxeron a un experto climático á Comisión de Lumes, e o experto climático dixo que o que ocorreu naquelas horas foron circunstancias excepcionais e extraordinarias. Ese experto climático dixo que o lume era incontrolable para calquera dispositivo con calquera número de efectivos. Vexo que os expertos do seu grupo son bastantes máis serios que o grupo que o propón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, se quere falar vostede en serio, falemos en serio. Agora resulta que vostede se erixe en enlace sindical do comité de folga da xustiza. ¡Alá vostede! Non me estraña xa nada *(Risos.)* Pero a negociación desde a racionalidade e o sentido común sempre estivo presente nas organizacións sindicais. Eu sigo crendo nas organizacións sindicais; nalgunhas máis que noutras, por suposto. Pero o que si lle digo é que neste momento debería vostede dicirlles, dado que é enlace sindical, que en Galicia se cobra máis que na media das comunidades autónomas do Estado coa proposta que teñen enriba da mesa; todas as persoas que traballan na xustiza, todas.

Nos corpos de xestión, Galicia está entre as 9 comunidades onde máis se cobra. En tramitadores, entre as 8 comunidades onde máis se cobra e en auxilio, entre as 6 comunidades onde máis se cobra. En Valencia, en Cataluña, en Aragón e no conxunto de comunidades autónomas cóbrase menos que en Galicia. ¿Por que non se está de acordo?

Señoría, o incremento das retribucións do persoal de xustiza, se prosperan os acordos da Mesa Xeral da Función Pública, que están nestes momentos sentados en Madrid, suporía aproximadamente entre un 9 % e un 10 % nos próximos tres anos. ¿Vostede pode dicir a calquera traballador galego que ten garantido un incremento dos seus salarios entre un 9 % e un 10 % nos próximos tres anos? *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, onte, nesta sala, escoiteille un conxunto de disparates nada máis e nada menos que a unha deputada do seu grupo; de que se o Goberno cobraba ou non cobraba. Señoría, o Goberno cobra menos que esa deputada do seu grupo, todos no seu conxunto. O presidente da Xunta cobra menos que a deputada dese grupo que onte veu aquí falsear e calumniar, *(Murmurios.)* ¡Se este goberno cobra menos ca vostede como portavoz do seu grupo, señoría! *(Aplausos.)* ¿Pero de que están falando? ¿De que están falando, señoría? Hai que ter dignidade, e non enganar a xente, señoría. O Goberno non cobra un pataco máis do que cobraba, e o Goberno non está disposto a aceptar nin calumnias nin inxurias de ninguén.

E por iso, señoría, lle digo: mire, non sexa vostede... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Se ten posibilidades de rectificar, señoría!

Ten vostede tanta coherencia como unidade interna: ningunha. E ten vostede tanta solidez nos seus principios, como solidez no seu liderado: ningunha.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Silencio, por favor. (*Pausa.*)

Estaba dicindo que imos debater unha proposición non de lei.

Proposición non de lei dos GG. PP. Popular de Galicia, En Marea, Socialistas de Galicia e Bloque Nacionalista Galego sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa inclusión das enfermidades minoritarias ou raras consideradas graves e os casos deste tipo en proceso de diagnóstico na listaxe de enfermidades reflectidas no anexo do Real decreto 1149/2011, así como a introdución neste das modificacións necesarias co fin de definir o que se considera coidado directo, continuo e permanente para os efectos dunha prestación

O señor PRESIDENTE: O debate —como saben—, ao ser unha proposición non de lei asumida por todos os grupos, consta dun tempo de cinco minutos para cada grupo.

Comeza o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Traemos, efectivamente, a debate unha proposición non de lei que nos foi trasladada pola Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas, por Fegerec, que se reuniu cos grupos políticos con representación neste Parlamento. Cando se reuniron con nós para trasladarnos a iniciativa, naquela ocasión Carmen, Paca e Sabela trasladáronnos que tiñan moito interese en que fora unha reivindicación conxunta, que fora unha reivindicación sen protagonismos; que tiñan moito interese en que fixeramos un esforzo en chegar a un acordo e traela todos os grupos. Eu hoxe quero parabenizarvos porque conseguistes que nos puxeramos de acordo e que traíamos hoxe aquí, conxuntamente, esta iniciativa.

Efectivamente, é unha iniciativa xusta e que fai xustiza a unha necesidade. O que reivindica é que, efectivamente, no ano 2011 aprobouse o Real decreto lei 1148, que recoñece unha prestación económica destinada ás/aos proxenitores, adoptantes, acolletores ou incluso titores nalgúns casos, que reducen a súa xornada de traballo para coidar a menores afectados por cancro ou enfermidades graves, e o obxectivo é compensar a perda de ingresos que sofren as nais ou os pais ao ter que reducir a súa xornada pola necesidade de coidar de maneira directa, continuada e permanente dos seus fillos ou fillas a cargo. As nais ou pais con nenos

nesta situación acceden a unha prestación económica para reducir a súa xornada de traballo ao menos nun 50 % para o coidado dos menores.

E se ben este real decreto constitúe un importante punto de partida para as familias cunha menor ou un menor afectado por unha enfermidade grave, esta norma xurídica incorpora nun anexo ao real decreto unha listaxe pechada daquelas doenzas que dan dereito á prestación, facendo que nos atopemos ante unha norma moi restritiva e insuficiente, xa que deixa fóra toda aquela doenza que non apareza reflectida nesta relación; unha relación de 109 doenzas. Entón, estámonos encontrando cun número moi importante de negacións ás peticións de persoas que se queren acoller ao establecido neste real decreto e que se encontran cos rexeitamentos por parte das mutuas.

¿E cales son as razóns deste rexeitamento? Pois o de non ter unha diagnose para poder acollerse. Unha falta de diagnose que no caso que nos ocupa, das enfermidades raras, é unha barreira en moitos casos infranqueable, porque as estimacións son que no mundo pode haber arredor de 7.000 ou 9.000 enfermidades catalogadas como raras que en moitos casos non teñen diagnose; en Galiza pode haber arredor de 200.000 persoas con algún tipo de patoloxía catalogada como rara; no caso do Estado español non hai un rexistro e no caso de Galiza empeza a habelo, pero á data de hoxe non hai ese rexistro. É evidente que hai moitas persoas que realmente teñen unha doenza grave pero que non teñen unha diagnose e non están en ningún catálogo. Co cal, ter esa diagnose é unha barreira infranqueable para poder presentar como requisito para acceder a esa prestación.

E logo a seguinte cuestión é a interpretación que se fai da necesidade de coidado directo, continuado e permanente do menor. Entón, están sobre todo as mutuas facendo unha interpretación tremendamente restritiva. A primeira é que desaparece esa condición, desde a súa interpretación, cando se inicia a etapa escolar e se acode ao centro educativo, o cal, dende logo, parece un despropósito. O segundo é que exixen un ingreso hospitalario de longa duración, cando todos sabemos que en moitos casos non hai ingreso hospitalario mais si que hai unha doenza grave e unha necesidade de coidados. Logo tamén hai a exixencia de que os coidados se continúen prestando no tempo e deben ser necesariamente de tipo médico, cando tamén sabemos que hai toda unha serie de prestacións, como as de fisioterapia ou outro tipo de prestacións, que non son necesariamente de tipo médico, pero que necesitan ese coidado directo, continuado e permanente. E logo tamén estaría o tema de que a extinción de prestacións faise...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...—remato xa, presidente—ao cumprir estritamente os 18 anos, co cal é evidente que é unha cuestión legal, pero que ao cumprir os 18 anos non necesariamente hai unha recuperación, co cal estamos diante dunha cuestión que nos parece moi de xustiza que se revise.

A iniciativa que hoxe traemos aquí é a ampliación do listado das enfermidades contempladas no anexo deste real decreto e a inclusión no listado actual, así como que os casos graves que estean en proceso de busca de diagnóstico se teñan en conta. Igual que que se faga unha in-

terpretación do que é coidado directo, continuado e permanente, xa que é evidente que isto que acabo de relatar non parece lóxico que estea así.

Eu, dende logo, parabenízome de que teñamos este acordo unánime, e agardo que non caia en saco roto de quen ten logo que tomar a decisión...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...que é o Congreso dos Deputados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día.

Hoxe, indubidablemente, boa parte os grupos políticos deberíamos celebrar os acordos; os acordos sempre son un motivo de celebración. Neste caso, dende o Grupo Socialista parabenizamos a todos os grupos políticos que están de acordo con esta iniciativa e cremos que é un bo día para, entre todos, sentar unhas bases para posibles acordos sobre situacións que modifican a vida das persoas. Nós, dende a nosa perspectiva, saben vostedes que tiñamos presentada unha iniciativa previamente sobre esta cuestión, pero parécenos unha grandísima iniciativa que a fagamos conxunta, por iso celebramos esta posibilidade.

Creo que todos debemos recoñecernos os uns aos outros algunhas cousas boas e tamén algunhas que creo que debemos mellorar, e é un bo día para mencionalas. E oxalá esta iniciativa teña continuidade en dúas vías. Unha, nos acordos que se poidan ter nos eidos que sexan necesarios. E, outra, para que neste mesmo senso, neste mesmo punto, este acordo se prolongue alá onde ao final se teñen que tomar as decisións, que é no Congreso dos Deputados e a través do Goberno de España. Cremos que é unha boa oportunidade e agardamos que todos os grupos que hoxe aquí estamos de acordo ao final esteamos —estamos convencidos de que será así— á altura das circunstancias.

Diciamos que son ás veces pequenas modificacións legais, pero as pequenas modificacións legais moitas veces supoñen grandes pasos persoais. Ás veces os que estamos aquí debatemos e lexislamos sobre cuestións que ás veces nos parecen textos. Pero os textos legais aportan dereitos e aportan recoñecemento de oportunidades, e iso modifica a vida das persoas de maneira enorme.

Vostedes coñecerán, seguro —pudérono ler e pudérono seguir como puidemos nós—, algúns casos persoais, porque as realidades teñen persoas detrás. E nós queríamos hoxe trasladar aquí, traer aquí a esta tribuna, dentro de todos os casos que se poidan ver, axudados

por esta modificación que agardamos que finalice ben, o caso de Julia. Julia —que é un pre-ciso nome— é o nome dunha rapaza de 6 anos cuns pais maravillosos. Uns pais que hoxe están aquí e aos que lles agradecemos todos, dende logo, que sexan quen de facer algo que incluso é precioso, que é detectar as gretas do sistema e ensinarnos que temos que ser máis áxiles, máis rápidos, máis eficientes. Andrés e Inés, que son un exemplo de dedicación, o único que reivindicán é que as normas cambian vidas, e que ás veces hai que entender moito máis alá da legalidade: hai que entender o espírito das normas.

Esa é a reivindicación que todos comprendemos que está detrás desta petición: ir ao espírito das normas. Porque o espírito é o que defende basicamente os dereitos das persoas. É imposible, imposible, imposible recoñecer todas as situacións a través dun texto legal, sempre existirá algún espazo, e aí é onde está a política. A capacidade da política de interpretar realmente, en vontade dos dereitos das persoas, as realidades. A capacidade de acompañar as realidades e facelas máis completas. A capacidade de liderar procesos, incluso de transformarlos como hoxe, de maneira pequena en termos legais, pero enorme en termos humanos, e podemos facelo a través desta iniciativa. Para iso está a política, para transformar e para contribuír a dar vontade legal e transformación legal aos anhelos, aos desexos das persoas, que moitas veces son unicamente dereitos.

Julia probablemente saberá co tempo que ten uns pais maravillosos que a nós nos ensinan que isto que facemos transforma vidas, e é importante que sexamos conscientes de que esas vidas se transforman a base de acordos coma estes. Por iso dende o noso grupo queremos celebrar o acordo.

Este acordo ten, dende o noso punto de vista, tres obxectivos. Un, o puramente legal: modificar o real decreto. Agardamos —como dicimos— que todos esteamos á altura das circunstancias; nós sabemos que poderá ser posible. Logo, recoñecer que a legalidade ten espazos baleiros; recoñecer que non todo é papel, que sen legalidade non hai sistema e que o sistema é o que dá cobertura e dereitos. Pero non só existe a lei, hai algo máis alá que é a vontade, entre todos, de construír, con base na lei, un estado que recoñeza eses dereitos e que poida dar oportunidades. E, en terceiro lugar, a necesidade que temos de ser, evidentemente, máis áxiles, máis rápidos. Existen exemplos de persoas cun esforzo encomiable, cunha vontade que é moi difícil de entender —para os que non temos fillos é imposible de entender, por moito que o intentemos—, que a vontade desas persoas sexa un exemplo cada vez máis pequeno porque a política sexa quen de facer esas transformacións máis rápido do que algunha xente se poida empeñar benevolmente en dicir que hai que transformar.

Polo tanto, dende o noso grupo queremos agradecer a todos os que fixeron posible esta iniciativa; a todos os grupos que a apoian; aos voceiros, que indiscutiblemente non tiveron ningunha dúbida e que se mobilizaron todos; a todos aqueles que o fixeron posible, e especialmente —se me permiten— agradecérllelo a Andrés e a Inés, para que saiban que, de vez en cando, a política pode dar algunhas vantaxes e recoñecer algúns dereitos. Que son dereitos, e, por tanto, non son da política nin dos que estamos aquí, senón que son das persoas para as que gobernamos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Benvidas e benvidos.

Unha cuestión previa. Lembrarlle á persoa que lle prepara os discursos ao presidente que xa non estamos no franquismo e que non hai enlaces sindicais, senón que hai delegadas e delegados sindicais. (*Aplausos.*)

Pois, efectivamente, como se trasladou aquí, as persoas con enfermidades raras son persoas que teñen moitas necesidades que non son cubertas pola Administración, que se amparan nos coidados e no traballo das familias, e, polo tanto, son moi relevantes os dereitos que se outorgan para que esas familias poidan exercer o coidado desas persoas; coidado que en moitas ocasións necesitaría máis apoio por parte da propia Administración.

Como se ten trasladado, calcúlase que, segundo os datos que ofrece Organización Mundial da Saúde de prevalencia e de incidencia das diferentes enfermidades raras, poderíamos ter entre 200.000 e 300.000 casos en Galicia das diferentes enfermidades raras diagnosticadas ata o momento, e incluso, seguramente, moitas aínda sen diagnosticar.

Por suposto, o noso apoio á Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas —coa que tamén nos reunimos, igual que o resto de grupos parlamentarios—, que nos trasladou a discriminación que supón o texto do Real decreto 1148/2011, ao ter unha grande imprecisión en canto á definición de enfermidade grave e ao non incluír nesta listaxe de enfermidades que aporta o propio real decreto moitas enfermidades raras que agora mesmo quedarían fóra, e, polo tanto, coa imposibilidade de poder acceder a algunhas das prestacións e ao subsidio que recoñece o propio real decreto, e algúns outros dereitos que concede o Goberno en función da pertenza ou non a esa listaxe.

Evidentemente, como nos teñen trasladado tamén e fixeron referencia —e supoño que tamén ao Grupo do Partido Popular— os integrantes da federación, aquelas persoas, aqueles nenos e nenas que aínda están en fase de seren diagnosticados e diagnosticadas, que durante un longo período están pendentes dos coidados da familia, sen embargo, ao non estar catalogados e diagnosticados en ningunha destas enfermidades, tampouco poden acceder aos dereitos contidos no real decreto. Polo tanto, o que se solicita é de xustiza. Eu alégrome tamén de que hoxe o vaíamos sacar por maioría absoluta e o vaian apoiar os catro grupos, evidentemente, é unha proposta conxunta. E aproveito a intervención, a pesar de agradecer a todos os grupos, incluído o grupo maioritario, que tamén ten a sensibilidade de apoiar esta iniciativa, para advertir de dúas circunstancias. A primeira delas, que unha proposición non de lei, que ademais vai dirixida ao Goberno central, é «gratis». Gratis entre comiñas, enténdase. O que hai que facer agora é exixirlle ao Goberno central que cumpra e que se trate na Comisión interterritorial de Sanidade, e que isto non quede nunha mera proposición non de lei que se aproba nesta Cámara, senón que se faga efectivo o que aquí se aproba.

Todas e todos sabemos que non hai obrigatoriedade, desgraciadamente, do cumprimento das PNL, polo tanto, ten que existir o compromiso non só de todos dos grupos, senón que me refiro fundamentalmente ao grupo maioritario porque é o que sostén o Goberno, de que isto se traslade ao Goberno central e que se faga efectivo no menor tempo posible.

En segundo lugar, señoras e señores deputados, hai unha circunstancia que non compete na iniciativa pero que ten moita relación e é moi relevante, que é a investigación clínica, que é o I+D+i. Estamos falando tamén no que ten que ver coa Lei de saúde e con esa dependencia dos intereses privados. Non vou facer aquí debates sobre a reforma da Lei de saúde hoxe, pero é unha necesaria reflexión. Cando se perde a investigación pública, pérdese a universalidade, o interese comunitario que ten que supor a investigación en materia de saúde. O problema das enfermidades raras en moitas ocasións, e tamén do resto, é que se dependen en boa medida da beneficencia ou da caridade ou dos intereses das empresas, en moitas ocasións hai moita dificultade para que se saquen adiante estudos clínicos que avancen no tratamento, na prevención, na detección e no diagnóstico. Polo tanto, é simplemente un apuntamento relevante que hoxe non está dentro da iniciativa, pero que tamén é necesario ter en conta.

Nada máis, moitas grazas. E agradecer e felicitar o traballo da federación, entendendo que sen ela, evidentemente, non é posible.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Quería comezar dando a benvida ás persoas de Fegerec que nos acompañan na tribuna. Grazas polo voso traballo. Sen ese traballo sería imposible traer hoxe esta iniciativa a este Parlamento.

Quero agradecer tamén a dispoñibilidade do voceiro e das voceiras dos outros grupos parlamentarios por aceptar esta presentación conxunta, entre todos, que nos demandaba a propia federación.

Falar na última quenda ten o problema de que se poden repetir as cousas, pero eu quería reiterar que unha enfermidade rara catalógase como tal polo número de casos. En Europa fálase de enfermidade rara se hai menos de cinco casos por cada 10.000 habitantes.

De calquera xeito, hai moitas enfermidades. Fálase de arredor de 7.000 coñecidas, e incluso se di que pode estar afectado un 7 % da poboación; co cal, se aplicamos esta estatística, saen as cifras que se dixeron aquí, ata 3 millóns de persoas a nivel de España.

Desde logo, calquera de nós, en calquera momento da nosa vida, pode sufrir unha enfermidade rara. Teñen, efectivamente, un diagnóstico difícil. Calcúlase que a media de diagnóstico ronda os cinco anos, aínda que hai moitísimas que non teñen diagnóstico. A ciencia avanza, pero non todas se poden diagnosticar.

¿Este atraso que produce? Produce ausencia de tratamento, produce erros no tratamento e produce tamén agravamento da enfermidade. A Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas representa a moitas asociacións de familiares e doentes de distintas patoloxías, e pediunos a todos os grupos que presentamos esta iniciativa para solicitar do Goberno do Estado que modifique o Real decreto 1148/2011, referido á prestación económica de coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave.

A situación actual é considerada inxusta por Fegerec, aínda que recoñecen, efectivamente, que o decreto constituíu un importante punto de partida para as familias cun neno ou nena afectado por unha enfermidade grave. O real decreto incorpora nun anexo unha listaxe pechada daquelas enfermidades que dan dereito á prestación, o que provoca que queden fóra do mesmo moitas enfermidades raras ou pouco frecuentes, coa gravidade suficiente para xerar esta prestación, pero que non pode ser recibida polas súas familias por non estar incluída esa patoloxía na listaxe do real decreto.

De igual xeito, tamén se ten dito aquí que hai menores que están en proceso de diagnóstico de cadros graves de enfermidades pouco frecuentes que tampouco teñen dereito a recibir esta prestación por coidado para os seus familiares, que teñen que reducir o seu horario laboral para prestarlles axuda.

Fegerec considera que o elemento fundamental para valorar o dereito á prestación contemplada no real decreto deberíase basear prioritariamente en desenvolver criterios que definan que son os coidados directos, continuos e permanentes que se citan no decreto, sendo a persoa responsable do centro, unidade ou servizo médico quen valore as circunstancias de cada caso concreto en atención ás diferentes necesidades do mesmo.

Non deberían establecerse directrices de carácter xeral e de aplicación universal diante da multiplicidade e variedade de consecuencias existentes, inclusive en casos co mesmo diagnóstico. Hai xente con esclerose múltiple que pode facer unha vida normal e xente con esclerose múltiple que ten unha afectación moi grave. Ou tamén diante da inexistencia deste mesmo diagnóstico, que é unha circunstancia que sabemos que está presente en moitos casos de enfermidades raras e crónicas. Por iso Fegerec insiste no segundo punto desa proposición non de lei en que se especifique que se entende por coidados directos, continuos e permanentes. Consideran que un desenvolvemento máis amplo da norma podería reducir de xeito significativo os longos procesos de reclamación administrativa, ou inclusive xudicial, ao proceder a unha homologación de criterios entre todas as partes implicadas neste tipo de procedemento.

Ademais de todo o exposto, parécenos un momento moi axeitado para a solicitude desta modificación ao Goberno de España diante da nova aparecida a pasada semana co gallo da celebración do Día Internacional do Cancro Infantil. O presidente Rajoy vén de anunciar a

mellora da prestación da Seguridade Social que facilita o coidado dos fillos e fillas enfermos; é dicir, a modificación deste decreto. Este compromiso foi ratificado tamén polo secretario de Estado de Seguridade Social durante un acto organizado nesa data pola Asociación de Pais de Nenos con Cancro.

O Goberno vén de anunciar a ampliación da cobertura da prestación para pais de nenos e nenas con cancro ou outras enfermidades graves que reducen a súa xornada laboral, de xeito que cubra tamén os períodos que precisen para o coidado domiciliario do menor, e non soamente para o tratamento hospitalario.

Avanzou tamén a ampliación do catálogo, de 110 enfermidades incluídas a día de hoxe, a 3 máis: a epidermólisis bullosa, o Síndrome de Smith Magenis e o Síndrome de Behçet.

É neste punto onde cremos que se podería incluír a solicitude que hoxe facemos de xeito unánime e conxunto desde o Parlamento de Galicia: a ampliación da listaxe das enfermidades contempladas no anexo, incluíndo enfermidades minoritarias graves e casos de gravidade en procesos de busca de diagnóstico, e a definición do que se entende por coidado directo, continuo e permanente.

Reiterar novamente o agradecemento a Carme, Paca e a todas as persoas de Fegerec que nos acompañan hoxe e que nos fixeron chegar esta solicitude de iniciativa. E a todos os grupos polo apoio unánime e a presentación conxunta desta proposición non de lei, que consideramos importante para as persoas enfermas e as súas familias e para acadar a súa toma en consideración por parte do Goberno de España.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Interesante debate, felicito os portavoces e tamén os promotores que hoxe nos acompañan. Foi un bo acordo.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Prezas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co feminismo galego e a convocatoria de folga de mulleres prevista para o día 8 de marzo de 2018 para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias

O señor PRESIDENTE: Esta proposición non de lei ten unha emenda que presenta o Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir defendendo a igualdade da muller no eido laboral a través de medidas como:

- Promover as reformas legais oportunas para que a Xunta poda defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller

- Promover, fortalecer, consolidar e dinamizar o movemento asociativo feminino como elemento clave do cambio de valores e da transformación necesaria para avanzar na igualdade real e efectiva por razón de xénero, con especial relevancia no ámbito rural para visibilizar e pór en valor o papel das mulleres na mellora da calidade de vida, do asentamento da poboación e da dinamización do territorio en termos de igualdade e sustentabilidade.

- Dar resposta ás necesidades de conciliación das familias galegas, sempre dentro do fomento da corresponsabilidade no fogar entre pais e nais, mediante o impulso da rede de infraestruturas para nenos e nenas de 0 a 3 anos, a posta en marcha de novas prazas en escolas infantís da rede pública, a ampliación do programa Bono Concilia e a posta en marcha de novas casas-niño no rural

- Intensificar a labor da Inspección de Traballo e Seguridade Social e demais accións de promoción contra a fenda salarial e pola igualdade efectiva no traballo, ao abeiro do plan Emprega en Feminino.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señorías, sobran os motivos. Este podería ser o titular que resumira por que as mulleres deste mundo tamén desde Galiza imos dar este 8 de marzo un paso adiante na defensa dos nosos dereitos e marcar un antes e un despois protagonizando unha folga que será unha mobilización histórica.

Foi a antropóloga e feminista mexicana Marcela Lagarde quen acuñou a expresión «velo da igualdade». Fíxoo en referencia a esa falsa igualdade na que con frecuencia cremos vivir todos e todas, porque sabemos que o sistema patriarcal, alimentado polo neoliberalismo, está perfectamente adestrado para agochar e prolongar as desigualdades, normalizalas e crear unha ficción de igualdade na que se perpetúa. Porén, a nada que nos poñamos as lentes lilas e analicemos un pouco a realidade, é evidente que, aínda recoñecendo todo o conquistado nas últimas décadas, queda moito por avanzar en absolutamente todos os planos da nosa vida: no laboral si, pero tamén na esfera do coidado e do consumo.

Por iso a que se aveciña non é unha folga máis ás que estamos acostumbradas no plano laboral, senón que pretende transcender, e con moito, o ámbito estritamente laboral, tamén para romper esa asociación entre traballo e emprego, e chegando tamén ao ámbito dos coidados e do consumo.

Fronte á consolidación dese espellismo da igualdade, onde hipocritamente cada 8 de marzo se converte nunha data xa ritual, na que institucións e responsábeis políticos e unha parte

da sociedade lavan a conciencia con declaracións de intencións máis que con accións concretas, este 8 de marzo as galegas imos contribuír a dar un golpe na mesa e liderar unha conmemoración que sexa diferente, que sexa transformadora e que terá, sen lugar a dúbidas, un punto de inflexión.

Se ollamos a historia, podemos comprobar facilmente como ningunha conquista veu determinada pola casualidade. Todas e cada unha desas conquistas que desfrutamos hoxe en día son froito do esforzo das que nos precederon, tamén o dereito das mulleres que estamos aquí nesta Cámara representando ás galegas e galegos e tendo dereito a voto. Iso foi conquistado tamén por mulleres valentes que no seu día romperon os corsés sen pedirlle permiso a ninguén.

Esta folga é outro esforzo colectivo que ten o seu impulso tamén en feitos importantes e recentes da historia colectiva recente das mulleres, que non debemos esquecer polo seu carácter absolutamente excepcional. Entre eles, dúas históricas mobilizacións a finais de 2016: unha en Polonia, contra o endurecemento da súa lexislación do aborto nesa vaga conservadora que asolaga toda Europa, e a outra tamén en Arxentina, un dos países que teñen uns índices máis altos de feminicidios e que a través do movemento «Nin unha menos», despois do brutal asasinato de Lucía Pérez, impulsou unha greve. Para Lucía e para todas e cada unha das mulleres asasinadas neste mundo, vaia tamén o noso recoñecemento, lembranza e homenaxe. (*Aplausos.*)

Xa no 2017 desde Latinoamérica se impulsou unha folga de mulleres que foi collendo máis adhesións ao longo do planeta; un feito sen precedentes na historia da humanidade que fixo que desde aquí, desde Galiza, os movementos sociais e sindicais feministas traballaran nos últimos meses por sumar o noso país de cara a este 2018 para ter unha mobilización efectiva e histórica en lugar de algo meramente simbólico e trasladar esa convocatoria tanto ao consumo, como aos coidados, como ao ámbito laboral.

Historicamente sabemos que despois dunha expansión nos dereitos das mulleres chega sempre unha fase de regresión, e desde Galiza, neste momento histórico onde o que algunhas denominan nova misoxinia atopa novas formas de opresión disfrazada desa teórica libre elección, neste momento onde o impacto da crise económica veu para quedar en forma de precariedade e afectarnos sobre todo a nós, as mulleres, neste momento onde tamén a recentralización do Estado español impide que desde o autogoberno galego poidamos evitar a consolidación deste marco, entendemos que neste momento histórico as mulleres galegas temos a responsabilidade, e tamén esta Cámara, de quitar esa carauta da pseudoigualdade e traballar para combater as múltiples discriminacións que vivimos polo feito de sermos mulleres.

Por iso, esta folga responde a esa responsabilidade neste momento histórico e chama a parar en todos os ámbitos. E insistimos, sóbrannos os motivos. Só por repasar algunhas das cuestións, poderíamos sinalar, por exemplo, na esfera do consumo, como a lóxica patriarcal e capitalista se alían e aumentan a creación de necesidades, aumentan o custo dos produtos destinados para mulleres con esa coñecida como «taxa rosa». Só por poñer un exemplo, un comparador de prezos ou marcas *on line*, «Idealo», analizou máis de 120 produtos co-

ñecidos como fragancias, colonias e demais no Estado español. ¿E saben vostedes cal foi a conclusión? Pois que aquelas que estaban destinadas a público obxectivamente conceptualizado como feminino tiñan un prezo de ata un 7 % máis; máis do 60 % das fragancias que analizaron tiñan un suplemento simplemente polo feito de destinarse ás consumidoras femininas.

Poderíamos falar tamén da imposición de modelos corporais, estereotipos imposibles de cumprir que afectan a saúde e a autoestima das mulleres, ou tamén da promoción dos roles machistas a través de cuestións tan elementais como os xoguets das crianzas. Calquera de nós podería entrar nunha xoguetería comercial e ver como Fisher price, unha marca moi coñecida, vende bloques de construción diferentes para nenos e para nenas. Algo tan elemental como amarear pezas de bloques xa vai introducindo desde a máis tenra infancia unha conceptualización baseada na bioloxía, que vai introducindo diferenzas.

Temos razóns tamén de sobra no ámbito dos coidados. Unha parte fundamental dos procesos que sosteñen a vida e que fan que o mundo xire acontece nos nosos fogares, e maioritariamente, e máis despois da crise económica, sobre o lombo das mulleres. Nais, avoas, fillas e coidadoras todas elas dedican, dedicamos, horas e horas das nosas vidas para que o mundo continúe, sen que ninguén compute ou remunere ese traballo. Por exemplo, cómpre recordar que un dos poucos estudos que existen sobre isto, a Conta satélite da produción doméstica, do Instituto Galego de Estatística, sobre o 2008, desvela, desvelaba e estimaba para 2008, que aproximadamente ese traballo, ordinariamente non computado, tería un valor do 50 % do PIB galego. E tamén estimaba que eramos as mulleres as que dedicabamos o dobre de horas que os homes.

E insisto, este dato é xa sobre o 2008, pero esa década de crise económica impactou moi negativamente nesta situación. Por iso, non é de estrañar que sexamos nós, as mulleres, as que maioritariamente protagonicemos as excedencias por coidado de fillos ou familiares e tamén as xornadas parciais. 22.500 mulleres declaran traballar a tempo parcial para o coidado destas tarefas, mentres que só o fan por ese motivo 1.100 homes. E a pesar de que o módulo da EPA destinado ao coidado de fillos e relación laboral só se introduciu no 2010 —o que dá idea tamén da invisibilización desta situación—, os datos dan unha clara idea das enormes diferenzas na asunción de responsabilidades. Por exemplo, se miramos cantas persoas entre 16 e 64 anos deixaron o traballo sen considerar a fórmula das excedencias, pois temos como foron 14,56 mulleres fronte a 1,77 % homes; sete veces menos. E tamén nos di que moitas delas declaran que esa decisión vén derivada da falta de servizos de coidado ou do prezo deses servizos. Polo tanto, hai unha responsabilidade directa na Xunta de Galiza, que é a administración que deba subministrar eses servizos básicos.

Quédame pouco tempo. Polo tanto, vou ir rematando.

Quero insistir en que esta é unha situación que recae fundamentalmente sobre as mulleres e que tamén temos razóns de sobra no eido estritamente laboral, pois, segundo o último informe publicado, por exemplo, polo persoal técnico de Facenda, Gestha, a fenda salarial para o noso país é dun 28,7 %; máis de 4.000 euros menos ao ano para as mulleres simplemente porque somos nós quen acumulamos maior temporalidade, maior parcialidade

e maior precariedade laboral. Tamén a taxa de paro das mulleres é maior cá dos homes, e dende que goberna o señor Feijóo incrementouse en ata cinco puntos, un incremento por riba do 42 %.

Insistimos tamén noutra cuestión absolutamente relevante para nós. Ademais de sufrir as consecuencias das reformas laborais do Goberno central, lesivas para a clase obreira, e a desatención da Xunta de Galiza e do Estado en políticas laborais a prol da igualdade, as mulleres galegas tamén sofren a inexistencia dun marco laboral de relacións propio que nos permita blindar as profesións netamente galegas e feminizadas, como é o caso da conserva. Todo isto, mentres os poderes públicos desatenden as súas funcións. Só por poñer un dato, un 0,1 % das multas de inspeccións laborais do 2017 foron por cuestións de xénero e de discriminación, unha cifra absolutamente vergoñenta.

E tamén esta convocatoria pretende poñer o acento sobre que as mulleres queremos unha vida sen medo e sen violencias. Só cos datos do Ministerio do Interior, dos nove primeiros meses de 2017 —que son os que están dispoñibles—, dános un saldo dunha violación denunciada con penetración á semana; junha á semana!, e só estamos falando daquelas que foron denunciadas. ¡Cantas outras moitas quedan en silencio!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Remato xa.

O noso país ten unha fonda historia de mulleres fortes e que marcaron historia para defender os nosos dereitos, desde Rosalía de Castro —a quen homenaxearemos o próximo sábado, 24 de febreiro—, a mulleres como as das Encrobas, e outras loitas máis recentes, como a de todas esas mulleres que plantaron cara ao home máis rico do mundo protagonizando a folga de Bershka.

Polo tanto, este Parlamento e as mulleres deste país temos que estar á altura neste momento histórico e sumar voces a favor desta folga, que marcará un antes e un despois, e traela tamén a debater a esta Cámara, porque aínda que temos que tomar as rúas o próximo 4 de marzo e o próximo 8 de marzo, tamén é hora de que cuestións coma esta protagonicen os debates nesta Cámara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, debatemos hoxe unha resolución que propón que o Parlamento de Galicia exprese, en primeiro lugar, o recoñecemento do feminismo galego e, en segundo lugar, o apoio da convocatoria de folga de mulleres do próximo 8 de marzo.

Sucede, señorías, que o manifesto que dá orixe a esta folga mezcla cuestións ideolóxicas que entendemos que non son as máis axeitadas para defender o feminismo e moito menos a consecución da plena igualdade. Pódense ler cousas como: «*Nosotros convocamos para quebrantar los privilegios de una sociedad patriarcal, capitalista, racista y heteronormativa*». «*Las guerras son producto y extensión del patriarcado y del capitalismo*». «*Gritamos contra el neoliberalismo salvaje que se impone como pensamiento único*».

Semella, señorías, que o obxectivo é defender o feminismo atacando o capitalismo, obviando, por exemplo, a limitación de dereitos que sofren as mulleres en moitísimos países como Cuba, Venezuela, Corea do Sur, Afganistán ou a República Popular de China, que, cun goberno comunista, é un dos países que máis discrimina as mulleres.

Falaba a señora Presas da violencia sexual. En China cinco activistas que propoñían, que estaban plantexando —estaban simplemente plantexando— unha protesta polos abusos sexuais no transporte público, foron encarceradas, cun goberno comunista. Polo tanto, señora Presas, o sistema patriarcal non só esta alimentado polo capitalismo. (*Aplausos*.)

Despois da análise da convocatoria, dende o Grupo Parlamentario Popular non podemos respaldar a folga convocada polos seguintes motivos. Primeiro, é unha folga que aposta polo enfrontamento entre mulleres e homes, e só alcanzaremos a igualdade dende a unidade e a corresponsabilidade entre mulleres e homes, (*Aplausos*.) porque a igualdade non é só unha cousa de mulleres, é un asunto de todos, e mentres non incorporem os homes ao coidado, á corresponsabilidade e ao traballo doméstico, señora Presas, dificilmente acadaremos a plena igualdade.

É unha folga elitista e insolidaria. É insolidaria coas mulleres autónomas, porque non poden pechar a súa empresa; é insolidaria coas mulleres que prestan coidados, porque non poden deixar de coidar as persoas que coidan, porque, se non, ¿quen llo vai facer?, ¿vostede, señora Presas?, ¿os do Bloque Nacionalista Galego?

É unha folga irresponsable, porque é unha frivolidade e unha irresponsabilidade trasladar a unha folga xeral a violencia de xénero, sobre todo tras o acordo maioritario entre as forzas políticas, administracións públicas, sindicatos e asociacións de mulleres no Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Aquí, en Galicia, todas as forzas que formamos parte desta Cámara aportamos un documento con medidas para incorporar ao Pacto de Estado que aprobamos por unanimidade. Romper esa unidade pretendendo que na folga se visibilice un problema que, efectivamente, hai, tamén lle digo que non é ese o xeito máis axeitado agora mesmo de defender as mulleres que sofren violencia de xénero, señora Presas. Porque, mire, é unha irresponsabilidade o que fan vostedes continuamente, que é trasladar ás vítimas de violencia de xénero que non hai recursos para atendelas. Cada día, cada momento, cada vez que vostedes falan de igualdade, din que non hai recursos para esas mulleres. Escoitámolo aínda a semana pasada, na Comisión de Igualdade. Si, señor Presas, vostede estaba alí, e vostede sabe que toda esa xente que pasa por esa comisión, moitas persoas que pasan por alí —e vostedes apoian esas verbas— din que as mulleres non teñen recursos para a violencia de xénero, e iso é absolutamente falso.

Lémbrolle, señoría, que nin sequera os colectivos organizadores están de acordo en como materializar esa reivindicación da igualdade. Hai colectivos que respaldan a convocatoria unicamente para mulleres, folga xeral, 24 horas, piden parar o mundo e chaman ás mulleres a secundar un paro no consumo, nos coidados da casa e na educación, algo que vostede acaba de apoiar aquí. Outros respaldan só o paro xeral de 24 horas e outros, como UXT ou Comisión Obreiras, respaldan paros parciais de dúas horas por turno para mulleres e homes.

Nos medios de comunicación atopamos titulares moi dispares: «*Los sindicatos descafeinan la huelga feminista del 8 de marzo*». «*Las enfermeras no irán a la huelga feminista del 8 de marzo; priman los pacientes*». Señorías, nun colectivo profesional tan feminizado como as enfermeiras, que non acudan á folga do 8 de marzo, é absolutamente sorprendente, señorías.

Nós coincidimos cos SATSE en que só coa folga non se resolven os problemas, e os paros e folgas deben ser o último recurso. Defendemos a reivindicación e traballamos diariamente pola consecución da igualdade a través de políticas públicas e da empregabilidade. O 8 de marzo no PP celebraremos os logros conquistados, e asumimos o compromiso de eliminar as barreiras que aínda atopan as mulleres para acadar a igualdade real no seu día, xerando emprego —hoxe case o 30 % de mulleres que abandonan o paro en Europa son españolas—, e o da promoción da muller no ámbito laboral.

Pedía a señora Presas o compromiso da Xunta coa conciliación. Esqueceuse, señoría, do que lle explicou o señor presidente esta mañá na pregunta. Xa sei que non lles gusta, pero o Bono Coidado, o Bono Concilia, as escolas en polígonos industriais, os centros de día para maiores, as casas niño, máis axudas ás familias... Iso, iso, o Partido Popular. Vostedes, cando gobernaban, non tiñan esas medidas, ¿É certo que hai que poñer máis? Seguramente, pero non digan vostedes que non hai recursos e que a Xunta non está apostando pola corresponsabilidade.

Remato xa, explicando a miña emenda. Nós non apoiamos esta folga polos motivos que acabo de expoñer, pero respaldamos, apoiaremos e axudaremos a visibilizar os retos que nos quedan por conquistar, e seguiremos reivindicando a igualdade de oportunidades, facendo propostas en positivo, propostas que melloren a situación das mulleres. Por iso presentamos esta emenda, con medidas concretas que favorezan cuestións como o acceso ao emprego en igualdade, o fortalecemento do movemento asociativo, especialmente no rural, a posta en marcha de novos recursos para a conciliación da vida persoal e laboral, a intensificación do labor da Inspección de Traballo e da Seguridade Social, para rematar con esas dificultades que teñen as mulleres, precisamente con esa fenda salarial, porque en España xa é ilegal que unha muller cobre menos que un home, pero hai que denunciálo, e nós pedimos que a Inspección de Traballo intensifique ese labor.

Tamén presentamos na emenda unha iniciativa que é pedir que a Xunta de Galicia exerza a acusación particular nos delitos de discriminación consecuencia da maternidade da muller. Aos responsables políticos, señoría, non nos piden que nos solidaricemos cos problemas da cidadanía, que tamén, pídennos que poñamos enriba medidas políticas e medidas reais para resolvelos. Participando nunha folga que ten unha evidente vontade partidista e ideolóxica non melloraremos a situación das mulleres.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

O Partido Socialista é o partido da esquerda feminista. Recoñecémonos nos diferentes logros que, ao longo dos gobernos socialistas, se teñen acadado no noso país en materia de igualdade de xénero, pero á vez tamén nos concirne o camiño que aínda temos que recorrer para erradicar o machismo que segue impregnando todos os ámbitos da nosa sociedade. Non pode haber unha sociedade verdadeiramente democrática se non somos capaces de eliminar os comportamentos e as actitudes machistas que atentan contra máis da metade da poboación.

O machismo, froito do patriarcado máis rancio e máis prexudicial para as mulleres, esténdese en todos os ámbitos, dende o familiar, social e laboral, ata a máis cruenta das manifestacións, como a violencia de xénero que se exerce cara ás mulleres.

Unha sociedade libre de machismo é o noso obxectivo e unha das nosas señas de identidade. Por isto, e con motivo da conmemoración do 8 de marzo, dende o PSOE novamente nos posicionamos para un verdadeiro cambio social que supoña unha profunda transformación estrutural no que as mulleres sexan protagonistas e copartícipes de todo.

O socialismo sempre se ten situado á vangarda das políticas de igualdade, e neste país, e neste sentido no ámbito laboral, temos feito unha aposta firme e contundente a través da nosa proposta no Congreso de leis sobre brecha salarial e sobre igualdade laboral; leis que pretenden dar resposta e contribuír a eliminar as diferentes situacións de discriminación que teñen as mulleres no acceso ao emprego, á promoción laboral, na fenda salarial, xunto á precariedade e á temporalidade, entre outras cuestións que conforman a columna vertebral da desigualdade laboral das mulleres.

Neste senso, sumámonos ás accións marcadas polos dous sindicatos maioritarios, UXT e Comisións Obreiras, apoiando a proposta de paro laboral de 2 horas na xornada do día 8 de marzo como unha medida de concienciación e reivindicación ante a situación xeneralizada de desigualdade laboral que teñen as mulleres e ante todas as desigualdades que afectan a condición de ser muller no noso país, porque as mulleres teñen padecido e seguen padecendo en maior medida as consecuencias da crise, porque as mulleres teñen de ganancia media anual preto de 6 puntos menos con respecto aos homes, porque a taxa de actividade das mulleres é aproximadamente 10 puntos menor que a dos homes, porque a taxa de paro das mulleres está catro puntos por enriba da dos homes, porque o traballo a tempo parcial nas mulleres representa aproximadamente un terzo máis que o dos homes, porque a fenda salarial se sitúa de media nun 23 % en detrimento do salario das mulleres, porque a taxa de emprego das mulleres se reduce co maior número de fillos fronte á dos homes, que aumenta, porque as pensións das mulleres son en menor contía que as dos homes.

Por todas estas razóns, e en definitiva porque a pesar dos avances en política de igualdade aínda persisten graves discriminacións de xénero e estereotipos de carácter sexista que impiden ás mulleres participar en igualdade de condicións, este 8 de marzo e todos os días do ano débennos facer reflexionar ao conxunto da sociedade sobre a realidade que teñen as mulleres no noso país e sobre de que modo contribuímos desde os distintos ámbitos políticos, institucionais e de goberno a establecer as medidas necesarias para modificar esta realidade. Porque non se conseguirá o progreso social se non se recoñece o talento e a capacidade das mulleres nos diferentes ámbitos da sociedade, así como a súa contribución ao desenrolo económico e social do noso país.

Por todo isto, é urxente abordar por lei medidas para erradicar as discriminacións históricas que teñen condicionado e condicionan a vida das mulleres, en especial todo o relativo ao emprego e á vida laboral.

O compromiso do Partido Socialista está coas mulleres, e de aí que neste 8 de marzo sigamos reivindicando e apoiando o papel fundamental das organizacións de mulleres e o feminismo político. O 8 de marzo non pode ser e non será simplemente unha data máis de conmemoración dun día internacional, é e será unha data histórica e clave na loita do feminismo, e para o Partido Socialista e para millóns de mulleres no mundo esta data é ante todo unha xornada de loita, de sensibilización e de concienciación ante o conxunto da sociedade; concienciación do camiño que hai e que aínda temos que recorrer para conseguir a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, e concienciación que está claro que algúns grupos temos, pero que outros, como o Partido Popular, nin teñen nin se lles espera. Por todo isto, apoiámos firmemente esta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pierres.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, bo día.

A verdade é que hoxe a señora Prado superou todas as intervencións que eu penso que escoitamos nesta Cámara. É difícil facer máis demagogia e retorcer dunha maneira máis burda os argumentos que aquí se expuxeron para facer folga.

Só dous apuntes e despois vou centrarme no que é verdadeiramente importante.

Hai moitas enfermeiras que pararán. Eu son enfermeira e teño moitas compañeiras que podon asegurarlle que pararán este 8 de marzo. A irresponsabilidade non é de ningunha deputada, nin de ningún movemento, nin de ningunha asociación, que... (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben e amosa un escrito.*) —déixeme falar, que vostede xa tivo turno de palabra—. A irresponsabilidade non é da xente que denuncia os recursos insuficientes, a única irresponsabilidade é da xente e dos gobernos que non poñen eses recursos á disposición das mulleres vítimas de violencias machistas (*Aplausos.*) Esa é a verdadeira irresponsabilidade.

E se queren implicar os homes na corresponsabilidade, se queren implicalos, entón, deixen de facer vídeos como o da Tarxeta Benvida, onde as únicas que aparecen coidando son as mulleres. ¿Así é como queren implicar a corresponsabilidade?, (*Aplausos.*) ¿facendo vídeos onde as únicas coidadoras son as mulleres? Esa é a corresponsabilidade do Partido Popular.

Pero, como dicía, o que é fundamental e do que toca falar hoxe é de que nós, por suposto, apoiaremos esta proposta. A folga feminista do 8 de marzo vai ser unha mobilización moi importante. E é importante destacar que na vangarda desta mobilización quen está é o movemento feminista, e vai todo o recoñecemento, como tamén mencionaba a señora Presas, a todas esas mulleres que levan moitos anos loitando.

Hoxe preguntábase o presidente por que faciamos este chamamento este ano e non outros anos. Isto é totalmente falso. Hai moitas mulleres que levan moitos anos mobilizándose e denunciando o que temos que padecer as mulleres polo mero feito de ser mulleres; o que pasa é que este ano temos máis forza, e iso realmente é o que lles molesta, o que lles preocupa, que cada vez somos máis as mulleres que non nos imos conformar con vivir nun mundo atravesado polas desigualdades.

Por iso este ano faremos folga, e, como xa comentaba tamén, o ano pasado tamén paramos, e moitos anos anteriores estivemos nas rúas mobilizándonos e denunciando.

As declaracións feitas tanto pola señora Prado, como polo señor Feijóo, como pola señora Cifuentes, que falaba das razóns fundadas que había para facer esta folga, máis alá do desgaste político, son un insulto porque hai moitísimos motivos que non teñen nada que ver co desgaste político de ningunha organización política. É un insulto cara a todas as mulleres que seguen traballando, cobrando menos por facer os mesmos traballos que os homes. Estas son as razóns fundadas, moitas foron mencionadas.

¿Parécelle que é pouca razón que as mulleres sigamos tendo traballos máis precarios, que traballemos máis horas, que traballemos dentro e fóra da casa, que o 20 % das mulleres asalariadas galegas traballen a tempo parcial e os homes menos dun 6 %? E non é por elección persoal, senón que é por obriga. E traballamos fóra con peores condicións, pero sobre todo traballamos dentro de maneira moi maioritaria, e seguimos asumindo o traballo de coidados.

E disto vostedes non falan, falan da corresponsabilidade. ¿Pero que valoración fan de que aproximadamente o 70 % do traballo de coidados sexa realizado única e exclusivamente por mulleres? ¿Parécelles suficiente razón para parar que as mulleres teñamos unhas pensións un 38 % máis baixas que os homes? A nós parécenos que estas son as razóns que verdadeiramente nos chaman a mobilizarnos este 8 de marzo. Non hai ningún tipo de desgaste político a unha organización política. Estamos fartas de seguir traballando por salarios cos que moitas veces non se poden nin satisfacer as necesidades materiais máis mínimas.

Nós queriamos tamén recoñecer este traballo, que, como se comentaba tamén, é invisible e non está valorizado. Hai que pór en valor todo ese traballo, porque sen el nin os servizos públicos, nin sequera a nosa propia vida, seguiría desenvolvéndose con normalidade.

Por iso a nós a emenda do Partido Popular e as intervencións parécenos unha burla, e máis que unha burla, case un insulto. Podíamos imaxinalo escoitando, como dicía, as declaracións recentes, non só da señora Cifuentes, tamén de Rajoy, e tamén tras o debate da Lei de igualdade retributiva presentada onte, pero realmente parécenos unha vergonza que sigan retorcendo desta maneira os argumentos, porque as razóns, como digo, son moitísimas.

Pero, en realidade, entendemos que non apoiem esta folga, porque é verdade que esta folga tamén impugna as políticas de recortes aplicadas nos últimos anos; tamén as impugna. Entón, claro, esta folga vai tamén contra os gobernos que levan moitos anos mirando para outro lado ante unha situación de extrema desigualdade. Paramos tamén porque queremos decidir sobre o noso corpo, e o Partido Popular non quere que as mulleres decidamos de maneira libre sobre cando ou non abortar, e queremos abortar tamén na pública. Entón, en realidade, ten moito sentido que non apoiem esta folga feminista, pero non digan que defenden a igualdade, porque tamén un dos motivos desta folga é facela por todas as que xa non están. Nos últimos dezanove anos, 62 mulleres foron asasinadas en Galicia, e seguiremos berrando, por suposto: «¡querémonos vivas!»

Os motivos son moitísimos. O desgaste político non é o que move as mulleres a parar este 8 de marzo. Este 8 de marzo o que queremos pór sobre a mesa e o que se vai pór sobre a mesa, queiran ou non queiran, é que, se as mulleres paramos, o mundo para.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Quixera comezar agradecendo, dunha banda, ao grupo de En Marea e ao grupo do Partido Socialista o seu apoio a esta iniciativa, e aproveitar tamén que temos voz neste momento para lanzar un agradecemento e un recoñecemento —sobre todo un recoñecemento— a todos e cada un dos colectivos feministas ao longo do país, (*Aplausos.*) que están traballando polo éxito tanto da convocatoria do 4 de marzo en Vigo —que estamos convencidas de que será un éxito, como foi aquela histórica mobilización contra a contrarreforma do aborto tamén en Vigo—, como tamén a todos os colectivos que están a traballar polo éxito desa folga do 8 de marzo. Porque, independentemente de que nós como organización política temos a nosa relación bilateral con algúns deles en particular, malia as diferenzas, entendemos que é importante a heteroxeneidade de suma que están facendo, que esa será a clave do noso éxito e de que consigamos avanzar colectivamente.

Sobre as cuestións que argumentaba a voceira do Partido Popular, que foron diversas, ¡home!, pois é unha pena que cando o señor Feijóo visitou China non se acordara da situación das mulleres chinesas. (*Aplausos.*) Nós acreditamos que o patriarcado, efectivamente, se dá en absolutamente todos os sistemas económicos, en absolutamente todos os contextos, pero é que se dá a casualidade de que estamos en 2018, en Galiza e no capitalismo, e o debate un pouco empírico-intelectual xa está na fase de se é innato ao ser humano ou de se é biolóxico. Efectivamente, nós compartimos a reflexión de que está en todos os sistemas económicos, pero o que debería preocuparlle é o país que vostedes gobernan.

E si, descubriron novamente a pólvora desde o Partido Popular, porque hai ideoloxía, claro, porque cando vostedes impuxeron desde o Estado esa contrarreforma da Lei do aborto para coartar ese dereito, non era ideoloxía, iso era que se espertou un día alguén no Partido Popular e demais. (*Aplausos.*) Iso era ideoloxía, e tamén era, afortunadamente, ideoloxía, organización, resposta e capacidade popular, cando o feminismo conseguiu impulsar mobilizacións históricas en todo o Estado que fixeron que vostedes tiveran que rectificar. Pois terán que rectificar —lamento dicírllelo— con moitas máis cousas nos próximos anos.

Encántame, tamén, o argumento de que está todo tan ben que, claro, as coidadoras non van poder ir á folga. ¿Pero non se decatan vostedes de que iso é un síntoma? ¿De que precisamente que o peso recaia sobre tantas coidadoras é un síntoma e que o que debería preocuparles é que vostedes mesmos atribúan a responsabilidade de que sería unha irresponsabilidade por parte delas ir á folga para elas mesmas é tamén un síntoma?

Non quixera tampouco deixar de facer mención a unha cuestión que vostede dicía, que era o pacto de Estado. É que precisamente para o BNG o pacto de Estado é un argumento máis para ir á folga. Porque, mire, pasou máis de medio ano desde que o asinaron, e tiñan un prazo de dous meses para implementar cambios lexislativos, ¿e cantos van? ¡ce-ro! Cero cambios lexislativos. (*Aplausos.*) ¿E canto orzamento hai sobre a mesa? (*Aplausos.*) ¿O orzamento executado? ¡Ce-ro! ¡Cero! Valeulle este pacto para un señor ministro para anunciálo antes de que se aprobase e para lavar a cara, única e exclusivamente.

E nós con ese feminismo *pinkwashing* que aplican vostedes desde a institución pois non concordamos. Insistir...

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Sobre a emenda, evidentemente, non a aceptamos. Se vostedes queren implementar eses cambios, teñen instrumentos para facelo, pero desvirtúan o sentido da iniciativa. En todo caso —insisto—, aplíquense vostedes o conto e, cando menos, apliquen as súas propias leis.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Insistir, outra vez, en cuestións que xa saíron aquí, como as traballadoras do Consorcio. Ten delito que vostede insista na lameira na que se meteu o señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e que teñamos que insistir en que...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...están impedindo que elas concilien. Ou en que nin sequera con Fraga e con Feijóo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...suman máis escolas infantís...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que as que desenvolveu o Bipartito.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E tamén é alarmante...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que asocien unicamente o debate do 8 de marzo...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...á natalidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e á función reprodutiva das mulleres.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Iso tamén deberían revisalo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar a desigualdade de trato entre empregados públicos autonómicos fixos e temporais, conforme a doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Dalgunha forma imos continuar falando de problemáticas e de políticas de igualdade no eido laboral e tamén de políticas e de problemáticas no eido da conciliación, neste caso no em-

prego público. Pero non deixan de ser políticas globais, tamén, que afectan a cuestión do traballo e a igualdade das mulleres e dos homes nestes ámbitos.

E traemos a esta Cámara, traemos a este Pleno, a problemática que suscita unha recente sentenza do Tribunal Constitucional. Precisamente por ser do Tribunal Constitucional a traemos a este Pleno, e non se trata ás veces de traer iniciativas que traten de indagar sobre conflitos individualizados no ámbito da xustiza, pero si que os pronunciamentos do Tribunal Constitucional, con motivo dun asunto nacido no ámbito da Administración autonómica de Galicia, nos parece que son reflexo das medidas que no seu momento tomou a Xunta de Galicia non favorables, precisamente, a políticas de igualdade nin a políticas de conciliación, senón, precisamente, todo o contrario.

Esta é unha sentenza —como sabemos e como saben, señorías— do mes de decembro de 2017, ditada nun recurso, precisamente, de amparo, promovido por dúas traballadoras psicolóxicas da extinta Consellería de Traballo e Benestar —actualmente Consellería de Política Social—, co obxecto de garantir e de reclamar, precisamente, medidas de conciliación da súa vida laboral e familiar mediante a permuta dos seus postos de traballo, un posto de traballo era en Lugo e o outro en Ourense. E o Tribunal Constitucional concede o amparo recoñecendo a máis traballadoras este dereito, tal e como, precisamente, fixera o propio Xulgado do Social de Ourense nunha primeira instancia. Entenden as sentenzas, tanto da xurisdición do Social como o propio Tribunal Constitucional en amparo, o dereito das traballadoras, precisamente, en contra dos pronunciamentos da Xunta de Galicia que impedían esta permuta de postos de traballo.

Por certo, estas resolucións xudiciais —tanto as sentenzas precisamente do Xulgado do Social como do Tribunal Constitucional— invocan a propia doutrina, ademais, do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. E cando interpretou —como coñecemos e temos debatido nalgunha ocasión— a cláusula 4.1 da Directiva do 28 de xullo de 1999, considerando que os traballadores con contratos de duración determinada non poden, sen que exista xustificación obxectiva ningunha en termos de comparabilidade, ser tratados de maneira menos favorable que os traballadores fixos que se encontran —como digo— en situación comparable. E veremos que esta doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea tamén a trouxemos a finais do 2016 a este Pleno con motivo, precisamente, do recoñecemento do dereito a indemnizacións por finalización dos contratos laborais interinos.

Daquela o Partido Popular non apoiou a nosa iniciativa, que precisamente se baseaba en que había un grupo de expertos nomeado pola ministra Fátima Báñez. Ese grupo de expertos, por certo, xa emitiu os seus ditames. Pero as medidas legais para levar a adiante o cumprimento da doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea están aínda por desenvolver por parte do Goberno central.

Por iso neste caso o Tribunal Constitucional recoñece en amparo —como digo— ás traballadoras temporais da Xunta de Galicia que impugnaron as decisións do que era a Consellería de Traballo o seu dereito ás permutas solicitadas, ao entender que o artigo 17 —do tantas veces falado nesta Cámara nestes días e do que seguiremos a falar— do V Convenio colectivo único do persoal laboral autonómico debe interpretarse conforme a normativa comunitaria,

que proscribe, precisamente, as diferenzas de trato inxustificadas entre o persoal fixo e o persoal laboral.

Lembremos que esta cuestión afecta un número importante de traballadores temporais da Xunta de Galicia, ben de consellerías ben de organismos autónomos. Pero é que dunha forma moi intensa afecta un grupo basicamente de mulleres traballadoras temporais da Xunta de Galicia. Actualmente hai 3.000 laborais temporais na Xunta de Galicia e organismos autónomos, pero dous terzos son mulleres, co cal calquera medida, calquera aplicación destas doutrinas constitucionais ou das doutrinas dos tribunais da Unión Europea, precisamente están a incidir dunha forma moi importante sobre o traballo das mulleres tamén no ámbito laboral da Xunta de Galicia.

E hai tres ou catro cuestións do propio teor da sentenza que si que me gustaría remarcar, porque eu creo que, precisamente, contextualizan, falando, ademais —e con motivo das anteriores iniciativas ou incluso da sesión de control ao presidente da Xunta de primeira hora desta sesión—, de que precisamente enlazan con toda a problemática que estamos a analizar sobre medidas no ámbito da igualdade laboral dos homes e das mulleres.

E neste caso as demandantes incluso tamén estaban observando unha certa discriminación, precisamente —como digo— indirecta por razón de sexo, na medida en que a mobilidade ten como destinataria a muller, que é a que principalmente asume o papel de conciliación na vida laboral e na vida familiar.

O Tribunal Constitucional admitiu este recurso de amparo apreciando que concorria no mesmo unha especial transcendencia constitucional, porque nesta materia concreta non había precisamente pronunciamento deste alto tribunal. Por iso, fronte incluso aos pronunciamentos do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, considerou necesario, primeiro, admitir o recurso de amparo e, en segundo lugar, estimalo.

Hai que ter en conta, tamén, dúas circunstancias que eu creo que tamén enmarcan e contextualizan este caso, como foi que estas dúas traballadoras, psicólogas da Xunta de Galicia —que estaban a traballar de forma interina as dúas, unha en Lugo e outra en Ourense—, por certo, solicitaban esta permuta por razón de conciliación, porque unha delas tiña ao seu coidado os seus pais moi maiores e a outra traballadora —a outra psicóloga da Xunta de Galicia— era unha nai solteira cunha menor a cargo. Quere dicir que non estamos falando de permutas caprichosas, senón que estamos falando da necesidade, claramente, de dúas traballadoras da mesma categoría de permutar os postos de traballo, vacantes os dous, sen alterar, precisamente, o funcionamento dos servizos e para conciliar, precisamente, a súa vida laboral e a súa vida familiar.

E as dúas traballadoras, por certo, conseguiron en vía xudicial —como non pode ser doutra forma— o recoñecemento da súa situación laboral indefinida non fixa. E o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, despois dun primeiro pronunciamento contrario, tamén cambiou o seu criterio. O Ministerio Fiscal, tamén, neste recurso de amparo formulou as súas alegacións interesando, precisamente, do Tribunal Constitucional o outorgamento do amparo por vulneración do dereito constitucional á igualdade consagrado no artigo 14 da Constitución. Son datos que eu creo que son relevantes.

Pero é que a Xunta de Galicia, á parte de desbotar nun primeiro momento a solicitude de permuta por parte das dúas traballadoras da Consellería actual de Política Social, á parte de facer esa primeira interpretación absolutamente restritiva, nos argumentos que presentou no propio recurso de amparo argumentaba que os dereitos colectivos de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público se deben antepoñer aos dereitos de conciliación que se alegan polas recorrentes en amparo. E este é un argumento absolutamente falaz, como tratou e demostrou e acreditou e desmontou o Tribunal Constitucional. Son principios absolutamente compatibles e non se poden utilizar uns principios, precisamente, para contraponellos contra outros cando o obxectivo das medidas era, precisamente, a conciliación.

Teñamos en conta que incluso —e vou rematando— o propio Convenio colectivo no seu artigo 17 —que é obxecto da discusión e de interpretación— establece mecanismos para que a Xunta de Galicia consiga levar a adiante permutas ou rotacións que poida realizar con persoal laboral doutras comunidades autónomas. Se isto é así, ¿por que a Xunta de Galicia non era capaz de reunir a Comisión Paritaria do Convenio Colectivo? Levar a adiante unha interpretación —xa non digo extensiva, senón unha interpretación real— acaída aos pronunciamentos do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e, como veu agora demostrar o propio Tribunal Constitucional, de necesaria aplicación.

Gustaríanos neste caso que por parte do Grupo Popular —que apoia o Goberno galego e, evidentemente, que é o responsable de impulsar ante o Goberno galego tamén este tipo de iniciativas— nos dixeran en que termos están interpretando ou aplicando estas sentenzas do Tribunal Constitucional e en que termos están pensando en adaptar normativamente o V Convenio colectivo á doutrina comunitaria sinalada.

Por iso, por parte do Grupo Parlamentario Socialista instamos o Goberno galego, e instamos neste caso o Partido Popular, a adoptar todas as medidas necesarias para evitar a desigualdade de trato entre os empregados públicos autonómicos e fixos conforme a doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e conforme os pronunciamentos do Tribunal Constitucional.

Non temos ningunha emenda por parte do Grupo Popular, ben porque evidentemente vai apoiar esta iniciativa para dar cumprimento efectivo á doutrina dos tribunais europeos e á doutrina do Tribunal Constitucional, ou ben porque a vai rexeitar, como noutras ocasións, de plano, non dando así cumprimento, precisamente, aos pronunciamentos dos tribunais. E, sobre todo, non dando cumprimento ás necesarias políticas de igualdade e de conciliación.

Máis nada e grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Díaz.

Por parte do resto dos grupos, en representación do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, señor presidente.

Bo día.

Este caso, esta sentenza do Tribunal Constitucional, para nós é simbólica e exemplar, mesmo diríamos que é exemplarizante no que ten que ver coa discriminación social e laboral que sofren as mulleres —ten moito que ver co debate anterior—. E tamén a respecto do papel que cumpre a Xunta de Galiza actuando por principio de oficio, polo civil e polo que faga falta, en contra dos dereitos das traballadoras e traballadores; laminando estes dereitos, restrinxíndoos, suspendéndoos indefinidamente, como vimos onte no debate sobre a Lei 1/2012, de medidas temporais en materia de emprego público.

E este non é un caso illado, forma parte dunha decisión política xeral con directrices políticas regresivas e mesmo represivas que teñen como brazo executor principal a Dirección Xeral de Función Pública, e que ten como máximo responsable o señor José María Barreiro. En todo caso, hai unha responsabilidade superior do presidente da Xunta, do señor Feijóo. E isto é parte dun programa ideolóxico de ataque aos servizos públicos, aos traballadores e traballadoras do sector público, entre outras cousas, para favorecer os intereses do sector privado. Non só para isto, pero, entre outras razóns, para isto.

E sábeno ben os traballadores e as traballadoras da Xustiza, máis de 2.500 persoas que levan once días seguidos de folga, unha folga unitaria, unha folga maioritaria polos seus dereitos laborais e contra a discriminación salarial que sofren. Días de loita, tamén, contra as mentiras da Xunta de Galiza, contra ese muro de incompreensión e de prepotencia do Goberno galego, e por iso desde o BNG volvemos facer, unha vez máis, un chamamento a unha mediación externa, independente, que nós propoñemos que sexa a presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais, porque foi nese marco onde se conseguiron avances, e como está a negociación enquistada pensamos que non hai outra saída que esa mediación externa, e ao mesmo tempo pedimos —e facémolo aquí no Parlamento— o cesamento do director xeral da Función Pública, o señor Barreiro, como máximo responsable desa cerrazón e desa prepotencia do Goberno galego.

E sábeno, tamén, ademais dos traballadores da Xustiza o persoal laboral da Xunta de Galiza, máis de 12.000 persoas, sobre todo de Política Social, de Medio Rural e de Medio Ambiente, que sufriron ao longo destes anos, tamén, continuos recortes salariais e laborais, e ademais sofren continuas denegacións do dereito de conciliación —como xa dixó antes a nosa voceira— con sentenzas contrarias ao Goberno galego de xulgados do Social e do propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en casos de solicitude de conciliación, por exemplo.

Este, polo tanto, é un caso de libro de discriminación laboral, de discriminación social e, tamén, da discriminación que sofren, polo tanto, as mulleres, porque son mulleres as protagonistas desta sentenza, por ter traballos temporais, ter traballos, polo tanto, máis precarios, peor remunerados, por ter que atender os coidados familiares e por, tamén, sufrir estes atrancos á conciliación por parte do Goberno galego que fai esta interpretación absolutamente restritiva, regresiva, represiva do marco legal. E o Tribunal Constitucional déixao claro porque di que en caso de colisión entre a lei e os dereitos fundamentais sempre deben primar os dereitos fundamentais, e aquí non se estivo aplicando este criterio, porque o que fixo a Xunta de Galiza foi poñerlles atrancos e recorrer, denegar, e tiveron que sufrir estas

dúas traballadoras un proceso de tres anos para que lles dese, finalmente, a razón o Tribunal Constitucional, que utilizou eses argumentos que xa se citaron aquí, fundamentalmente un que ten que ver coa non discriminación entre traballadoras e traballadores fixos e temporais.

Non hai razóns para esa discriminación por moito que haxa convenios colectivos que digan o que digan, prevalecen tanto o marco normativo europeo como o constitucional. Ademais, din que esta diferenza de trato xa vén agravar a situación previa de discriminación e desigualdade que sofren as traballadoras pola temporalidade, e din que hai outro argumento tamén para xustificar a sentenza, que é a necesidade de conciliación da vida laboral e familiar, que —como vimos neste caso— practicamente en todo recae sobre as mulleres.

Polo tanto, é unha sentenza que é un duro correctivo á política social e laboral da Xunta de Galiza...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...que establece unha xurisprudencia e un marco legal claro a este respecto, que debe ser o punto de partida, o punto de inflexión para un cambio absoluto, para unha mudanza completa do marco legal da lexislación social e laboral da Xunta de Galiza.

E non lles queremos ter nós que dicir aos señores e señoras do Partido Popular que cumpran...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...a Constitución e que apliquen estes criterios avanzados, progresivos e igualitarios.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra en representación do Grupo Parlamentario de En Marea a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

Deputados e deputadas, unha vez máis estamos ante unha situación moi triste que se repite sen cesar, que a xustiza e, neste caso, o máximo órgano do noso sistema institucional, o Tribunal Constitucional, lles dan aos interinos e interinas a razón que lles negan a Xunta e o Goberno do Estado, que está nestes intre dirixido polo Partido Popular imputado. Algún día os gobernos do Partido Popular aplicaranse o conto no referente a esa gran bandeira que levan de aplicar a lei á xustiza das súas propias leis, por exemplo, e das que tanto fan gala. Pero xa di o refrán, «consellos vendo que para min non teño».

A xustiza europea recoñeceu tamén o dereito dos traballadores e de traballadoras interinas a percibir unha indemnización no caso de ser despedidas. Xa no ano 2016 o Tribunal de Xustiza da Unión Europea declarou que o dereito laboral español discriminaba os interinos e as interinas, un mesmo tribunal que criticou o abuso que facía a Administración do Partido Popular —imputado— da figura do persoal interino ou substituto para maquillar os déficits estruturais dos traballadores e traballadoras do eido do público.

A pesar das sentenzas europeas, a realidade é que no noso país os interinos e interinas continúan sendo discriminados. Aquí un exemplo máis. Agora non só temos funcionarios e funcionarias e empregados públicos precarios, senón que agora temos persoal das administracións e interino que é extraprecario e extraprecarias. As dúas traballadoras que se mencionan na iniciativa do PSdeG tamén sufriron, ademais, discriminación por cuestións de xénero, pero afortunadamente a xustiza deulles a razón, ambas tiñan a mesma categoría e clasificación profesional, realizaban a diario o mesmo traxecto pero en sentido inverso, de Ourense a Lugo, como xa se explicou. As dúas tiñan que atender as súas familias —xa se explicou tamén que xa teñen a agravante de que sempre recaen estas cuestións nas mulleres— e para iso precisaban estar máis preto da familia, entón pediron unha permuta dos seus postos de traballo denegada pola Xunta pero apoiada polo Constitucional atendendo a doutrina europea xa mencionada; xa que o Partido Popular para falar de Industria 4.0 e outras cuestións moi modernas, moi europeas, aínda que non existe a famosa Industria 1.0, iso para o *marketing* funciónalles, pero para aplicar o que é a xurisprudencia europea, para iso non lles gusta tanto.

Tamén dende o noso grupo na Comisión 1ª de feito xa denunciaba esta situación a compañeira Eva Solla e preguntáballe ao director xeral da Función Pública —moi famoso tamén estes últimos días, moi famoso polo conflito coa Xustiza que está xestionando tan ben—, e o 17 de febreiro de 2017 a Xunta volvía negar a discriminación por non permitir permutar o persoal interino, e o director xeral da Función Pública xustificaba amparándose, supostamente, na lei de que non se podía aplicar este tipo de permisos ao persoal funcionario interino; sen embargo, vemos que despois se rachan as vestiduras cando a lei non lles dá a razón e cando lles din que o seu partido utiliza argumentario machista.

Ben, pois ao final os feitos son os que poñen a cada un no seu lugar, e o que debería o Partido Popular, xa que se reivindicán como partido constitucionalista, é aplicar os ditames do Tribunal Constitucional, coherencia, que acaten esta doutrina igual que a das sentenzas europeas e que lle recoñezan ao persoal interino os mesmos dereitos dos que disfrutaban as persoas cun contrato indefinido coa Administración e que cumpran a lei, ao mesmo tempo que devolvan os dereitos roubados a todo o persoal da Administración, todo, e non é soamente as pagas extras e demais, os días libres, descontos nos seus salarios polas IT, os fondos de acción social para axudar as súas familias e os seus nenos e nenas...

Tamén o Grupo Parlamentario de En Marea presentaba hai meses unha serie de preguntas sobre a sentenza contra a Xunta que recoñecía, por primeira vez en España, o dereito á indemnización a un funcionario interino, neste caso un profesor tras o seu cesamento a razón de vinte días por ano traballado. Que a Xunta de Galicia fose o primeiro ente público en ser condenado nese eido en todo o Estado di moito da precariedade laboral no emprego público auto-

nómico e na política real do PP de Galicia, onde xa se perderon no eido público máis de 3.000 postos de traballo a nivel galego nos últimos oito anos, dos cales 2.000 foron en docencia non universitaria, e que ademais a tónica é a precarización absoluta do traballo público de xeito alarmante, non soamente no eido privado, onde son os da *Champions League* polas súas medidas laborais. Tivo que intervir a Unión Europea pola gran cantidade de contratos temporais que acumulan os interinos e interinas en dereito á indemnización ao final do mesmo período.

Pero vostedes respostaron que había que cumprir a lei, que os interinos non tiñan dereito. Señorías, os interinos non tiñan dereito a trienios e mudouse a norma porque era discriminatoria, por poñerlles outro exemplo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Entón, ante as diversas actuacións que están afectando de xeito directo e indirecto e están fomentando o seu modelo de precarización do emprego público e o emprego privado, e sobre todo estase notando no ámbito educativo e sanitario, por favor, vostedes deixen de facer demagogia sobre os salarios dos empregados públicos, mi-leuristas maioritariamente, que hoxe nos enteramos que temos un goberno *low cost*, o cal é increíble, á parte de impresentable...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...e, por favor, deixen de mirar para outro lado, de dicir que están comprometidos co público e coa conciliación e cos dereitos, porque a súa práctica política demostra todo o contrario. Demostren con esta iniciativa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...que realmente a oposición estamos equivocada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular o señor Moreira Ferro.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Señora Santos, non temos un goberno *low cost*, o que si é certo é que os gobernos de *first class* remataron o 1 de marzo de 2009. (*Aplausos.*)

Quero comezar dicindo que en relación con este caso, un caso puntual de dúas traballadoras interinas que pedían unha permuta ao abeiro do V Convenio, hai que dicir que aquí a Xunta de Galicia o único que fixo foi cumprir o V Convenio, o que di o artigo 17. E o artigo 17 restrinxe as permutas aos traballadores fixos, non temporais. E este artigo é froito dun acordo do Goberno da Xunta coas forzas sindicais. O V Convenio foi un acordo coas forzas sindicais, e así foi rubricado o artigo 17, e así se pactou. E a Xunta de Galicia limítase a cumprir o acordado cos sindicatos, e foi o que se fixo neste caso.

Polo tanto, pregúntame o señor Villoslada que, claro, efectivamente, hai un parágrafo nese artigo que permite explorar as posibilidades de permuta con outras comunidades autónomas. E vostede di, ben, se se permite con outras comunidades autónomas, ¿por que non se permite dentro da mesma comunidade autónoma? Pois iso quero saber eu, señor Villoslada, porque este convenio, este acordo, se asinou no ano 2008. Polo tanto, foi asinado por un goberno do seu partido. Será vostede quen nos terá que explicar a nós, a todos nós e a estas dúas traballadoras, por que o convenio non inclúe a posibilidade de que traballadoras temporais puidesen ter os mesmos dereitos, iso é cousa do Bipartito. O Goberno actual limítase a cumprir o acordado neste convenio.

E logo, señor Villoslada, efectivamente, saíu a sentenza do Tribunal Constitucional que lles dá a razón a estas dúas traballadoras, pero vostede retorcede a sentenza, vostede e os demais portavoces, porque empezan a falar de que aquí hai un caso de discriminación por razón de sexo. ¡Nada diso, nada diso! En ningún caso se fala de discriminación por razón de sexo. É máis, a propia sentenza do Tribunal Constitucional deixa ben claro que se inadmite como motivo de impugnación a discriminación indirecta por razón de sexo. Non entra a valorar esa cuestión, porque non se fala en ningún momento, nin no convenio, da cuestión de sexo. A diferenciación é ser traballador fixo ou temporal. Pero vostedes queren lialo todo e retorcelo, igual que onte estiveron aquí nesta mesma sesión do pleno tratando de confundir, dando a entender que a Lei 1/2012 foi a que suprimiu as pagas extras. Tremenda barbaridade, ¿non? É así. Esa lei non suprime ningunha paga extra, pero vostedes dino e a base de machacalo vai calando, pero iso non é certo. E con esta sentenza fan o mesmo, non hai discriminación por razón de sexo.

E o que fai a sentenza é dicir que as recorrentes imputan discriminación —e así o di a sentenza—, imputan unha discriminación ao precepto convencional. Non di que a Xunta actuou mal, di que o que se impugna é o precepto. ¿E o precepto que é? É o que se fixou no acordo coas forzas sindicais por un goberno do seu partido, pero xa non quero entrar aí. Polo tanto, vostedes seguen retorcendo todo. E o que se analiza é se ese artigo —que non é cousa do director xeral, senón que foi un acordo cos sindicatos— pode producir algún tipo de discriminación, pero non por razón de sexo, senón por cuestión de diferenciar traballadores temporais de fixos.

Esta sentenza déixao ben claro, outra vez reitera que o dereito á igualdade non significa tratar a todo o mundo igual. O dereito constitucional á igualdade significa que hai que tratar igual aos iguais e desigual aos desiguais. É así, e vostede sábeo, señor Villoslada.

E nos propios fundamentos xurídicos fan referencia a iso. E a propia sentenza di que hai que exixir en cada caso individual, e hai que dicir que esta sentenza se refire a un caso único, que non é aplicable automaticamente ao resto dos casos, di que hai que ver se hai un termo de comparación válido e di que o xuízo de igualdades require comprobar se as situacións que se pretenden comparar son iguais ou similares; e analiza a natureza do traballo prestado, di que neste caso é igual, os requisitos de formación de quen os presta, di que neste caso coinciden, e as condicións laborais, que di que ademais son elementos tipificados por unha consolidada xurisprudencia do Tribunal Europeo.

E logo hai, fíxese tamén, unha xustificación obxectiva e razoable do trato dispar, e o Tribunal Constitucional entende que neste caso non hai xustificación suficiente nese precepto, nin

na decisión do director xeral, que se limita a aplicar o precepto, pois ese precepto non xustifica debidamente esa discriminación, que en certos casos hai que analizar caso por caso.

E, finalmente, conclúe que neste caso si que había un tipo de discriminación que había que superar, pero neste caso puntual.

O que lle quero dicir é que a Administración galega está respectando e aplicando o pactado coas organizacións sindicais e o Goberno da Xunta. O que non se pode facer, señor Villoslada, é romper o pactado no seu día de forma unilateral sen contar novamente cunha negociación cos sindicatos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor MOREIRA FERRO: ...non lle pida ao director xeral da Xunta de Galicia da Función Pública que incumpra o convenio acordado cos sindicatos, porque vostede viría aquí dicir que o director xeral non está cumprindo o acordo cos sindicatos, estou convencido de que o faría.

E parécenos, polo tanto, innecesario e mesmo creo que tendencioso, polas dúbidas que poida xerar, pedir que na súa proposta se adopten todas as medidas necesarias para evitar a desigualdade de trato entre os empregados públicos, porque xa se está facendo, señor Villoslada, xa se está evitando a discriminación, e isto é un caso...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor MOREIRA FERRO: ... no que a Xunta o que fai é aplicar un precepto pactado cos sindicatos, a sentenza axuíza un artigo, non o director xeral nin a Xunta, e aquí tamén teña en conta que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tamén lles deu a razón aos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor MOREIRA FERRO: Polo tanto, imos votar en contra.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Por parte do Grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, grazas.

Señor Moreira, non sei si de *low cost* ou *first class*, pero a vostedes igual o termo que se lles aproxima máis é o *business*, nese sentido mellor non seguir por esas liñas. Pero paréceme —e volvo dicilo respecto doutras intervencións que formulou con motivo dos debates nos que se debatía sobre a derogación da Lei 1/2012— que vir aquí dicirnos que se trata de rachar o establecido en convenio cando a Lei 1/2012 suspende unilateralmente determinados pre-

ceptos do Convenio colectivo dunha forma absolutamente unilateral e que xa non se sostén, paréceme un exercicio, como teño dito outras veces, de cinismo importante. *(Aplausos.)*

A sentenza —e quero ser breve— do Tribunal Constitucional si que estima o recurso de amparo, e ese recurso de amparo o que fai é darlles a razón ás traballadoras no seu dereito, que foi denegado pola Dirección Xeral da Función Pública. A Dirección Xeral da Función Pública non aplica un automatismo, fai unha aplicación dunha norma, dunha norma neste caso convencional, unha norma convencional pactada entre a empresa e os traballadores, como é o Convenio colectivo, que se hai xurisprudencia comunitaria ou xurisprudencia constitucional ten que ser interpretada e adaptada, é un mecanismo xurídico que vostede coñece mellor ca min.

Entón, o que estamos pedindo, precisamente, é que os pronunciamentos do Tribunal Constitucional e os pronunciamentos da doutrina comunitaria se incorporen ao marco normativo e ao marco de convenios colectivos, neste caso do ámbito da Administración autonómica. Teñen a oportunidade de facelo, non se trata dun caso individual, trátase de aplicar as políticas de igualdade de traballo entre fixos e temporais, efectivamente, en termos de comparabilidade, e de levar a adiante as correspondentes medidas legislativas.

Fíxese que a nosa PNL o que pide é —nin máis nin menos— que o Goberno galego adopte as medidas necesarias para evitar a desigualdade de trato entre ambos tipos de empregados laborais da Xunta de Galicia, fixos e temporais en termos de comparabilidade. Porque o que é certo —e é certo— é que como vén demostrando a propia Lei 1/2012 o Convenio colectivo ten as costuras bastante rachadas.

O Convenio colectivo ten que ser recuperado nos seus termos, ten que ser renegociado, ten que ser revisado, entre outras cousas para incorporar, precisamente, a nova xurisprudencia constitucional e a xurisprudencia comunitaria. O que pasa é que como tamén se dixo, como tamén estamos sufrindo, non sei se é a incapacidade ou a nula vontade de negociación, como se está a demostrar cos funcionarios da Administración de xustiza; evidentemente, non dan para que a Xunta de Galicia poida cumprir precisamente os requirimentos do Tribunal Europeo de xustiza ou do Tribunal Constitucional, que tanto invocan desde perspectivas máis madrileñas —poderíamos dicir—, cando interesa invocar o Tribunal Constitucional...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...non vaia ser que lle espeten máis sentenzas como a de onte contra a LOMCE.

Eu creo que teñen que ser máis coherentes, e deixen e abandonen, bueno, non sei se seguen a ser, pero abandonen ese *black mirror* particular no que están instalados, porque onte, precisamente, no Congreso dos Deputados foi o único grupo político, o Partido Popular...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...que votou en contra de medidas, precisamente, de igualdade laboral contra a fenda salarial. Menos hipocrísia e máis levar adiante as políticas comuni-

tarias, as políticas do propio Tribunal Constitucional en materia de igualdade e en materia de conciliación.

Máis nada e grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villoslada.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e sete deputados/as máis, sobre a presentación pola Xunta de Galicia, no primeiro cuadrimestre de 2018, dun balance da execución do III Plan director da cooperación galega 2014-2017, a elaboración dun novo plan director para o período 2018-2021, así como a inclusión da acción humanitaria de calidade entre as súas orientacións estratéxicas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á proposición non de lei .

Emenda de modificación.

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

<<A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar no primeiro cuadrimestre do ano 2018 un balance da execución do III Plan director da cooperación galega 2014-2017.

2. Elaborar no primeiro cuadrimestre do ano 2018 o IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, que contemplará:

a) Un crecemento anual, progresivo e previsible da Axuda Oficial ao Desenvolvemento.

b) Incrementar o orzamento en materia de Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD), partindo dun mínimo de seis millóns de euros, e recuperando de forma progresiva e planificada no ano 2021 o investimento total do I Plan director da cooperación galega (2006-2009).

c) Ligar o crecemento progresivo a un calendario de desembolsos público e planificado conxuntamente cos diferentes axentes de cooperación.

d) Acompañar o aumento da dedicación orzamentaria da previsibilidade e continuidade das distintas liñas de convocatorias públicas en concorrencia competitiva previstas no Plan director de cooperación galega, e dirixidas aos diferentes axentes de cooperación.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España:

1. Retirar a proposta do V Plan director da cooperación española, e presentar durante o ano 2018 un plan consensado coas comunidades autónomas e entidades locais, así como coas organizacións e sectores crave en política de cooperación, recollendo as súas suxestións, reivindicacións e propostas.
2. Garantir que o enfoque e os principais contidos e directrices da Estratexia de Infancia da Cooperación Española, se integren no V plan director.
3. Incrementar o orzamento en materia de Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD), acadando de forma progresiva e planificada o o'4 % ao final da lexislatura.>>)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da súa deputada Olalla Rodil Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir como punto 4 o seguinte texto:

<<4. Incrementar progresivamente o investimento público dirixido á cooperación co obxectivo de alcanzar o 0,7%.>>)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, recentemente, apenas hai dúas semanas, o Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobaba definitivamente a Estratexia galega de acción exterior, que previamente fora debatida, consensuada e aprobada neste Parlamento de Galicia. A Estratexia galega de acción exterior naceu coa vocación de expresar de forma fidedigna os anxeos do pobo galego por proxectarse no mundo. Consecuentemente, establece con claridade os obxectivos que como pobo nos marcamos, seleccionando aqueles ámbitos xeográficos nos que preferentemente debemos desenvolver a acción exterior no futuro e establecendo cales son os ámbitos sectoriais prioritarios e os obxectivos concretos asociados a esas prioridades.

Pero a EGAE é algo máis que datos, obxectivos e estratexias. Tamén, e fundamentalmente, é unha declaración do pobo galego representado polas súas lexítimas institucións sobre como as galegas e os galegos queremos proxectar a nosa identidade no mundo, como desexamos que a galegitude ocupe o seu lugar na aldea global. É dese sentimento de galegitude do que nace a nosa vocación de estreitar lazos con Portugal e os países da lusofonía, co que nos une unha longa tradición de linguas e afectos, como recentemente nos recordaba a chegada ao noso país do *Pergamiño Vindel*.

É ese sentimento de galegitude o que nos obriga a manter viva a relación coa Galicia exterior, a Galicia universal á que recentemente apelaba o presidente do centro Galicia de Bos

Aires, don José María Vila, durante o acto de sinatura do acordo que vai permitir que por primeira vez que se exhiba no noso país *A derradeira lección do mestre*, obra máis que significativa de Alfonso Castelao cuxa chegada nos permitirá poñer en valor, unha vez máis, a fundamentada aportación da diáspora galega á nosa cultura e á construción da nosa conciencia colectiva.

Permítanme, por certo, que aproveite a ocasión para felicitar a Xunta de Galicia, a Consellería de Cultura, por conseguir que os galegos poidamos desfrutar deste importantísimo elemento do noso patrimonio cultural por primeira vez aquí, sen saír do noso país.

Do sentimento de galeguidade xorde tamén a nosa vocación europeísta, como corresponde á terra que exerceu de faro da ruta xacobeá do camiño de peregrinación arredor do cal se constituíu a propia Europea. E, dende logo, forma parte do acervo sentimental da galeguidade a nosa vocación de solidariedade. Unha vocación merecente dun apartado específico dentro da Estratexia galega da acción exterior, e que para unha proxección eficaz precisa dunha axeitada planificación.

En prol do impulso a esa planificación plantexamos hoxe esta iniciativa que contén tres puntos que consideramos imprescindibles para esa correcta planificación. O primeiro, o referido á presentación no primeiro cuadrimestre deste ano 2018 do balance de execución do III Plan director de cooperación galega 2014-2017, que nos permitirá comprobar se se deu cumprimento á previsión da Lei de cooperación para o desenvolvemento, que establece no seu artigo 4 que a eficacia na planificación, execución, seguimento e avaliación das políticas e dos proxectos de cooperación son criterios básicos de cooperación para o desenvolvemento da Comunidade Autónoma de Galicia.

É certo que nós somos optimistas sobre o resultado desa avaliación á luz dos resultados que foron arroxando as sucesivas avaliacións parciais dos plans anuais, pero entendemos que resulta imprescindible unha análise global da actividade desenvolvida en materia de cooperación durante os últimos catro anos, de xeito que poidamos trasladar ao conxunto da sociedade galega información veraz e útil sobre cal foi o labor que as distintas organizacións levaron a cabo coa colaboración da Administración autonómica galega.

A avaliación constitúe un elemento esencial da política de cooperación para o desenvolvemento da nosa comunidade, que debe ser analizada dende os criterios de eficacia, eficiencia, impacto, pertinencia e viabilidade, adoptando a metodoloxía da cooperación oficial española e europea para unha análise obxectiva de resultados, necesaria por un dobre motivo: por constituír un elemento imprescindible para que a política da Xunta avance progresivamente cara a unha maior calidade e impacto e por facilitar a rendición de contas exixible a toda política de cooperación levada a cabo con fondos públicos.

No apartado dous, e referíndome a ela, a Lei de cooperación para o desenvolvemento tamén sinala que a cooperación galega para o desenvolvemento se articula a través de plans directores cuatrienais e plans anuais. Os plans directores serán aprobados por este Parlamento de Galicia a proposta do Consello da Xunta de Galicia e co informe previo do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.

O certo é que o anterior ciclo de planificación estratéxica da cooperación galega esgotou o período temporal para o que foi aprobado e, consecuentemente, chegou o momento de redactar un novo documento estratéxico que teña en conta os resultados da avaliación final do III Plan director da cooperación galega, que teña en conta as directrices establecidas no V Plan director de cooperación española —onte mesmo presentado en sede parlamentaria no Congreso dos Deputados— para unha axeitada coordinación entre ambos e que redunde en resultados máis eficientes, que afonde na posta en valor dos aspectos cualitativos da cooperación galega e que conte coa participación de todos os axentes galegos de cooperación.

Debe ser o Goberno galego quen tome a iniciativa de presentar ao Parlamento de Galicia unha nova proposta de plan director que debería incorporar, ao noso entender, polo menos, a Axenda 2030 das Nacións Unidas e os obxectivos de desenvolvemento sustentable, un modelo de xestión orientada a resultados como o que xa foi reflectido nos seu momento no III Plan director de cooperación galega 2014-2017, os resultados da avaliación intermedia e final dese III Plan director da cooperación galega de 2014-2017 e a consolidación dos procesos de mellora da calidade e eficacia da cooperación galega impulsados polos anteriores plans directores.

Esperamos, sinceramente, que para a elaboración dese documento contemos coa participación activa —en forma de achegas ao borrador— do conxunto de axentes de cooperación e tamén dos grupos representados nesta Cámara, para acadar un grao de consenso similar ao conquistado respecto doutros documentos estratéxicos recentemente aprobados.

Por último, tamén solicitamos a inclusión entre as orientacións estratéxicas do IV Plan director da cooperación galega, que debería cubrir o aspecto temporal 2018-2021, dunha acción humanitaria de calidade, que é a coordinación dos múltiples factores que nela participan, así como a súa coherencia, eficacia, eficiencia e a súa rendición de contas.

Unha orientación estratéxica que dea resposta ás necesidades derivadas dunhas crises humanitarias que teñen experimentado nos últimos anos cambios importantes tanto na súa orixe como na súa tipoloxía e dinámica. Neste senso, teñen aumentado as vítimas de fenómenos asociados ao cambio climático e á degradación ambiental, a violencia sobre as poboacións civís, que xeran fluxos de poboacións desprazadas e refuxiadas, ou o grao a exposición a crises alimentarias pola especulación, o acaparamento de terras e a volatilidade de prezos dos produtos básicos. A todos isto, debemos engadir un empeoramento xeral das condicións de seguridade en contextos humanitarios que dificultan o acceso ás poboacións afectadas.

Nese contexto, entendemos que este IV Plan director debería servir para corrixir erros, afondar na atención ás vítimas das crises humanitarias e mellorar a coordinación afondando na colaboración con entidades especializadas no eido da acción comunitaria como Farmamundi, ACNUR ou a Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina. Ou a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria, e coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, co obxectivo de mellorar as condicións de vida da poboación refuxiada do Sáhara.

Señorías, non quero rematar esta intervención sen referirme aos recentes acontecementos que están a convulsionar o mundo da cooperación. O escándalo que afecta a distintas ONG británicas e, concretamente, as presuntas relacións duns cento vinte cooperantes con prácticas de abuso, explotación sexual e prostitución, unhas gravísimas acusacións que deben ser sometidas a investigación co fin de depurar as responsabilidades que procedan, pero que non poden manchar o labor de miles de cooperantes que dedican o seu esforzo a practicar a solidariedade onde é necesario.

Nin queremos nin debemos caer nos erros que outros cometeron, non hai tanto tempo, respecto doutras organizacións solidarias, que se viron sometidas a procesos inquisitoriais con base nas actuacións duns poucos, co único obxectivo de desprestixiar o seu bo facer, estendendo sobre o conxunto desas organizacións a sombra da sospeita polas actitudes noxentas —iso si— deses poucos.

Tan só Intermón-Oxfam conta cunha rede de máis de 23.000 voluntarios, distribuídos por todo o mundo, cuxa actividade merece o noso respecto e o noso apoio (*Aplausos.*), extensivos á inmensa maioría de cooperantes. Son persoas, sen dúbida, dignas da nosa confianza, da confianza das administracións públicas e do conxunto da sociedade, que hoxe precisan máis que nunca superar un momento de especial dificultade. Dende logo, polo que a nós se refire, non vai quedar, estaremos ao seu lado para axudarlles tanto a depurar aquelas responsabilidades de quen cometeran ilícitos que nos indignan a todos, como a superar este momento e continuar cun labor, o da cooperación internacional, que consideramos esencial e que tantos anos leva dando tan magníficos resultados no desenvolvemento destas políticas no mundo.

Por agora nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pazos.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día a todas, e grazas, presidente.

Nós agardamos, señor Pazos, de verdade, sinceramente llo digo, que a Xunta xa estea traballando nesa parte que queda de avaliación do III Plan director e tamén que xa estea traballando nesa redacción do IV plan. Decía vostede, ademais, na súa intervención, que é unha obriga legal, unha responsabilidade que está recollida nesa Lei 3/2003, de cooperación internacional, e a nós nese sentido, dunha banda, causábanos certa sorpresa a iniciativa, pero, por outra, tamén é verdade que isto nos dá a oportunidade de traer esta cuestión aquí e de debatela todas as forzas políticas que aquí estamos representadas.

Como non teño moito tempo, irei directamente a algunhas cuestións. En primeiro lugar, coa emenda que nós presentamos incluímos unha cuestión que para nós é fundamental, que ademais é unha demanda reiterada dos axentes e entidades que traballan no ámbito da cooperación internacional no noso país, como é a necesidade de que se incremente o investi-

mento público que se dedica á cooperación internacional no noso país, fundamentalmente recollido no programa 331A dos orzamentos, se non me lembro mal. E ademais é unha cuestión sobre a que no informe de avaliación intermedia do III Plan director de cooperación se insiste de maneira reiterada en máis dunha ocasión, polo que supón o investimento que está a manter a Xunta de Galiza en termos relativos a respecto doutros territorios do Estado español, os recortes sucesivos que se viñeron desenvolvendo neste programa 331A, e o que foron afastando eses recortes a Galiza, no que ten a ver co investimento en materia de cooperación internacional, con outros territorios dentro do propio Estado español.

Nós o que quixemos coa nosa emenda —e eu pídolle que tome aire porque sei que a cifra é elevada— foi incluír un horizonte estratéxico, un obxectivo a longo prazo no que situar progresivamente o noso país, como se recolle tamén na propia emenda.

Os compromisos políticos demóstranse camiñando, demóstranse investindo, neste caso, recursos públicos suficientes para garantir non só que se poidan desenvolver os programas que xa se veñen desenvolvendo, senón ampliar aqueles outros que se están a deseñar no noso país co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento e á mellora das condicións materiais de vida de moitísimas persoas en moitísimos lugares do mundo.

Tamén é verdade que, ademais desa necesidade de que se incrementen os orzamentos en materia de cooperación internacional, unha das demandas dos distintos axentes que traballan no ámbito da cooperación internacional e que tamén sinala entre as medidas a mellorar o Informe de avaliación intermedia do Plan director 2014-2017, ou aquelas cuestións nas que seguir traballando, afondando, é a necesidade de que aumenten e melloren as comunicacións, o diálogo, entre os distintos axentes do sector. A propia Xunta de Galiza advirte nun dos puntos en materia de participación, transparencia e satisfacción, nese informe de avaliación externa e independente, que se cae nunha ritualización da participación nos espazos formais, que a implicación é desigual no caso de distintos axentes de cooperación, que hai un carácter vicario da propia participación e incluso asimetría entre os distintos axentes.

Para nós é fundamental, e dicíamos onte, por exemplo, cando falabamos das políticas de protección da infancia e de intervención entre crianzas e adolescentes, que é necesario naquelas cuestións e naqueles ámbitos da actividade política onde son axentes externos á propia Administración os que desenvolven unha parte importante do seu traballo, que se tezan redes, pero redes fortes, redes equitativas, onde se poidan expresar con liberdade, e que ademais esas opinións se teñan en conta á hora de deseñar as políticas a desenvolver.

Quédanme moi poucos segundos e isto eu creo que daría tamén para un debate moitísimo máis en profundidade. Antes falábase do carácter político da convocatoria do 8 de marzo, da folga do 8 de marzo, e do carácter político do propio movemento feminista. Tamén a acción exterior, tamén a política internacional, ten un carácter político.

Aquí falábase da galegitude e a solidariedade que ten demostrado o pobo galego. Temos que ir máis alá e superar esa visión solidaria. O subdesenvolvemento, que é un dos grandes ámbitos de traballo onde se está a traballar —valla a redundancia— desde a cooperación internacional...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...—xa remato—, tamén está moi interrelacionado coa posición que ocupan determinadas nacións no mundo nas estruturas xerárquicas da economía mundial. Non é unha cuestión case que divina, de determinados pobos ou determinadas nacións —e falaba vostede dun caso co que Galiza ten estreitas relacións como é o do Sáhara—, non é unha cuestión sobre a que non se poida intervir. Ten un carácter político, e o que debemos é non só enfocarnos á cooperación ao desenvolvemento, senón fundamentalmente poñerlles solución aos problemas, que teñen unha raíz e unha natureza política, mais, sobre todo, económica.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Rodil.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Señor Pazos, son moi europeístas, presumen de ser europeístas, pero resulta que non cumpren nin os propios acordos que se toman no seo da Unión Europea. Queremos que veñan os refuxiados e as refuxiadas, e queremos que veñan xa, señor Pazos. (*Aplausos.*)

Xa se dixo aquí, a acción exterior dun país non é soamente unha cuestión económica, que tamén, é unha cuestión política. É por iso polo que España —aínda que parece que hai moito tempo—, cun goberno, o de Zapatero, que nos sacou desa vergoñenta foto das Azores, se colocou no mapa europeo na vangarda en multilateralismo, en acción humanitaria, en cooperación internacional.

A volta da dereita ao Goberno de España o que supuxo é que saíamos dese mapa da loita contra a desigualdade, a prol do desenvolvemento sostible e o respecto aos dereitos humanos, para levarnos á deriva máis absoluta nesta materia. Unha deriva cun presidente do Goberno que se converteu nesta materia no verdugo de toda Europa da cooperación internacional. Ese é o papel que está xogando agora mesmo o Goberno de España e o seu presidente. E dígollo porque se reduciu a axuda á cooperación internacional nos propios orzamentos nun 70 %, un 90 % en acción humanitaria, e agora mesmo representa o 0,21 % do PIB, cando o obxectivo ao que debéramos estar chegando, non é xa do 0,7 % que vivimos os que nacemos nos anos oitenta con aquela loita encarnizada por esa porcentaxe, imos xa ao 0,4 %.

O Goberno galego foi un alumno avantaxado do señor Rajoy tamén nesta materia. Ten o deshonroso mérito de estar á cola en orzamento e en cooperación internacional, cunha redución dende o ano 2009 dun 58,7 % nesta materia, lonxe dese 0,008 % do PIB —e non me equi-

voco, 0,008 %—, que é o que representa a cooperación internacional de Galicia na media dos estados da Unión Europea, do 0,51 %. Estados como o de Portugal, por exemplo, que pasaron tamén por unha gravísima crise económica pero que seguiron investindo en dereitos humanos, en liberdade e en igualdade de oportunidades.

O certo é que pensabamos que tocáramos fondo nesta materia, e despois dun ano e medio de negociacións do V Plan director da cooperación española, resulta que nos atopamos cun fito histórico: é a primeira vez que acontece, nunha negociación e na posta en marcha dun plan coma este, que non hai consenso. O Goberno do Partido Popular, o Goberno de España, ten ese deshonroso mérito. E nese Consello Interterritorial tivo o apoio do Goberno galego —cómplice dese verdugo da cooperación internacional que é o señor Rajoy— e dos outros gobernos das comunidades autónomas do Partido Popular, non do resto das comunidades autónomas nin das ONG, que levan moito tempo reclamando que ese plan ten que recoller todos os obxectivos que se recollen nesa axenda europea, e que ten que ter unha memoria económica. Porque, señorías, ja quen se lle ocorre presentar un plan sen memoria económica, sen ningún tipo de previsión orzamentaria! ¿Imaxinan vostedes un plan, por exemplo, de infraestruturas ferroviarias sen ningún tipo de memoria económica? Pois iso é o que está acontecendo co Plan de cooperación a nivel estatal; é dicir, hai un conto de cooperación internacional pero sen ningún tipo de contas.

E é precisamente por iso polo que presentamos esta emenda, porque moito tememos que este alumno avantaxado que é o señor Feijóo poida copiar o que aconteceu no Goberno de España, e que basee ese IV Plan director de cooperación nese cadáver, nese plan que nace morto, de cooperación a nivel estatal. Dicimos isto porque agora mesmo crecemos ao 3 %, e igual que o dicíamos onte, cando falamos de políticas para a infancia, non hai escusa da crise económica para non investir en desenrolo doutros países. O que temos é que ser fieis, leais, ao que representan non soamente os cooperantes, que tamén —aos que nós sempre valoramos, e moito, o seu traballo—, senón ás características desta poboación. A poboación galega e a poboación española ten amosado en numerosas ocasións que é solidaria, a pesar de ter agora mesmo un Goberno insolidario.

O que lles pedimos é que muden esas políticas, que o fagan co consenso de todas as entidades, e por suposto que conteña, como é de recibo e como é lóxico, unha memoria económica ao respecto.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Bo día.

Estamos outra vez ante unha das iniciativas parlamentarias do Grupo Popular que son meros anuncios propagandísticos. Ten que ser un anuncio propagandístico, non será unha broma,

porque presentar a finais de febreiro unha iniciativa que implica facer un importante traballo no primeiro cuadrimestre do ano, con cousas que dunha banda xa están feitas, supón non sei se un anuncio propagandístico ou simplemente unha tomadura de pelo.

O que dende logo si supón é unha minusvaloración do Parlamento, que semella un espazo no que os deputados e deputadas do Partido Popular veñen única e exclusivamente a pasar o tempo. ¿Como se entende, se non, que, querendo falar de cooperación internacional, o señor Pazos teña dez minutos e adique dous a falar do pergamiño Vindel. ¡Mire que intentei seguirlle o fío, pero fíxoo realmente complicado! Queda aí en evidencia que de importante para vostedes é a cooperación internacional.

Deste xeito, na súa iniciativa falan da necesidade de avaliar o III Plan director da cooperación galega 2014-2017. Avaliación, ben, estamos de acordo. Por suposto, é máis que necesario, é imprescindible avaliar un plan para analizar os seus resultados. O que sería desexable, e unha gran novidade para esta administración, é que a avaliación se fixese antes de traballar no seguinte plan, porque se non perdemos o tempo, estamos enredando. Iso sería o útil, o razoable e, dende logo, o que piden as organizacións que traballan no terceiro sector: avaliar un plan, e logo, en función dos resultados, elaborar o seguinte.

Lamentablemente, este esquema lóxico, que non hai que descubrir nada, é o esquema natural na avaliación das políticas públicas, non encaixa na súa proposta aínda que o enuncien, porque o feito é que están dicindo que se fai todo ao mesmo tempo; todo se vai facer nestes catro primeiros meses do ano.

En fin, ¿que sentido ten non priorizar e non aproveitar as potenciais ensinanzas que sacariamos de avaliar o III Plan para o vindeiro? Non o sabemos. O que si sabemos é que esta avaliación deba partir dunha afirmación previa, dun recoñecemento previo, pola banda do Goberno do Partido Popular. Este plan que agora queren avaliar, o III Plan director, foi o primeiro da historia deste país aprobado sen consenso e sen apoio das organizacións do terceiro sector. Polo tanto, no que se refire a consenso e diálogo, o resultado da avaliación xa sabemos cal é: cero. Pero o importante é aprender, por suposto.

E agardamos que para o vindeiro tomen nota —ou tomaran— porque —segunda tomadura de pelo— vostedes están pedindo que se elabore o seguinte plan e resulta que o calendario de elaboración xa está feito, o consultor contratado, as propostas das ONG enviadas están a piques de comezar o diálogo. É dicir, que outra vez veñen aquí pedir o que xa está feito, veñen facer propaganda e veñen burlarse da oposición. Porque non están aquí pedindo o noso apoio para nada porque xa deron os pasos. Porque por unha vez están xa traballando.

¡Oxalá esta vez, aínda así —como dicía—, tomaran nota e foran escoitar o sector! ¡Oxalá esta vez non ignoren as organizacións que veñen protagonizando a cooperación internacional no noso país!

Non repitan os erros previos. Fíxese que non só temos que lamentar —como dicía— que o III Plan de cooperación galega non contara co consenso social necesario, senón que todo pa-

rece indicar que esta é a marca do Partido Popular —diso hai datos, por suposto—; e dar as costas ao diálogo, en segundo lugar.

Xa llelo dixeron aquí, o Plan director da cooperación española vai ser outra vez un plan que conte unicamente co respaldo do Partido Popular e que non conte co consenso necesario das ONG que traballan na cooperación. Pero diso a súa iniciativa non di nada. Como tampouco di nada de todos os compromisos pendentes incumpridos; non di nada dos tesoirazos brutais acometidos en materia de cooperación exterior. Poden falar moito de cooperación, pero hai feitos que nos din moito máis.

Por iso non nos fiamos, por iso para nós isto é só palabrería barata. O que define realmente a postura do Partido Popular na cooperación son os feitos. Cando vostedes chegaron ao Goberno, a Xunta tiña investido case 12 millóns de euros no Programa 331A, de cooperación exterior. Nos últimos orzamentos aprobados nesta Cámara apenas se superaron os 5 millóns. Deixaron o orzamento para cooperación en menos do 60 %; de cada 2 euros que tiñamos para a cooperación en 2009, vostedes eliminaron máis de 1, deixando o compromiso deste Goberno nun mísero 0,04 %. Do lonxe que está esta cifra do 0,7 % do PIB mellor nin comentar nada, porque a distancia avergoña a calquera.

De como Galicia está, por mor dos seus orzamentos, á cola de todo o Estado en canto a cooperación internacional, vostedes tampouco teñen nada que comentar. E tamén nos avergoña. Como avergoña —e digo avergoña porque non fun quen de atopar outra palabra, je mire que levo cinco días buscándoa!— que explique o que se sente ao ler —e cito textualmente— nunha iniciativa firmada por vostedes: «Nestes catro anos a Xunta de Galicia prestou especial atención ao traballo con poboacións refuxiadas e desprazadas». Especial atención a poboacións refuxiadas. De verdade, ¿acaso vostedes non teñen as cifras? ¿Acaso non saben que estamos na cola no que á acollida de persoas refuxiadas se refire? ¿Ignoran que neste mesmo intre hai en Galicia polo menos dúas familias de persoas refuxiadas en Lugo que están a piques de ser desafiuzadas sen que o Goberno da Xunta de Galicia faga absolutamente nada? (*Aplausos.*) Se non o saben, fan un abandono de funcións insoportable. Se o saben, e aínda así teñen o descaro de escribir algo coma isto, (*A señora Chao Pérez amosa un documento.*) é peor. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Señorías, permítanme que vaia por orde de intervención.

Señora Rodil, pedíame vostede que tomara aire respecto da cifra que plantexaban. Eu non vou tomar aire, se mo permite, vou tomar conciencia. Simplemente nos parece que non debemos alimentar certas expectativas que razoablemente non se van cumprir, e por iso, evidentemente, non podemos aceptar a súa proposta. En todo caso, si lle agradezo moitas das propostas que nos trasladou hoxe e que eu espero que se materialicen en achegas ao borrador que presentou no seu momento o Goberno da Xunta para que poidan ser debatidas por todos e, se é posible, incorporar aos acordos. En todo caso, paréceme que continuar coa solidarie-

dade e alimentar a cooperación non é incompatible cunha acción política que —coincidimos— debe resolver moitos dos problemas de fondo que causan estes problemas.

Señora Blanco, ¡home!, todos somos conscientes do magnífico labor que desenvolveu o señor Zapatero no ámbito do compromiso coa solidariedade e a mellora da pobreza. Debeu de ser alén das nosas fronteiras, porque é certo que durante o seu Goberno en España a pobreza aumentou a cotas nunca antes coñecidas. Supoño que diso non se sentirán vostedes tan orgullosos.

En todo caso, si me chama a atención que suba vostede aquí criticar que non hai consenso no IV Plan director da cooperación española, fundamentalmente porque vostedes o que criticaron é a falla de dotación orzamentaria dese plan. E crítico exactamente os mesmos que teñen bloqueada a aprobación non dun orzamento, senón de calquera orzamento. Bloquéano e despois quéixanse de que non haxa dotación orzamentaria. É un plantexamento certamente curioso.

En todo caso, eu teño que dicir que as emendas non as podemos aceptar. Gustaríanos incorporar algúns puntos da emenda socialista pero non é posible, porque non coincidimos nos plantexamentos orzamentarios. Nós pensamos que se deben comprometer cantidades certas que ofrezan compromisos fiables. Isto, xunto co altísimo grao de execución orzamentaria —máis do 90 %— que está desenvolvendo a Xunta en proxectos de cooperación, fai que ninguén se vexa abocado a abandonar un proxecto por falla de financiamento comprometido. É algo que si está acontecendo noutras comunidades autónomas gobernadas por vostedes, onde hai un aumento moi importante do orzamento virtual, e unha execución moi moi pequena, e iso crea disfuncións graves. En Galicia imos prometer o que podemos cumprir, e, sobre todo, imos cumprir aquilo que prometemos.

E en canto aos refuxiados, é certo que se cometeron erros, pero tamén certo —cito literalmente—: «España empezou a recibir refuxiados a un ritmo menor do que se podía esperar, pero o compromiso adquirido recentemente polo Goberno de reubicar a 500 máis ao mes é un sinal positivo para todos, especialmente para Italia e Grecia». Voceiro da representación da Comisión Europea no noso país, Dimitri Barua.

¿Eu á señora Chao que lle podo dicir? Cada vez que sobe vostede aquí parece que é para bortalme unha bronca. Eu láméntoo profundamente. Non sei se onte pasaría vostede demasiado tempo sentada no sillón da señora Santos, e isto ao mellor imprime carácter. *(Aplausos.)* Vixíe vostede, señora Santos, que lle interesa moito isto.

En todo caso, eu non veño tomar o pelo, eu veño facer unha proposta. Eu entendo que vostede non comprendese o que lle estaba eu dicindo ao principio da miña intervención porque eran cuestións referidas á aprobación da EGAE, e á súa participación na aprobación da Estratexia galega de acción exterior coñecémola todos: a diferenza doutros grupos foi nula, non fixeron nin unha soa proposta. Agora parece ser que teñen moitas. Agradecemos que nesta ocasión si se sumen vostedes e poidan elaborar e trasladarnos todas esas cuestións das que tanto saben.

En todo caso, eu diríalle que non hai que ter unha visión tan negativa de todo o que se fala.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Dígollo de verdade, eu creo que hai cuestións a mellorar. Pero hoxe que se atacou aquí —porque vale para todo— o sistema capitalista e o mal que facemos as cousas, eu quero recordarlle unha noticia que o periodista Nicholas Kristof, do *New York Times*, cualificaba como a mellor noticia descoñecida. Nos últimos trinta anos, a porcentaxe de persoas no mundo que viven na pobreza extrema reduciuse en máis da metade; 1.100 millóns de persoas saíron da pobreza extrema. Podemos repasar outros moitísimos datos e variables que demostran que ese capitalismo que vostedes atacan está dando resultados e está sacando xente da pobreza...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...dos índices de mortalidade infantil..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...da alfabetización, e da esperanza de vida. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Eu xa sei que a algúns que defenden outro modelo isto lles molesta. Pero ese modelo que vostedes defenden... (*A señora Barahona Martín pronuncia palabras que non se perciben.*) Por certo, se a señora Barahona quere falar, xa vai sendo hora de que alguén lle dea a palabra, por favor. Agradeceríámolo moito. (*Aplausos.*) Ese modelo que vostedes defenden...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...señorías —moitas grazas, señora Barahona—, ese modelo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...só acabou coa pobreza dos sátrapas que os impuxeron. É fácil recoñecelos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...seguro que os teñen vostedes estampados nalgunhas das camisetitas que teñen na casa.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Paula Vázquez Verao.

Estaba pendente unha transacción. ¿Pódea ler, por favor?

A señora VÁZQUEZ VERAO: Farémoslla chegar agora aos servizos da Cámara. Leo o acordo literal ao que chegamos os grupos. Agradecendo e trasladando o agradecemento de ViGalicia a todos os grupos.

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

Avanzar na prestación de asistente persoal para as persoas con diversidade funcional, incrementando no inmediato as contías económicas da mesma.

Avanzar na prestación de asistente persoal para as persoas con diversidade funcional no marco da convención internacional sobre o dereito das persoas con discapacidade.

Trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de mellorar a prestación de asistente persoal, avanzando cara a modelos que permitan a adaptación ás necesidades de cada individuo.

Que no marco do grupo de traballo do Imsero sobre a prestación de asistencia persoal se estude a posibilidade de avanzar cara a un modelo de autoxestión por parte das persoas usuarias.»

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos esta transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa prestación de asistencia persoal para garantir o dereito á vida independente das persoas con diversidade funcional.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, unha proposición de iniciativa popular que defendeu o señor Quiroga.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, de iniciativa popular, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia, diante do Goberno central, en relación coa protección dos viticultores do ámbito dos consellos reguladores da Ribeira Sacra, Ribeiro, Monterrei e Valdeorras afectados polas xeadas acaecidas nos últimos días de abril de 2017.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a constitución no Parlamento de Galicia dunha ponencia específica para a análise e a elaboración dunha proposta sobre o novo marco político e institucional de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 51.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa do señor Merlo Lorenzo.

Hai unha transacción. Se nola le. (Pausa.) Ou léoa eu.

A transacción consta de dous puntos. O primeiro di: «Indicar mediante ligazón o espazo da web: www.pescadegalicia.gal, con base no coñecemento de orixe e data establecido no código xa inserido na etiqueta por valores de poxa en primeira venda do produto.»

E o segundo punto: «Instalar un código QR ou similar no selo de «pescadeRías, ¿de onde se non?» que leve directamente o apartado de trazabilidade do produto na web: www.deonde-senon.xunta.gal .»

Votamos estes dous puntos da transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga e D. Juan José Merlo Lorenzo, sobre a introdución na etiquetaxe do selo pescadeRías, ¿de onde se non? do prezo pagado por quilo ao mariñeiro ou mariscadora, así como dun código QR que leve directamente ao apartado de trazabilidade do produto na páxina web www.deondesanon.xunta.gal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora unha proposición non de lei conxunta, de todos os grupos da Cámara; dos GG. PP. Popular de Galicia, En Marea, Socialistas de Galicia e Bloque Nacionalista Galego.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei dos GG. PP. Popular de Galicia, En Marea, Socialistas de Galicia e Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa inclusión das enfermidades minoritarias ou raras consideradas graves e os casos deste tipo en proceso de diagnóstico na listaxe de enfermidades reflectidas no anexo do Real decreto 1149/2011, así como a introdución neste das modificacións necesarias co fin de definir o que se considera coidado directo, continuo e permanente para os efectos dunha prestación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de don Jaime Castiñeira.*

Non foron aceptadas as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e de En Marea.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jaime Castiñeira Broz e sete deputados/as máis, sobre a inclusión pola Xunta de Galicia da construción modular de vivendas no seu Programa de vivenda de promoción pública.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Noa Presas.

Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co feminismo galego e a convocatoria de folga de mulleres prevista para o día 8 de marzo de 2018 para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar a desigualdade de trato entre empregados públicos autonómicos fixos e temporais, conforme a doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa do señor Pazos Couñago.

Non foron aceptadas as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque e do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e sete deputados/as máis, sobre a presentación pola Xunta de Galicia, no primeiro cuadri-

mestre de 2018, dun balance da execución do III Plan director da cooperación galega 2014-2017, a elaboración dun novo plan director para o período 2018-2021, así como a inclusión da acción humanitaria de calidade entre as súas orientacións estratéxicas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Finalizaron as votacións. Abran as portas, por favor.

Pasamos ao punto sexto da orde do día, que se corresponde co de interpelacións.

Interpelación de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación co remate dos procesos de concentración parcelaria

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todos e a todas, tamén aos que nos están vendo agora.

Estamos aquí no Parlamento para falar de política, e eu, despois do acontecido nos últimos días, non podo deixar de dedicar un minuto a falar da tremenda involución democrática que está a vivir este país. Quérennos vostedes mandar outra vez de volta ao franquismo cando vemos que antonte un rapeiro é condenado a tres anos de cadea por facer letras contra o Rei. Quérennos volver vostedes ao franquismo cando hai presos por defender ideas políticas. (*Murmurios.*) Quérennos levar ao franquismo cando queren eliminar a esencia do Entroido, criminalizando a quen fixo un pregón irreverente coas autoridades, ese é o sentir do pregón... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, á cuestión, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Queren vostedes criminalizar o alcalde democrático de Santiago de Compostela..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que recibe ameazas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...ameazas fascistas... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vaise xulgar un rapaz compañeiro...,

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...o 19 de marzo, na Audiencia Nacional, porque...

O señor PRESIDENTE: Por favor, silencio. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Sánchez, por favor, á cuestión. *(Aplausos.)* Á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...vostedes, os mesmos...,

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que manteñen os grandes ladróns... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez... Señor Sánchez, chámoo en relación co artigo que contempla o da cuestión. Advírtollo por primeira vez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si.

O señor PRESIDENTE: Sabe que tres advertencias supoñen...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, si vostede...

O señor PRESIDENTE: Non, non. Non entre vostede niso, por favor. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estou falando co que está facendo a interpelación. Á cuestión, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vostede tamén está facendo un pobre papel coartando a liberdade de expresión neste Parlamento, señor presidente. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non creo eu. Por favor.

Por favor, iso non corría présa ningunha neste caso. Por favor, á cuestión. *(Murmurios.)* Vamos á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Mentres vemos como os grandes ladróns, amparados por vostedes *(Murmurios.)*, andan pola rúa. *(Aplausos.)* Berren o que queiran. Vou á cuestión.

O señor PRESIDENTE: Empece.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Agora, señor Tellado, berre o que queira.

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Os ladróns andan pola rúa coa súa convivencia. O señor Urdangarín anda ceibo e vivindo unha gran vida.

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señor Sánchez. (*Murmurios.*)

Señor Sánchez, segundo aviso. Segundo aviso.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Xa está.

O señor PRESIDENTE: Segundo aviso. Ao terceiro, retirada de palabra. Segundo aviso.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor presidente, as verdades poden ofender pero hai que dicilas, en tal caso.

Falamos das concentracións parcelarias, que son un fracaso interminable... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señora Prado, cando falei de que os ladróns andan pola rúa ¿quería dicir algo vostede ao respecto ou...? (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) Xa que non lle chama a atención o presidente, terei que chamarlla eu.

O señor PRESIDENTE: Non dialogue, vaia á cuestión. Vaia á concentración parcelaria.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: En relación coas concentracións parcelarias..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...un fracaso interminable responsabilidade dos anos e anos de goberno do Partido Popular, quería comezar dicindo —señora conselleira, bos días— que acaba de saír en decembro unha enquisa de estrutura de explotacións agrarias que vostede debe de coñecer. Son malos datos para Galicia, datos pésimos.

No período 2013–2016 perdéronse 3.383 explotacións, case unha redución do catro e medio por cento das explotacións. Mentres isto ocorría en Galicia, na media do Estado reducíanse nun 2,1 %; o dobre de ritmo de destrución de explotacións agrarias que na media do Estado. Un mal dato, seguido doutro malo. Podería ser que pechasen explotacións e que a superficie desas explotacións fose engrosar a base territorial doutras explotacións, pero en absoluto acontece iso, porque tamén perdemos e seguimos perdendo un valor enorme para un país como son os solos de aptitude agronómica, a superficie agraria útil, que se reduce nunhas 34.000 hectáreas, vindo dunha traxectoria histórica e dunha perda imparable e espectacular.

Pero é máis, de feito, mentres no Estado medran as hectáreas por explotación, en Galicia descenden. E se no 2013 eses mesmos datos dicían que cada explotación tiña unha media de 8,4 hectáreas, agora redúcese a 8,35 hectáreas por explotación. É dicir, despois dun período de pequeno incremento da base territorial, os últimos anos do Partido Popular provocan un descenso da superficie por explotación.

Malos datos e un destino pésimo, posto que a maior parte destas terras que deixan de ter produción agraria nun país que ten que importar anualmente arredor de 900 millóns de euros de alimentos que non é capaz de producir aquí, van para a reforestación de terras agrarias para eucalipto, para piñeiros, e nós non queremos un país que siga reforestando terras agrarias porque é un valor que hai que protexer. É unha pésima tendencia porque mingua un recurso limitado como son os solos de aptitude agronómica.

Estes datos, así como que tamén seguimos tendo un problema de cambio xeracional no agro: só o 5,65 % dos titulares das explotacións teñen menos de 40 anos, é unha situación de extrema gravidade e ofrecen a radiografía dun rural abandonado e dun agro que leva anos soportando políticas equivocadas, irresponsables e daniñas tamén. Como daniño foi, xeralmente —evidentemente, habería que analizar caso por caso—, o modelo de concentración parcelaria impulsado nos tempos de Fraga.

Serviu para paralizar a actividade agraria en moitos dos lugares. Foi escollido con criterios clientelares e caciquís; é dicir, onde algún alcalde quería concentración parcelaria, facíase a concentración parcelaria por criterios políticos pero non por criterios técnicos, tendo en conta que puidese ser un instrumento de impulso da actividade agraria. Serviron para plantar eucaliptos en moitos casos, non en todos, non queremos xeneralizar; serviron para colocar casas como instrumento de ordenación urbanístico en vez de ser un impulso para a actividade agraria. Estamos vendo que nas que están aínda activas hai zonas ás que van os técnicos facer os traballos para a concentración que están desertas, que nunca van ter un impulso agrario. Polo tanto, é un modelo fracasado de xestión da terra, pola perda de superficie agraria útil e porque, en vez de axudar, en moitos casos impediou o desenvolvemento agrario.

Hai zonas onde hai anos e anos que a xente non pode actuar nas súas fincas ou nas súas terras por culpa de ter empantanados estes procesos. E neste contexto, onde xa nin vostedes se atreven a defender o modelo que desenvolveron durante anos e anos de concentración parcelaria, que foi un modelo tamén, en xeral, insostible económica e ambientalmente —en xeral, xa digo, é certo que pode haber casos onde si serviron para a actividade agraria, pero en moitos dos casos, como xa digo, non—, vostedes anuncian que nesta lexislatura van acabar todas as concentracións que están activas, e nós estamos un pouco fartos de promesas que despois non se cumpren por parte do seu goberno. Promesas que veñen querer tapar a falta dunha correcta política con rigor e feita a través dos anos con orzamentos e coa execución dos orzamentos, señora conselleira. Vostedes son moi áxiles para producir mentiras institucionais e poñelas a circular nos medios de comunicación, pero non son tan áxiles nos propios procesos que teñen que implementar.

Nos últimos dous anos, 2016 e 2017, o ritmo foi dunha media de catro entregas de títulos por ano. Houbo sete entregas de títulos no 2016 e unha no 2017. Como moito, os técnicos están informando unha media de dez destes expedientes. ¿Como pretenden vostedes rematar todas as concentracións parcelarias con este ritmo? 2016, sete títulos entregados; 2017, un. É totalmente inverosímil que vostedes o consigan.

O que si que deben de facer —ademais de que nós cremos que o que hai que facer é rematar cunha situación que produce moitos quebrantos e quebradeiros de cabeza para a xente que

vive alí— é acabalo do xeito máis racional posible a nivel económico e ambiental, sabendo que moitas destas zonas xa non van ter un uso agrario ou un uso agrario profesional. E, a partir de aí, darlle un novo enfoque á xestión da terra, un novo enfoque que rexeite o modelo que vostedes desenvolveron durante todos estes anos, que é un absoluto fracaso, e que vaia a un modelo de xestión da terra máis sostible económica e ambientalmente.

E tamén, evidentemente, o recoñecemento do seu goberno do fracaso na xestión da terra. Temos un país desordenado territorialmente, onde se están plantando eucaliptos en terras agrarias, onde non conseguen frear a perda deste valor. Recoñezano e traten de darlle unha corrección no sentido de que este país ten que protexer ese recurso, porque non hai ningún país que se prece, desenvolvido, que non loite porque os seus solos agrarios estean a producir o máximo posible. E un país como Galicia necesita para o sector lácteo, para o sector agrario, producir aquí os insumos e non depender tanto dos pensos.

Polo tanto, señora conselleira, ao ritmo que imos, non imos acabar esas concentracións. Se vostede prometeu rematar nesta lexislatura 128 procedementos de concentración parcelaria ou o seu goberno prometeu iso, dígame: se vostede non chega nin á metade do obxectivo que plantexaron, ¿vai dimitir?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Resposta da conselleira do Medio Rural

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, ante todo, respecto. Respecto cando hai unha interpelación e, polo tanto, temos que falar dun tema, pero sobre todo respecto ás mulleres, e como muller eu teño algo que dicir.

Teño algo que dicir porque non creo que haxa que mutilar nin matar a ninguén para poder facer letras un rapeiro nin nada que se lle pareza. Creo que temos unha obriga, e esa obriga é unha convivencia normal. E se vostedes teñen respecto ás mulleres, o mínimo que teñen que facer é condenar certas letras como as que tivemos a desgraza de ter que escoitar. (*Aplausos.*)

Dito isto, e porque a min si que me interesa o rural, voume centrar nos compromisos adquiridos polo Goberno, que, por suposto, son compromisos da Consellería do Medio Rural. E se nun momento determinado dicimos que imos rematar os procesos de concentración parcelaria a nivel administrativo, créame que detrás nos avala un traballo e uns informes técnicos; e, polo tanto, o cumprimente vaise facer efectivo antes de que remate a lexislatura.

Falaba vostede de datos, e parece que saír aquí e falar do rural é a proxección dun rural totalmente negro. Eu non lle vou levar a contra, simplemente vou poñer enriba da mesa o traballo e o esforzo que están facendo os gandeiros e os labregos e as labregas.

Batemos este ano récord no que ao lácteo se refire. Batemos récord no que a cabezas de gando se refire. Posionámonos en segundo lugar, a nivel nacional, no que a gando vacún se refire. Somos os primeiros en plantacións de kiwis. Seguimos sendo o pulmón de España. Tamén somos os primeiros no que ás explotacións ecolóxicas de lácteo se refire. Somos os segundos en mel. Aportamos o 25 % de ovos de toda España. Bueno, son números e son realidades que vostedes poden contrastar, e, a partir de aí, poñer ou non en valor non o traballo do Goberno en si, senón o traballo das xentes que viven no rural.

Imaxino que haberá cousas nas que non esteamos de acordo, pero haberá outras nas que si chegaremos a un acordo, e ese acordo é que falar de reestruturación da propiedade é fundamental, porque iso supón o despegue socioeconómico do agro galego. Iso permite, efectivamente, redimensionar as explotacións, facéndoa máis rendibles, compaxinando os intereses particulares e tamén o interese xeral. Permite, ao mesmo tempo, mellorar as vías de comunicación, e non só para as parcelas en si, senón para dotar de maiores e mellores servizos públicos e, polo tanto, potenciar a calidade de vida da xente que vive no rural. Unha que vive no rural e a outra que vive do rural.

Neste sentido, tamén clarificamos e actualizamos a titularidade da terra, que é fundamental, porque todos sabemos da excesiva fragmentación, por suposto —esa é unha realidade—, da terra en Galicia. Todos sabemos que hai unha historia que nos avala, para ben ou para mal. Polo tanto, temos que seguir avanzando para ter equilibrios; e ter equilibrios tamén supón facer investimentos fortes. Houbo momentos nos que houbo que priorizar outro tipo de servizos e, efectivamente, non se priorizou a reorganización da propiedade, pero non é o que está a acontecer agora, señor Sánchez.

E houbo que facer cambios, ademais, a nivel lexislativo, porque, efectivamente, eran procesos longos, custosos e que se demoraban demasiado no tempo. Moitas veces impulsounos xente que, ao final, xa non foi quen de poder utilizar os seus novos predios.

Para iso está a Metaga, e grazas a ela os procesos de carácter público redúcense de seis a catro fases, e, polo tanto, minoramos o tempo de desenvolvemento dos procesos, desaparecendo dúas fases intermedias que eran moi longas no tempo, que eran as bases provisionais e un dos proxectos. Iso é o que posibilita que poidamos dicir que esas 128 concentracións parcelarias que temos no territorio vaian ser rematadas administrativamente —créame, señor Sánchez— antes de que remate a lexislatura.

Ao mesmo tempo, a Metaga aposta polo aproveitamento das estruturas viarias preexistentes; é dicir, temos que ter un respecto sobre o territorio. Pasamos desas grandes cuadrículas a ter eses camiños que moitas veces o único que hai que facer é adaptalos e melloralos, que é o que se está facendo agora mesmo, e, polo tanto, sófrefe un menor impacto sobre o medio, implicando tamén iso a redución de custos. E esa redución de custos fai que poidamos facer unha maior execución e teñamos maiores posibilidades económicas para poder abarcar non só eses 128 espazos, senón que, á parte deses 128 espazos, comezamos 51 concentracións parcelarias novas ao longo deste ano.

Varios son os obxectivos que nós perseguimos. Mellora das condicións estruturais, técnicas e, polo tanto, económicas das explotacións agrarias en Galicia, que ben é certo que hai menor

número, pero estanse redimensionando, porque non podemos condenar continuamente a que por ter pequenas explotacións, e que simplemente sexan un número, esas explotacións malvivan. Teñen que vivir como auténticas industrias no rural, que é o que están intentando facer agora mesmo. É o que nos está pedindo o sector, e, polo tanto, é na liña na que os que estamos gobernando temos que actuar. Tamén establecendo predios que se agrupen e que haxa unha maior mobilización para o uso agrario.

Outro dos obxectivos que persegue a Metaga é facilitar a adecuación territorial de áreas con elevados valores medioambientais e paisaxísticos, e así o estamos facendo, para potenciar e preservar a permanencia de ditos valores. Ou que se reduza a incidencia do risco a través da reorganización espacial e funcional da estrutura territorial vixente. Procura, ademais, mitigar os efectos do cambio climático, e como non, busca incrementar a superficie das explotacións mediante a mobilización dos predios.

Señorías, dende que comezou a concentración parcelaria en Galicia actuouse en 1.025 zonas. Falamos de 500.000 hectáreas, afectando a preto de 430.000 propietarios, e iso forma un total de 4.110.000 parcelas. O 87,5 % destas zonas está rematada, queda o 12,5 % que están en activo. Estamos a falar, polo tanto, de que ese 12,5 % son as 128 zonas vivas que temos a día de hoxe na nosa comunidade.

Dende o punto de vista dos investimentos nos últimos anos, e ante as limitacións orzamentarias que hai que poñer enriba da mesa, foi necesaria a priorización das actuacións a acometer en diversas zonas. Así, determinouse dar prioridade ás zonas que tivesen os camiños principais executados, porque son os que precisan un maior orzamento. O orzamento para este tipo de actuacións medrou notablemente nos últimos anos, de aí o compromiso do Goberno.

Se a media do orzamento entre o ano 2013 e 2015 acadou os 8,8 millóns de euros, o orzamento para 2017 incrementouse nun 207 %, ata acadar os 27 millóns de euros. E a principios de ano temos presupostados outros 20 millóns de euros.

Entre o 2016 e o 2017 o obxectivo foi seguir avanzando nas zonas con camiños principais executados. Tamén prevemos a execución de redes de camiños principais noutras zonas de Galicia e determinamos actuacións de cara ao avance de procesos de reestruturación.

Miren, dende o ano 2009 ata o ano 2017 investíronse en Galicia 92 millóns de euros nas obras e servizos técnicos destes procesos de ordenación territorial. Grazas a este investimento avanzouse na reordenación do territorio ata quedar en 128 zonas activas, que afectan neste momento a 112.059 hectáreas, as mesmas que se pretenden pechar administrativa-mente de cara ao ano 2020. E mire que o repetín tres e catro veces para que figure, porque estou segurísima de que os informes técnicos e o orzamento, ao final, van avalar que isto sexa así.

Neste momento existen 84 zonas das 128 que están xa coas bases definitivas firmes ou fase superior, 15 delas con acordo firme; co que o obxectivo de 84 créame que xa está cumprido. Con respecto as 44 zonas restantes, tal e como dicía vostede — e non coincidimos en moitas

cousas, pero nalgunhas si—, en 6 delas estase estudando se cumpren cos obxectivos da Metaga, porque poida que haxa algunha que non cumpre con eses requisitos e, polo tanto, decídese pechala. En 33 xa están contratados os procesos de contratación, o acordo e o replanteo de novas fincas, e executadas ou en execución as obras de rede de camiños. Nesas zonas, dependendo do número de recursos que nos plantexen contra o acordo, imos cumprir co obxectivo plantexado. Noutras 5, por diferentes motivos estamos condicionados polos informes sectoriais —porque temos informes sectoriais— para poder desenvolverse. Pero estamos traballando para poder dar a toma de posesión das novas fincas e rematalas no ano seguinte.

É dicir, ano 2018, disposición de 20 millóns de euros destinados a eses 128 procesos, dos que xa lle dixen de maneira creo que exhaustiva cal é a relación. Tamén lla podo dar con nomes e apelidos, pero creo que con números é suficiente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señora conselleira, moitas grazas pola resposta.

O noso respecto polas mulleres é absoluto, pero mire, dígolle: houbo un membro do Partido Popular non hai moito —por poñer un exemplo só— que dixo: «*Las leyes son como las mujeres, están para violarlas.*» Renunciou, disque, por motivos persoais. Para ese señor nós pedimos a dimisión porque non é digno de representar ningún cargo político neste país. Pero non pedimos a cadea, pedimos a dimisión. (*Aplausos.*) Polo tanto, non veña vostede a facer esa lectura do que é a liberdade de expresión dun actor, cantante ou o que sexa. Están encadeando...

O señor PRESIDENTE: Á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...—á cuestión— están encadeando xente que twitea chistes sobre Carrero Blanco, señora conselleira...

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Estoulle contestando ao que a conselleira me dixo. Polo tanto, empecen vostedes...

O señor PRESIDENTE: E ela contestoulle ao que dixo vostede.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...por respectar vostedes as mulleres. Empecen por non ter un portavoz no Congreso dos Deputados que dixo que as familias das vítimas da represión franquista só se moven cando hai subvencións...,

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e segue aí o señor Hernando. Polo tanto, respecto.

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Xa vou á cuestión, que quero rematar, ademais.

Señora conselleira, xa me empezo a explicar todo. Entón o truquillo estaba en que se antes, na anterior lei, tiñamos oito pasos, as bases definitivas eran o quinto paso, e aínda quedaban despois o proxecto de concentración, o acordo de concentración parcelaria e a acta de reorganización da propiedade, eses tres pasos nos que moitas concentracións levan anos empantanadas, vostede vai considerar rematado o proceso no quinto paso deses oito. Respóndame como vostede vai axilizar coa Metaga, que lle digo que está vixente dende o ano 2015, e no ano 2016 se entregaron sete títulos e no 2017 un. Ou sexa, di que hai 20 millóns de euros e se entregan nunha concentración os títulos, que é o final do proceso de concentración parcelaria.

Claro, agora a conselleira vén dicir que non, que imos acabar porque imos dar por finalizado nas bases definitivas. Agora xa me explico todo. Pero dende as bases definitivas ata a entrega de títulos houbo concentracións parcelarias que estiveron máis dunha década esperando, señora conselleira. Tamén pode traer aquí e dicir deses 20 millóns de euros canto se executou. Porque a media dos tres últimos anos de execución do programa 551, de infraestruturas e mellora das estruturas no rural, é dun 25 %. Un de cada catro euros que se inviste, tres de cada catro euros que se deixa sen executar. Conta xeral do 2014, 2015 e 2016, señora conselleira. Polo tanto, non veña vender fume.

O certo é que vostedes prometeron rematar as concentracións parcelarias activas, 128, nesta lexislatura; e que no 2016, sete, e no 2017, unha. E o único que queren facer é un truquillo de prestidixitación, dicindo que imos acabar cando estean as bases definitivas.

A disposición transitoria primeira da Metaga fala claramente da irretroactividade das concentracións parcelarias. Iso quere dicir algo. Só cando se poida, se adaptará a concentración parcelaria á tramitación da Metaga a partir do momento en que se colla a tramitación. Polo tanto, a Metaga non vai servir no 90 % dos casos para esa axilización.

E despois vostede dicía: o rural en negro. Nós non pintamos o rural en negro, eu fixen unha relación de datos recentemente publicados da estrutura das explotacións agrarias. Se quere vir vostede aquí dicir que perder 34.000 hectáreas en tres anos é un bo dato, dígao e quedará retratada. Para nós non é un bo dato, é un dato nefasto, sobre todo, cando terras agrarias van ser reforestadas con eucaliptos e están sendo reforestadas todos os días.

Se vostede pensa que que a base territorial das explotacións descenda do 2013 ao 2016 de 8,44 hectáreas por explotación a 8,35, veña aquí e dígao. Para nós, o que significa é a constatación do fracaso das súas políticas, e vostede aquí recoñeceu que dende os tempos de Fraga o Partido Popular vén insistindo nun modelo fracasado. Acaba de recoñecelo aquí. Vostedes son responsables de que, mentres investiron 1.200 millóns de euros en procesos de concentración parcelaria, perdemos sistematicamente superficie agraria útil que foi co-

lonizada polos eucaliptos e por casas, esa é a realidade. Non é pintar un rural en negro, non. O rural en negro píntano as cifras. Como o pintaron as cifras demográficas que acaban de saír publicadas, onde xa o 76 % da poboación se concentra nas provincias do eixo atlántico, e onde segue o progresivo abandono do rural. Fale cos técnicos da súa consellería cando van por Cartelle facer os traballos de concentración parcelaria, onde ven núcleo rural tras núcleo rural abandonado, onde ven que van facer unha concentración parcelaria onde non hai nin un só agricultor ou gandeiro que poida traballar despois de ter investido tantos cartos niso.

Señora conselleira, ao actual ritmo non van cumprir, xa llo dixen. Se vostedes non cumpren nin a metade do obxectivo que se marcaron, ¿vai vostede dimitir? ¿Ten vostede algún mecanismo de control para que nas zonas que se están concentrando se evite o monocultivo de eucalipto como está pasando?

E non me veña coa lei, non me veña coa lei, véñame coa realidade. Na lei xa sei que non se poden facer determinados cambios de uso, pero está acontecendo e vostede o sabe.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Peche desta interpelación, conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Créame, señor Antón, que non se está facendo ningunha concentración parcelaria en ningún lugar onde non haxa gandeiros nin agricultores. Dío a lei, e xa sei que igual a vostedes falar de lei non é igual a cumprila, pero no noso caso ter unha lei é para facer o cumprimento da mesma. *(Aplausos.)*

Naqueles lugares onde haxa plantacións de eucalipto que se estean facendo en zonas agrarias, créame que, ata onde deamos chegado, aí están as sancións pertinentes. Pero ben é certo que debemos de colaborar todos, polo tanto, naquelas zonas onde gobernan os seus alcaldes, creo que tamén se deberían de poñer mans á obra e facer as denuncias pertinentes naqueles lugares nos cales teñen competencia, como son as franxas secundarias.

A partir de aí, centrámonos nos procesos de concentración parcelaria, e non queira que eu repita o que vostede di. Eu dixen que estarían rematadas administrativamente as 128 zonas de concentración parcelaria, e vostede fáleme das bases. Eu falo de remate administrativo das concentracións parcelarias.

Neste momento temos 45 abertas na provincia da Coruña, que son 47.724 hectáreas. Teño que falar do traballo inxente que están facendo os técnicos e de todo o esforzo, e dende aquí lles teño que dar as grazas. Hai 14 zonas vivas en Lugo, cunha superficie de 9.621 hectáreas; 31 na provincia da Coruña, con 23.990 hectáreas; e 37 na provincia de Pontevedra, con 30.724 hectáreas.

Pero imos ir máis aló, porque así está a demanda de agricultores e gandeiros, e despois da realización e, por suposto, do cumprimento da lei, e de acatar o que ordena a Metaga, direi-lles que imos abrir 51 novas zonas de reestruturación parcelaria que van estar distribuídas do seguinte xeito, porque aquí ten que haber transparencia e, polo tanto, todos o debemos de saber: 13 na provincia da Coruña, 24 na provincia de Lugo, 8 na provincia de Ourense e 6 na provincia de Pontevedra. Isto quere dicir que estamos a realizar un importante esforzo para rematar as que están agora vivas, e, por outro lado, para facer os estudos pertinentes segundo as demandas, e en función do sector, para abrir novos procesos.

Pero non só iso, porque aquí falar de concentracións parcelarias supón falar de agricultura pero tamén supón falar do eido forestal, e de todas as que temos abertas, señor Antón, quérolle dicir que 109.000 hectáreas son concentracións de monte. Monte ordenado que teremos antes de que remate a lexislatura, que vén ser o 67 % das que temos agora vivas.

Falamos, polo tanto, de que no ano 2020 contaremos con 109.000 hectáreas de natureza forestal concentrada, o cal non quere dicir que esa natureza forestal sexa única e exclusivamente de eucaliptos, porque, se por algo está loitando esta consellería a través do novo planeamento forestal, é para ter variedade e, polo tanto, para que se cumpra a biodiversidade tamén en Galicia.

As reestruturacións promovidas por particulares tamén son benvidas, e temos agora en marcha cinco concentracións parcelarias promovidas por particulares. Sacamos adiante certos procesos, como é o modelo marco. É un mecanismo agrario de reestruturación comunitaria da superficie que tamén supón reestruturar o que é a superficie agraria.

Estes van destinados a tamaños pequenos, entre 50 e 200 hectáreas, e concíbese como un sistema complementario á reestruturación da propiedade, que agruparía os predios modificando unicamente o seu dereito ao uso.

Neste momento estase levando a cabo en Sarria, no lugar de Louseiro, e supón menos custo, pero supón unha adaptación ao que nos está pedindo o sector. E aí están solicitadas, tamén como modelo marco, outras zonas para reorganizar, como o caso dos arredores de Lugo, tamén en Vilalba, nas áreas de Eume-Ortegal ou nas zonas do Deza.

Este proxecto pilótao o Banco de Terras. É algo para facelo máis factible e que, polo tanto, sexan os propios gandeiros os que determinen a súa reorganización, sempre avalados e dándolles seguridade xurídica pola Xunta de Galicia.

Temos moitísimos exemplos dos cales lle podería falar neste momento, como é o caso de Touro, como é o caso do Pino, como é Trazo ou como é o caso de Curtis, que son concentracións parcelarias modélicas e que supoñen un antes e un despois para as explotacións desta zona.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Interpelación de D. Raúl Fernández Fernández e sete deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co Plan extraordinario de estradas do Goberno central

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señora conselleira. Benvida.

Permítame antes de nada que lle debulle o panorama dos investimentos do Estado en Galicia nos últimos anos, porque ao noso entender non pode ser máis desalentador. O último exercicio foi, sen dúbida, o peor, e con isto quero rebaixar a euforia que hai uns intres amosou o señor Feijóo.

Nos dous últimos anos, a porcentaxe de cumprimento do investimento do Estado en Galicia foi unicamente da metade. Deixaron de investirse 1.300 millóns de euros; isto é, un 31 %, por debaixo incluso da porcentaxe xeral de execución en España. Unhas cifras que entendemos que merecen dunha explicación pola súa parte, porque falan tanto da incapacidade do señor Feijóo e do Partido Popular para defender os intereses dos galegos e das galegas, como do evidente menosprezo que vostedes lle dan a este feito. Os millóns non só non se investiron, senón que nin sequera se esperan.

Por outro lado, e segundo datos da Federación Galega da Construción, o Estado liderou no ano 2017 o desplome da licitación de obra pública en Galicia. De case 500 millóns licitados no 2016, pasouse a pouco máis de 100 millóns no 2017. Isto é, preto de 400 millóns de euros menos dispoñibles para as obras públicas galegas.

E se comparamos esta cifra coa que ofrece Seopan para o conxunto de toda España, de 3.850 millóns de euros, resulta que o Estado unicamente licitou en Galicia menos do 3 % do total.

Non sei que lle din a vostede todas estas cifras, pero a min fálanme do desleixo do Goberno central, do Goberno do PP e do señor Rajoy por Galicia. E non acabo de entender que tipo de boa sintonía e de lealdade é esa que vostedes se profesan que acaba sempre traducida no abandono das galegas e dos galegos.

Voulle dar outros dous datos que son demoledores. No 2016 non só a licitación do Adif baixou un 60 %, senón que o Ministerio de Fomento pasou a investir un 96 % menos. escoita ben, señora conselleira. De 288,6 millóns de investimento no 2016, pasouse a 11,6 millóns no 2017. Penso que son datos que teñen a súa explicación na desidia e na falta de motivación do señor Feijóo á fronte do Goberno galego.

¿Entende, señora Vázquez, o porqué da nosa inquedaanza? A nosa sensación é que, se algo se está a fraguar en España, dende logo non é en Galicia. Aquí o único que temos son as voltas e reviravoltas das tolvas, das promesas, esas que logo marchan cos proxectos e cos cartos cara outras comunidades e que vostedes son incapaces de reter.

E por iso lle achegamos aquí estas preocupacións, que se tornan aínda máis grandes tralo anuncio o 14 de xullo do pasado ano, por parte do Goberno do Estado, do Plan extraordinario de investimento en estradas. Un plan para o que anunciaron un investimento de 5.000 millóns de euros nos vindeiros catro anos. Un plan sustentado por un novo mecanismo de financiamento, baseado na colaboración co sector privado, e con varios obxectivos: completar os tramos da rede transeuropea de transporte pendentes; resolver os pescozos de botella existentes na rede actual de estradas; mellorar e adaptar as principais autovías existentes ás exixencias da nova normativa en materia de sinistralidade, ruído e emisións de CO₂; e asegurar a conservación de todos os proxectos que se realicen, porque de feito son as empresas construtoras neste plan as que se responsabilizarán do mantemento das infraestruturas que lles sexan adxudicadas durante un período de trinta anos.

Ata aí todo ben. O Partido Socialista sabe vostede que non se opón a esta fórmula de financiamento e de pago por dispoñibilidade. É a falla de transparencia e de comunicación dos contidos deste plan a que nos preocupa enormemente en todo este proceso e a que nos levou a presentar hoxe esta interpelación.

Señora conselleira, permítame con isto que lle comente outra cuestión que me parece que é importante e que vén a colación, ademais, neste debate. Dende o ano 2011, España participa do *Open government*, a alianza do Goberno aberto, unha entidade na que participan xa 64 países e que ten por obxectivo a mellora da comunicación dos gobernos cos seus cidadáns, involucrándoos nos procesos públicos.

No prólogo do III^o Plan de acción de España 2017-2019, polo tanto o vixente actualmente, apúntanse reflexións como a que segue: «É intelixente xestionar institucións e organizacións contando coa participación activa dos que están afectados por elas, porque permite atender as expectativas lexítimas dos grupos de interese, e, en consecuencia, tomar mellores decisións.» E di tamén: «Contar cos afectados é tamén unha cuestión de xustiza básica, porque eles son, por dereito, os protagonistas da vida pública. É preciso organizar a comunicación de modo que poidan agardar que as súas preguntas e propostas van ser escoitadas e van ter unha resposta axeitada.»

Resumindo, transparencia, participación e comunicación, diso fala o Plan de acción vixente para o Goberno aberto. E hoxe aquí é o que lle demandamos: transparencia, participación e comunicación.

A nosa obriga hoxe é recordarlle que tralo Plan extraordinario de investimentos en estradas hai uns protagonistas claros, que primeiro o presidente do Goberno na presentación do plan, e logo vostedes, obviaron e están a obviar de forma descarada. No que a vostede e ao señor Feijóo lles toca, son as galegas e os galegos. Todas e todos merecen coñecer con detalle e opinar sobre as prioridades das obras que se acometerán.

Dende a presentación do plan, sabemos unicamente datos puntuais e pouco concretos. O ministro Íñigo de la Serna, en comparecencia no Congreso, matizou que son poucos os proxectos que poderán formar parte do plan, e anunciou que se incluírán aqueles que teñan un carácter prioritario, un grao de madurez suficiente que permita a curto prazo a aprobación

dos estudos de viabilidade, ser viables económica e financeiramente e que sexan financiados polo Banco Europeo de Investimentos, cun investimento mínimo duns cen millóns de euros; así como ter sido xa sometido á información pública, entre outras cousas.

Evidentemente, desta mensaxe o que nos quedou claro é que teñen en mente unha serie de estradas pero non teñen intención de revelalas nin de consultalas coa cidadanía. Iso si, o dato coñécese o Goberno e moitas das construtoras que teñen confirmada a súa asistencia ás diversas reunións. *Open government*.

¿Lembra o que lle lía antes dos seus obxectivos?: «Ter en conta a xente, os protagonistas, a participación activa, para acadar as mellores decisións». Non lle estamos a contar unha reclamación do Partido Socialista, é que é un compromiso do seu Goberno, ese que pretende ser aberto e participativo pero que fai públicas as informacións cando xa están cociñadas e incluso degustadas. De feito, en decembro o presidente do Goberno anunciaba en rolda de prensa en Murcia que sería nesta comunidade onde se daría o pistoletazo de saída do plan, con actuacións valoradas xa en 675 millóns de euros. Dos 2.200 millóns anunciados para este ano, señora conselleira, e oito meses despois do anuncio do plan, seguimos sen saber se algún deses millóns virá para Galicia.

Ese plan anunciado cun man a man do ministerio coas comunidades autónomas e do que a día de hoxe o único que sabemos é a través dos medios de comunicación. Eses que nos transmitían —porque non foi vostede nin o señor Feijóo— que vostedes xa trasladaron aquelas infraestruturas que consideran que encaixarían neses requisitos que indica Fomento. Por un lado, a construción dun novo trazado duns 10 quilómetros na autovía A-55 entre O Porriño e Vigo para conectar coa A-52; trazado do que xa se anunciou a posta en marcha da redacción do proxecto. E como vostede sabe, sería de máximo interese a súa inclusión ao ser este tramo tristemente coñecido por ser un dos de maior índice de sinistralidade de España; non por ser «un dos», é o de máis sinistralidade de España.

Tamén poderían incluírse outras estradas, como a autovía A-74, a autovía da Mariña, conectándose aproximadamente 33 quilómetros entre San Ciprián e Barreiros para enlazar coa A-8. A autovía que conectaría coa futura autovía A-59, que iría dende o aeroporto de Peinador ata Vilaboa. A A-56, que conectaría Ourense coa A-54 para alcanzar a cidade de Lugo. A A-57, que transcorrería nunha primeira fase dende Pontearreas a Pontevedra. A A-76, que conectaría Ourense coa saída e entrada central de Galicia ata Ponteferrada.

Descoñecemos, polos condicionantes insinuados polo ministro de la Serna, se todas elas, algunhas, ou quizais outras, optarían a entrar neste Plan extraordinario de estradas. ¿Dáse conta do frustrante que pode resultar non cubrir as expectativas por non ter comunicado e informado debidamente das posibilidades reais que ten Galicia de participar deste plan?

Por iso hoxe lle trasladamos esta serie de preguntas: ¿Vai entrar Galicia na quiniela ou non vai entrar? ¿Que compromisos concretos para Galicia serán incluídos? ¿Con que previsión de prazos e con que contías? ¿Baixo que garantías? ¿E que outras actuacións, en todo caso, en materia de estradas levará a cabo o Goberno do Estado directamente, e sen incluír no de-

vandito plan, durante os anos 2018–2019 e que nos poida vostede adiantar nun acto de verdadeiro *open government*?

Agradeceríámoslles a resposta a todas estas preguntas porque penso que son ben claras e directas.

Polo de agora nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoras Pierres, un dato que xa dixo o presidente da Xunta pola mañá. Permítame que lle diga que Galicia, en canto á adxudicación de investimentos, crece no ano 2017 catro veces —datos que facilitou onte o Ministerio de Fomento—. Galicia ten o primeiro lugar en volume de adxudicación de investimento en toda España; un 12,1 % do total dos investimentos adxudicados en España. Polo tanto, dato revelador, por suposto non debeu de escoitar ao presidente pola mañá.

En calquera caso, a min resúltame sorprendente que os diferentes grupos da oposición no Parlamento dediquen boa parte do seu tempo a facer preguntas que non son competencia directa da Xunta de Galicia, senón que son competencia do Estado. Non me entendan mal, eu encantada, por suposto, de contestar e falar do que faga falta; pero eu creo que evidencian que o Goberno galego está realizando unha boa xestión na competencia directa que temos, sobre todo na Consellería de Infraestruturas. Eu creo que evidencian a súa forma de felicitar a Consellería de Infraestruturas. E, por certo, supoño que polos datos tamén da Federación de construción.

A Xunta de Galicia incrementou a licitación un 16,54 %, iso claro que vostede non o dixo. A Axencia Galega de Infraestruturas incrementou a licitación no ano 2017 un 28,10 %. E a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, en total, incrementou en licitacións un 57 %. (*Aplausos.*) Polo tanto, é a súa forma de felicitaros á Consellería de Infraestruturas. Sería máis acertado e máis áxil que lles preguntaran aos que teñen responsabilidades directas, pero falamos do que queiran. E por suposto que informaremos das xestións, do traballo e das demandas que vimos realizando a Xunta de Galicia ao Estado.

En calquera caso, permítame dicir que chama poderosamente a atención ese labor fiscalizador. Foi unha mágoa que ese espírito crítico non o tiveran cando tiñan responsabilidades no Goberno en España —permítame—, como na época do ministro Blanco: esas estacións intermodais faraónicas que non pasaron dunha maqueta; autovías que non pasaron dunha raia nun papel; incluso prometendo a chegada do AVE sabendo que se paralizaban as obras do AVE. ¿E hoxe que temos? Hoxe temos intermodais viables, practicamente xa en contratación e para dentro de moi pouquiños meses, en obras; novas autovías xa postas en servizo;

o eixo atlántico rematado, e o AVE, a alta velocidade, en execución para que estea en probas no ano 2019.

En calquera caso, movémonos polos intereses dos galegos, por suposto que si. Centramos os nosos esforzos cada día do ano por traballar, por defender, por velar e por que teñamos estradas e infraestruturas máis cómodas, máis seguras, mellores servizos, mellores prestacións. E traballando tamén, dentro das nosas competencias, velando por ter máis seguridade nos 5.500 quilómetros de estradas titularidade da Xunta de Galicia; demandando e exixindo ao Goberno do Estado maiores investimentos.

Por seguir centrando a pregunta e por aclarar algunha cuestión, eu creo que teñen que recoñecer o importante investimento e esforzo investidor que se ten realizado nos últimos anos, que foi do Goberno actual en Madrid. Esa é a auténtica realidade. Os orzamentos xerais do Estado no ano 2017 son o 11 % de toda España, e non foi un caso extraordinario e inédito. Temos no ano 2016 un 12,3 %; no 2015, o 12,3 %, etc., en importantes anos de dificultade económica. E temos remates do eixo atlántico, conexións de alta velocidade en avances, e impulsar as estacións intermodais.

Vostedes estaban moi satisfeitos cando era o 8 % o investimento destinado a Galicia. Decía o presidente socialista da Xunta, «aportación histórica», co 8 % do investimento». Agora, con 3 puntos máis, parécelles decepcionante. Aplaudían cando era o 8 %, co 11 % parécelles pouco. Que o 8 % sexa histórico e o 11 % irrisorio, dende logo, é tremenda a coherencia do Partido Socialista. En calquera caso, non se confundan, non significa que nos deamos por satisfeitos. E seguiremos, dende logo, reclamando e traballando por investimentos e infraestruturas estratéxicas governe quen governe en Madrid, demandando e estando vixiantes.

Houbo outros gobernos que só se limitaron a debuxar nun papel, e nós vimos trasladando para que o Ministerio de Fomento execute e leve a cabo actuacións prioritarias e que corrixa ese déficit. Neste seguimento semanal que facemos de todas as actuacións do Goberno do Estado que están comprometidas podemos dar outros datos. Galicia é a segunda comunidade autónoma con investimento per cápita; a cuarta en volume de investimento. E agora ese investimento adicional do Plan extraordinario de investimentos de estradas. Financiamento extraordinario —como dicía vostede—, de colaboración público-privada, non con cargo ás peaxes —como é o seu modelo e o modelo do ministro galego José Blanco—.

Agora temos obxectivos concretos: completar os tramos pendentes da rede transeuropea, adaptar as autovías ás normativas e garantir a conservación de estradas. E temos este Plan de investimentos extraordinario, que son 5.000 millóns de euros para actuar en 2.000 quilómetros de estradas durante catro anos; unha concesión a través do canon de dispoñibilidade. É dicir, cando se acaben as obras durante a explotación, trinta anos a través dun canon. Polo tanto, vémosto como unha nova oportunidade para realizar infraestruturas pendentes e responder a esa demanda que temos de crecemento das nosas cidades para a vertebración territorial e para a competitividade.

Atendendo a esa participación activa que dicía vostede, para participar todos, o ministro de Fomento si que nos fixo un ofrecemento. Que opinásemos sobre as posibles actuacións no

Plan de investimentos extraordinario —no PIC—, e por suposto que atendendo a esa participación activa do Ministerio de Fomento, a ese ofrecemento, temos trasladado ao Ministerio de Fomento diferentes actuacións prioritarias que poden ser impulsadas mediante este mecanismo; un mecanismo singular de financiamento á parte dos orzamentos xerais do Estado. Por iso solicitamos diferentes actuacións a incluír que tiveran encaixe, investimentos de magnitude e de alto custo, cun avance administrativo importante; ten que tratarse de obras maduras.

Polo tanto, con base nesas premisas, fixemos demandas concretas para que o Ministerio de Fomento avaliasse a súa inclusión. A autovía Vigo-O Porriño, a A-76, a A-57, a variante norte de Ourense e a autovía da Mariña lucense son eixos estratéxicos que, por suposto, solicitamos expresamente ao Ministerio de Fomento que os incluía neste Plan de investimentos.

Insistimos na autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño porque estamos a falar dunha alternativa funcional. A actual autovía, que ten un tráfico intensísimo, altísimo, moi elevado, e polo tanto esa tamén a solicitamos. A A-74, dous treitos: Barreiros-Foz; investimento, 175 millóns de euros. E tamén solicitada a variante do Norte de Ourense —como dicía—, o treito ata Cambeo. Estamos a falar de 95 millóns de euros. A A-57, como sabe a variante de Pontevedra, priorizando o treito A Ermida-Pilarteiros, 85 millóns de euros. A A-76, en concreto, o treito de 70 millóns de euros.

Polo tanto, priorizamos, solicitamos e demandamos actuacións concretas de alto custo, con tramitación avanzada e con rendibilidade social, porque cremos que ten encaixe nese Plan de investimentos. Son 600 millóns de euros en total o que lle temos trasladado. Deixamos á iniciativa do Ministerio de Fomento que decida se no Plan de infraestruturas extraordinario ou vía orzamentaria, porque o certo é que queremos que se avance e se fagan. E por vía orzamentaria temos xa incluídas outras actuacións que non irán neste PIC, neste plan, pero sabemos que vía orzamentaria e non con cargo ás peaxes —que é o seu modelo—: o vial 18, Alfonso Molina, Santiago-Lugo A-54, enlace orbital. Porque foron vostedes os que fixeron que as obras relacionadas coa AP-9 se cargaran con incremento ás peaxes. Nós arrincamos un compromiso do Ministerio de Fomento para que o resto das actuacións relacionadas coa AP-9 se realicen vía orzamentaria e non incrementando as peaxes. Coido que esa é a diferenza entre o que fan vostedes, ese convenio ruinoso asinado no 2006, que obrigaba a todos os galegos a pagar 7 millóns de euros anualmente durante todo o período da concesión. E traballamos para que os galegos non tiveran que pagar 400 millóns de euros ata o ano 2048, que foi o que fixeron vostedes para unha autovía estatal.

A min permítame dicir que tan mal non o facemos, porque os seus compañeiros de Andalucía xa din que Galicia é unha comunidade privilexiada... (*Protestas.*) «*El Gobierno andaluz carga contra los privilegios de Galicia*». Polo tanto, tan mal non o facemos porque Andalucía quere os mesmos privilexios que Galicia co Estado. (*Aplausos.*) Polo tanto, examinen a xestión, comparen o traballo e con esa comparativa terán un resultado.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Vázquez.

Na rolda de réplica ten a palabra a señora Pierres López.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, comunicación. ¿Lembra o que lle comentaba antes sobre a comunicación? Hoxe o presidente da Xunta reveláballe ao noso portavoz as adxudicacións do grupo Fomento en Galicia de arredor dos 357 millóns; e dixo que era un dato que recibira esta mesma noite. Pois non sei que tipo de comunicacións coa Meseta teñen vostedes, porque a nota de prensa do propio ministerio é do 11 de xaneiro, ¡de hai 40 días! (*Aplausos.*) E aquí a teño. Franca-mente, non sei se é que non lles dan ben de comer ás pombiñas mensaxeiras, porque ulti-mamente andan desnortadas.

Parece mentira que, despois do que lles aconteceu tamén co asunto do Laboratorio de Bi-valvos e o ridículo espantoso que fixeron, non teñan, cando menos, renovado o pombal. (*Risos.*)

Pero miren, voulles dicir hoxe unha palabra que lles vai cambiar a vida a vostede e ao señor Feijóo: *whatsapp*. E miren, para que non digan que a oposición é pouco xenerosa, voulles dar outra palabra: correo electrónico, que tamén se di *email*. Como diría a miña avoa Luísa, có-llese antes ao mentiroso que ao coxo, señora conselleira.

En fin, que entre a defensa de Galicia e a defensa do Partido Popular novamente optan vos-tedes —e acaba de facer un exercicio bárbaro— por esta última, incluso ata o extremo de negar o evidente e enrocarse nunha defensa do Goberno central que ten un trato desastroso con Galicia, un inxustificable desplome dos seus investimentos, cando os investimentos se paralizan de xeito escandaloso, incluso os asignados nos orzamentos xerais do Estado. A Xunta de Galicia, en vez de reclamar e posicionarse en contra desta situación, convértese en cómplice, e nese arrebatado de complicidade, temos que asistir a esta continua defensa das magníficas actuacións do Goberno do señor Rajoy. ¿Sabe vostede, señora conselleira, que co que o Estado deixou de executar en Galicia e que estaba consignado nos orzamentos xerais do Estado, unicamente nos tres últimos anos se terían xerado máis de 15.000 postos de tra-ballo? Non dubido de que o sabe porque este mesmo argumento o deu o ministro De la Serna para poñer en valor o Plan extraordinario de estradas, falando dos moitos postos de traballo que se xerarían. O que non pon en valor é, precisamente, que a inacción en investimentos durante estes anos ten provocado un paro consciente do sector; eses 15.000 postos de tra-ballo que poderían terse dado e que tan precisos eran nun sector tan afectado pola crise. Porque 15.000 postos de traballo non é pouca cousa, ¿verdade que non? E, claro, para unha familia non é o mesmo ter traballado hai cinco anos que ir facelo dentro dun ano, de dous ou de tres; anos de empobrecemento para as familias. E se esas obras nin sequera recalán en Galicia, como vostede poderá comprender, peor é o panorama.

Hoxe o presidente calou; ante a pregunta do noso portavoz, calou, ante unha información que describe como para o ano 2018 se teñen xa atribuídos os 2.200 millóns de euros da pri-meira fase do Plan extraordinario de estradas para unha serie de obras do territorio nacional. Cántollo porque, ao mellor, non lle chegou tampouco a mensaxe da Meseta: obras en Murcia —como comentabamos antes—, en Valencia, en Burgos, en Palencia, en Albacete, en Toledo,

en Girona, en Córdoba e en Castellón. Aquí eu vexo moita jota castellana, moita jota aragonesa, moita sardana e ata sevillanas, pero muiñeiras, muiñeiras non lle vexo ningunha. (*Aplausos.*) En Galicia seguiremos cantando iso de *Negra sombra*, señora conselleira. E, iso si, non dubido de que haberá gaiteros, moitos gaiteros, na inauguración do AVE cando chegue a Galicia. E créame que eu e todo o Partido Socialista esperamos que iso aconteza o antes posible, créanos que é así.

Pero explíquenos: ¿a que se debe esta marxinación de Galicia nas políticas do Ministerio de Fomento? Porque imos volver repasar algúns datos do propio Ministerio de Fomento, e tendo xa en conta o que hoxe, esta noite, trouxo a pombiña mensaxeira: a media anual de adjudicacións do período Rajoy foi de 331 millóns, computando incluso os 1.176 do ano 2012, que en gran parte xa viñan das licitacións do ano anterior. A media anual do período Zapatero foi de 700 millóns. Antes vostedes criticaban que isto era insuficiente, hoxe están contentísimos con 357. ¡Incríble! A brutal caída de 430 millóns/ano, de máis dun 60 %, non pode explicarse pola crise económica, e máis cando son contías que non se axustan ao programado e previsto nos orzamentos xerais do Estado para Galiza, ou que se plantexaron para non ser executados.

As galegas e galegos estamos cansos, francamente cansos, de tanto ninguneo, de tantas mentiras nas maquillaxes das cifras. O presidente da Xunta de Galicia e membros do Goberno galego teñen anunciado en diversas ocasións...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...o trato privilexiado que Galicia tería por parte do Estado nos orzamentos xerais nos últimos anos, pero en absoluto se cumpriu co establecido, e, como xa manifestei, en moita menor medida incluso que para o resto de comunidades autónomas.

Para ir rematando, señora conselleira, cada día nos queda máis claro que a defensa de Galicia é a defensa do Partido Popular. O Goberno do señor Feijóo opta sempre por antepoñer o partido aos galegos e galegas, e lamentamos que a Xunta de Galicia prefira apoiar e defender un goberno incumpridor e desleal con Galicia e que priorice a defensa do Partido Popular sobre os intereses dos galegos. Negra sombra e negro futuro para Galicia en canto a infraestruturas, señora conselleira.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Pierres.

Ten a palabra a señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Si, señora Pierres, non sei por que fala vostede dunha primeira fase do PIC, non sei que información pode sacar vostede de fases... Eu creo que deu datos que non son certos, e debeu de inventalos, porque non hai coñecemento en ningunha administración de fases que vostede ten

trasladado aquí; non creo que intencionadamente, ao mellor inventando un pouco sobre fases do Plan de infraestruturas do Estado. En calquera caso, vexo que obvia o que di o Goberno andaluz do Partido Socialista dos privilexios de Galicia. É, polo tanto, un recoñecemento da propia Comunidade andaluza dos privilexios de Galicia cos investimentos do Estado.

Eu, en calquera caso, a preguntas como as de hoxe do Partido Socialista, dende logo que confeso que me sinto como no mundo ao revés, porque das últimas 30 veces que asistín á Cámara, 19 foron por iniciativas da oposición, e desas 19, o 75 % delas foron por asuntos de competencia do Estado. Polo tanto, insisto, debemos de facelo moi ben na Consellería. E o Grupo Popular fixo 11 preguntas á Consellería, todas en relación coas competencias da Comunidade Autónoma. Polo tanto, é o mundo ao revés que o único partido que fai o control ao Goberno sexa o que sustenta o Goberno, porque vostedes fan preguntas para buscar actualidade seguramente social, pero realmente o control ao Goberno, pois non.

Eu creo que non deberían dar moitas leccións de xestión e de investimentos en obra pública. Dende logo que cando están no Goberno din unha cousa e cando están na oposición, cousas contrarias; aí está a traxectoria. Foron vostedes un goberno socialista, un goberno en Madrid, con José Luis Rodríguez Zapatero e José Blanco, e en momentos de maior bonanza económica, porque agora nestes momentos temos tres veces menos investimentos que nesa época, cando gobernaba o ministro José Blanco. ¡É que é así! Foron vostedes os que decidiron e deixaron atado que as obras de ampliación da AP-9 se financiaran con cargo ao incremento das peaxes do 1 % acumulativo —o 1 %—, ao ano seguinte, o 1 % sobre o 1 %; logo, o 1 % do 1 % do 1 %...; o 1 % acumulativo durante vinte anos, e pagándolle a Audasa un interese do 8 % —a Audasa—. Dende logo, un negocio redondo para Audasa.

Polo tanto, señora Pierres, grazas ao traballo e á xestión da Xunta de Galicia, non volverán executarse obras en relación coa AP-9 con cargo ás peaxes; polo tanto, eu creo que darnos leccións sobre xestión e sobre investimentos de obra pública non me parece nada serio.

Seguro que agora demandarán que se fagan vía orzamentaria, pero eu creo que chegan tarde, despois de todo o que fixeron en anos anteriores. Agora que as obras están rematadas, claro, queren que se fagan vía orzamentaria, cando xa deixaron blindado e atado que subiran as peaxes desa forma escandalosa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Continúo. No ano 2006 ese convenio que fixeron... Estou comparando xestións. E tamén se din que non facemos nada en obra pública, que non fan nada en Madrid en obra pública, ¿que fago? Pois contraste xestións e contraste formas de realizar as actuacións no territorio. No ano 2006 asinouse un convenio no Bipartito, na Xunta de Galicia, ruinoso, pagando os galegos 7 millóns de euros. E, por certo, dicían vostedes aquí nese convenio para pagar a subvención da peaxe da Barcala e o Morrazo: «Agora si, agora hai un goberno que cumpre, que logrou liberar a peaxe dos tráficoos cautivos de Rande e A Barcala cunha solución. Aplausos para todos, para todos e para sempre». Ou sexa, un traballo, dende logo, para buscar unha solución. Pois conseguimos que esa solución a deixen de pagar os galegos e que 400 millóns de euros que comprometían os orzamentos da Xunta de Galicia —polo tanto, de todos os galegos— os deixen de pagar; conseguimos algo importante nesa Comisión da AP-9.

E falando tamén de autoestradas autonómicas, cando vostedes gobernaban, non implantaron ningunha bonificación nas autoestradas autonómicas na AG-55 e na AG-57; catro anos de Bipartito, incrementaron as peaxes desas estradas autonómicas o 13,14 %; polo tanto, se facemos a media en catro anos, un incremento do 3,2 % anual. Mentres gobernou a Xunta de Galicia actual, non foi así, nin moitísimo menos.

Vou rematando xa, que xa non teño tempo.

Dende logo que leccións, poucas, e creo que temos trasladado actuacións prioritarias ao Ministerio, que está traballando para executalas e, como digo, sen facer con cargo ao incremento das peaxes: vía orzamentaria ou vía ao PIC; 600 millóns de euros que temos demandado.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Vázquez.

Suspendemos a sesión ata as catro e media da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e seis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Interpelación de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa reforma do sistema de financiamento autonómico

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Boas tardes, señor presidente.

Señores deputados, conselleiro, boa tarde.

Outra vez aquí para falar de financiamento autonómico. Hai un ano aproximadamente pactamos parcialmente unha moción, e hoxe, despois dese ano, estamos, non digo que no mesmo punto, algunhas cousas avanzaron, pero non alí onde nos gustaría estar a todos, entre outras cousas porque naquel momento na Conferencia de Presidentes se dera o prazo dun ano para, a finais do 2017, ter lista unha revisión do modelo que podía entrar incluso en vigor desde o 1 de xaneiro do ano 2017, e sabemos xa hoxe que non é así, que non vai ser así.

Neste tema temos algúns acordos, temos tamén algunhas diferenzas e temos tamén algúns asuntos novos que cómpre tratar, e por iso traemos esta iniciativa.

Cuestións que nos parecen relevantes. Primeira, o calendario. O calendario é bastante exigente. O presidente da Xunta estivo cos presidentes doutras comunidades autónomas recentemente e asinaron un protocolo, e nese protocolo faise referencia a que corre présa facer avanzar a revisión dun modelo porque o calendario electoral do ano que vén e do seguinte fai que, se non é neste ano, posiblemente teñamos que agardar demasiado tempo para que poida haber unha revisión do modelo. Polo tanto, estamos, quizais, no último espazo de oportunidade. Eu diría que, se non hai un acordo antes do verán, vai ser moi complicado que poidamos ter unha revisión do modelo, xa digo, nos próximos tres anos. As eleccións andaluzas convocaranse non sei cando, pero, en todo caso, no mes de xaneiro, para unha vez que rematen os catro anos de vixencia do seu parlamento. Polo tanto, temos dificultades relacionadas co calendario.

E, por outro lado, para que poida avanzarse nesa discusión, ten que estar formado un goberno viable en Cataluña, porque sen Cataluña non debe afrontarse esta revisión, entre outras cousas porque non debemos darlle oportunidades para singularizarse. Cataluña debe estar na norma xeral e, se non está cando se negocia, pois é unha oportunidade para solicitar un financiamento específico, e creo que non debemos estar aí. Polo tanto, é un problema de calendario.

Segunda cuestión, tamén importante, onde temos algunha diferenza. Vostedes avanzaron desde hai un ano, e xa recoñecen hoxe en varios documentos asinados, en varios protocolos asinados con outras comunidades autónomas, que é necesario que o Goberno central faga un esforzo para garantir a suficiencia e, polo tanto, restablecer un certo equilibrio vertical entre administracións.

A Comisión de Expertos, que emitiu o seu informe a finais de xullo pasado, cifraba este esforzo en 16.000 millóns como mínimo, entre 16.000 e 30.000 millóns. Pero quedemos con 16.000 millóns. É unha cifra importante, pero non é nada imposible; é dicir, é un 1,6 % do produto interior bruto, que non está nada mal, pero, en todo caso, esa mesma comisión de expertos dicía que para restablecer o peso do gasto social das comunidades autónomas en relación co gasto social era necesario que isto se incrementara case en cinco puntos. Estamos falando de que é necesario un esforzo considerable para restablecer ese equilibrio vertical e tamén para que poida facerse operativa a cláusula de *status quo* que a Xunta de Galicia defende, coas outras comunidades autónoma, e que nós tamén defendemos, pero que, como todos sabemos, para que a cláusula de *status quo* non signifique que todo queda igual, é necesario poñer recursos adicionais. Porque se todo queda igual para algúns e algúns melloran é que hai recursos adicionais e, se non, non é isto posible.

Polo tanto, por estes dous motivos, son necesarios os recursos adicionais. Entón, a miña primeira interpelación importante é: ¿de canto está vostede disposto a falar? ¿Canto sería para vostede razoable que fose o esforzo de recursos adicionais por parte da Administración xeral do Estado para que Galicia quedase satisfeita? E, en segundo lugar: ¿canto sería necesario para que Galicia quedase satisfeita? ¿Canto debería obter en porcentaxe sobre eses fondos, ou en fondos en termos absolutos? Váleme calquera das medidas. ¿Canto necesita Galicia?, ¿1.000 millóns? ¿Un 7 % deses 16.000 millóns sería unha cantidade razoable para dicir: este modelo é un modelo satisfactorio? Vostede dixo moitas veces que o do 2009 non

o era. Pois ben, agora temos a oportunidade, ao revisalo, de dicir: o de 2009 non o era, pois a nosa satisfacción conséguese a partir de 1.000 millóns de euros adicionais, ou do que sexa. Digan vostedes canto é esta cifra e podemos discutila. Eu creo que ao Goberno lle compete ter algunha información sobre esta cuestión porque ten máis medios, máis posibilidades, e ten outros instrumentos que nós non temos.

Preocúpanos algunha cousa nos últimos protocolos asinados. Xa sabemos que son froito de compromisos e que necesariamente cada comunidade autónoma intenta introducir o seu guión, pero falar, como se cita de maneira textual, como nos criterios de caracterización, das necesidades de gasto, dos custos fixos, da baixa densidade ou da superficie, que non están ao mesmo nivel que outros que si interesan a Galicia pero que xa están hoxe no modelo, como son a dispersión ou o avellentamento, dalgunha forma reduce a nosa capacidade negociadora. Iso preocúpanos. Xa sei que, si, claro, se se quere que asine Aragón, a baixa densidade vai aparecer na discusión, pero aceptalo así sen máis e sen ningún compromiso eu creo que debilita a nosa posición, entre outras cousas porque non é claro que a baixa densidade en si mesmo sexa un factor que afecte os custos de prestación de servizos. Non é claro. Unha baixa densidade, se toda a poboación está concentrada en Zaragoza, reduce os custos de prestación de servizo, non os eleva. Polo tanto, preocúpannos esas concesións froito da negociación, pero poden ter algún custo para Galicia.

E logo está esa vinculación entre demografía e financiamento autonómico, porque claro que unha demografía regresiva ou aumentar a porcentaxe das persoas de certa idade acaba gravitando sobre o gasto social, sobre o gasto sanitario, etc., e reducindo, por outra parte, as necesidades en gasto educativo. Iso xa está no modelo. Pode estar recollido imperfectamente e hai que melloralo, eu estou de acordo; xa propuxemos hai un ano recoller o sobreavellentamento. Pero cando se fai unha vinculación tan ampla e se fai a través da baixa natalidade, a nós isto preocúpanos un pouco. ¿Por que? Porque a discusión do modelo de financiamento autonómico non debería saír das necesidades sociais en servizos á poboación, dos servizos á poboación. Disto é do que se trata no financiamento autonómico. Despois están os fondos estruturais europeos, ou españois, no caso do Fondo de Compensación Interterritorial, que teñen que atender as necesidades de desenvolvemento dos territorios ou as necesidades de capital específico que xeran algunhas circunstancias. Pero, mezclado todo, non creo que sexa unha boa estratexia e creo que nos abre algún flanco complicado.

Por último, nesta primeira intervención, eu creo que temos unha visión un pouco diferente en relación coa cuestión da débeda e dos mecanismos extraordinarios de financiamento, porque nós partimos, primeiro, de que estes mecanismos xa son hoxe un factor de discriminación —xa o discutimos aquí algunha vez—. ¿Non moi grande? Pois, ao mellor, non, pero financian algunhas comunidades autónomas con 150 euros por habitante e ano e a Galicia con 3, e iso introduce unha diferenza moi significativa que provoca que, de estar un pouco por riba da media no financiamento por habitante desaxustado en relación coa media das comunidades de réxime común, esteamos por debaixo. Isto é o primeiro que hai que corrixir. E para corrixir isto do que se trata é de posibilitar que as comunidades autónomas poidan volver ao mercado de débeda, porque iso significaría que deixarían de estar subsidiados os tipos de interese. Pode non ser moi importante agora, pero se, como parece, a política monetaria en Estados Unidos e en Europa se endurece,

pois posiblemente isto empece a cobrar máis importancia da que tiña antes. E, claro, para que poidan volver ao mercado, pois vai ser necesaria unha quita, unha reestruturación, unha creación de débeda perpetua —chamémoslle como queiramos—. Os mecanismos dan un pouco igual, é dicir, retirar dos pasivos das comunidades autónomas cantidades importantes de débeda que teñen hoxe. E, polo tanto, se isto vai ocorrer, porque é necesario para que volvan ao mercado, pois eu creo que hai que ir a unha solución igualitaria, e a solución igualitaria que non nos prexudica é que todos poidamos acudir ata un límite a esa reestruturación quita da débeda, que trataría por igual a todas as comunidades autónomas, permitiría volver ao mercado e eliminaría tamén os mecanismos de financiamento que existen hoxe a través do subsidio, dos xuros que hai implícitos no FLA e no Fondo de Facilidade Financeira.

Entón, eu creo que tamén deberíamos pórnos de acordo nisto. A min gustaríame coñecer a súa opinión, a súa posición, para despois na moción que sairá desta interpelación poder chegar a un acordo que fixe a posición de Galicia neste tema.

Como xa esgotei o tempo, pois deixarei algunha que outra cousa que tiña para a última intervención.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Señor presidente.

Señoría, unha vez máis, estou encantado de poder explicarlle e reiterarlle no Parlamento a nosa posición neste asunto de importancia máxima para Galicia; unha posición que, dado que xa a temos exposto en varias ocasións nesta Cámara, é coñecida.

Lémbrolle que para o actual Goberno galego o sistema vixente non cumpre nin coas demandas que fixo Galicia nin coas expectativas que se xeraron no seu momento. E como eivas principais sinalamos os déficits crecentes de suficiencia e equidade.

Logo da súa aplicación, está claro que as comunidades de réxime xeral non contamos co financiamento suficiente para atender as nosas competencias de gasto. Atribuímos fundamentalmente estas deficiencias a dous problemas do actual modelo: por unha parte, por como foi deseñado, posto que non se priorizou cubrir os custos reais da prestación de servizos públicos, senón que estivo condicionado, como é ben coñecido, por un pacto político entre o Goberno de España naquel momento e os partidos que gobernaban Cataluña para manter o Goberno desa comunidade.

E o segundo dos factores é por como está a evolucionar. A súa evolución non resposta nin ás finalidades nin as expectativas, e amosouse claramente insuficiente para cubrir as necesidades de gasto que precisamos en Galicia, o que obrigou o noso Goberno a compensar con

medidas financeiras de diversa índole, das que moitas veces xa temos falado neste Parlamento.

Permítame tamén, nesta primeira intervención pola miña parte, que me ciña ás preguntas, a un número de 7, que formulara vostede na súa interpelación. Procurarei ser suficientemente claro.

En primeiro lugar, quero dicirlle que estou sorprendido porque no seu afán de querer poñer cifras sen máis, creo que estamos perdendo rigor na formulación. Explicareime. Refírome a que na súa pretensión de poñer deberes previos, de tentar comprometer unha porcentaxe de recursos adicionais en relación co actual sistema, non analizamos suficientemente datos que xa son coñecidos. Así, pide vostede un mínimo dun 10 % adicional de recursos sobre os correspondentes aos resultados do modelo vixente durante o seu primeiro ano, cando resulta que no 2009, que era o primeiro ano de aplicación, os recursos liquidados para Galicia foron 5.587 millóns de euros, e en 2015 incrementáronse ata 6.744; é dicir, un 20,7 % máis.

Permítame, señoría, que lle diga, con todo o respecto, que non debemos tentar comprometer ao Goberno con cifras e que creo que nos deberíamos todos poñer de acordo demandando o tantas veces repetido financiamento autonómico suficiente e dinámico. Pouco nos vale ter unha suficiencia no primeiro ano de partida se a evolución dinámica non contribúise a ter garantido todos os múltiples servizos que temos que prestar.

Ata que o Ministerio de Facenda non explicita unha proposta en relación cos obxectivos de suficiencia e nivelación, así como cos instrumentos para acadalos, semella non ter moito sentido pedir contías a tanto alzado cando estamos a deseñar un modelo que dea estabilidade e solvencia.

Señoría, un aumento dunha porcentaxe global non garante que unha comunidade en particular aumente eses recursos nesta mesma porcentaxe; reitérolle a nosa postura —e creo que aí somos coincidentes—, non se financia en territorios, estamos a financiar servizos públicos que atenden persoas.

En segundo lugar, sobre que España debe achegarse á proporción media do gasto dos países da Unión, dígolle que esta cuestión simplifica ata desvirtuar un asunto que para nós é moi complexo. Estará —creo— de acordo comigo en que esta variable, en termos de sanidade, educación e política social, sería representativa se a composición da poboación por tramos de idade fose análoga á europea, pero non ten sentido que un país gaste o mesmo que outro en PIB ou en sanidade se o peso da poboación, como temos nós, maior de 65 anos, está lonxe de calquera outro parámetro. O mesmo para a educación e o mesmo para os servizos sociais.

E, polo lado do ingreso, a renda e a capacidade fiscal dun territorio é un factor limitante para axustar o gasto público e privado, polo que tería sentido comparar gasto sobre PIB a igual capacidade fiscal. Por tanto, o máis axeitado para facer unha formulación sería deste tema é tentar achegar a capacidade fiscal á media europea e o peso das diferentes políticas de gasto respecto do ingreso.

En terceiro lugar, sobre pesos e ránkings, asegúrolle que o que lle importa ao Goberno galego son os euros por habitante axustado. Queremos que o sistema de financiamento achegue máis europeos por habitante axustado para financiar mellor os nosos servizos públicos. É máis, apostamos pola igualdade total de financiamento por habitante axustado, por que ningún cidadán pode valer máis ou menos que outro en función do lugar da súa residencia. Agardo que tamén esteamos de acordo neste punto.

En cuarto lugar, sobre non perder recursos absolutos no novo sistema de financiamento, só podo dicirlle que estamos totalmente de acordo.

En quinto lugar, en relación con defender que o índice de evolución que se aplica aos distintos compoñentes do sistema teña como referencia o PIB nominal ou a recadación dos recursos, tributarios globais, estamos falando de cuestións moi técnicas que precisamente creo que tamén coñecen nestes momentos, e estase a discutir dentro do Consello de Política Financeira e Fiscal. Pero se quere a opinión, que é a que formula, Galicia propón unha evolución mixta do PIB e a recadación tributaria. ¿Para que? Para achegar máis estabilidade á evolución dos nosos recursos.

En sexto lugar, sobre evitar discriminacións entre comunidades autónomas pola aplicación dos mecanismos extraordinarios de financiamento, o primeiro que quero deixar claro é que estes mecanismos extraordinarios non forman parte do sistema de financiamento, polo que non deben tratarse dentro da definición do modelo. Entendemos que a curto prazo deben desaparecer, se cremos de verdade o que significa o Estado das autonomías.

A postura de Galicia foi e segue sendo moi clara: non estamos a favor de condenar a débeda ás comunidades, porque iso suporía discriminar as autonomías que, como Galicia, mellor xestionaron e cumpriron os seus obxectivos. Por iso, é positivo que non se vaian facer quitas da débeda, tal e como sempre defendemos.

Outra cousa é que non nos opoñemos a buscar unha solución para as comunidades máis endebedadas. Neste senso, as posibles reestruturacións de débeda terán que conlevar o outorgamento de beneficios financeiros equivalentes ás que non precisan reestruturación, como é o caso de Galicia.

E, en sétimo lugar, sobre se debe reformarse o sistema de entregas á conta ao que se refire vostede, mal exemplo temos co que se fixera daquela tamén —e perdón por referirme unha vez máis ao Goberno do señor Zapatero— coas entregas á conta dos anos 2008 e 2009, que deron lugar ás liquidacións negativas de 5.500 e 18.739 millóns de euros, respectivamente.

É preciso, pois, buscar un sistema predicible, transparente e estable de determinación desas entregas á conta, que non é nada sinxelo, pero tamén se está a traballar sobre esta cuestión no Comité Técnico de Avaliación.

Dito isto, quero salientar que a posición do Goberno galego, que en gran medida compartimos con vostede, señor Leiceaga, polo que lle acabo de oír e polo que lle teño oído durante o último ano, é a de que estamos por un modelo de financiamento que garanta os principios

de suficiencia e de igualdade. En Galicia creo que contamos con dúas vantaxes: a primeira é a situación de solvencia das nosas finanzas, que nos permite afrontar a negociación sen ningún tipo de ansiedade e buscando o momento axeitado. E, en segundo lugar, temos que pensar que existen importantes puntos de acordo nestes momentos entre Galicia e outras comunidades autónomas. Ademais, están xestadas as bases dende a Conferencia de Presidentes de hai un ano, que, basicamente, se referían a tres principios: custo efectivo dos servizos, multilateralidade e estabilidade.

Son principios esenciais, porque é esencial conseguir o custo efectivo dos servizos públicos, e para iso temos que saber o que custa prestalos en cada comunidade, con cada unha das súas singularidades e especificidades, nomeadamente en sanidade, cando representa aproximadamente o 41 % do gasto. Porque é esencial tamén que os recursos que integremos no sistema se repartan de maneira multilateral e porque é esencial que o novo sistema de financiamento achegue estabilidade e teña vocación de permanencia.

Remato. Creo que en Galicia temos claras as prioridades e a estratexia. Mantemos, obviamente, os criterios que foron pactados co seu grupo, e traballamos sen ansiedade, coa tranquilidade que dá ter os deberes feitos e co ánimo de acadar o maior consenso político para defender a posición que lle interesa á nosa comunidade autónoma.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: De novo, boa tarde.

Permítame, señor conselleiro, pedirlle que se poña de acordo co seu presidente. Debe poñerse de acordo con el, porque eu cando leo o resultado de «*Primer encuentro de los gobiernos de Galicia, Asturias, Aragón y Castilla y León.*», co anagrama da Xunta, pois vexo, por exemplo, para contrastar co que di vostede, que di textualmente: «*La reforma del sistema de financiación deberá abordar la situación de los mecanismos extraordinarios de apoyo a la liquidez de las comunidades autónomas.*»

Vostede dime que non se deben abordar, pero o presidente di que si se deben abordar. Entón, dígolle: ben, abordémola, como di o presidente, e eu vou máis alto, e entenderá que o faga así. Abordémola, como di o presidente, e abordémola de maneira que resulte beneficiosa para nós. E eu digo: ¿como resulta beneficiosa para nós? Pois poñamos unha referencia: o que está nas normas de estabilidade financeira é o 13 % do produto interior bruto, como a débeda de referencia para as comunidades. Pois reestructuremos, condonemos, fagamos perpetua a débeda ata aí, pero cunha condición: que aquelas comunidades que teñen unha débeda co FLA ou co Fondo de Facilitade Financeira superior a esta cantidade, teñen, ao mesmo tempo que este recurso, que sacar ao mercado unha cantidade singular de débeda. De maneira que o que estamos facendo é reducindo o peso para as comunidade e obrigando a saír ao mercado, porque eu creo que isto é a clave do asunto para acabar cos mecanismos ex-

traordinarios de financiamento, como, por certo, propoñen a maior parte dos expertos que falan deste tema.

E mire, vostede dime que van a un sistema mixto, pero o que acaban de aprobar é que «*El sistema debe garantizar la suficiencia dinámica a través de la vinculación de los recursos que atribuye el sistema de financiación a la evolución de los ingresos tributarios totales del Estado.*» Este non é un sistema mixto, é un sistema que di «ligado aos ingresos tributarios totais do Estado», o cal pode non parecerme mal, pero aquí xa hai unha referencia. Bueno, pois tomémola como referencia. Se esta é a posición da Xunta, paréceme ben. O que non me parece moi razoable é que sexa esta e a outra. Digamos que ten que ser unha, e isto eu creo que é o que debemos acordar.

E en relación co das cifras da nivelación vertical, non é que teña unha obsesión, é que vostedes din neste protocolo que acaban de asinar: «*La corrección de los déficits de financiación en los servicios que presenta el modelo vigente.*» Bueno, ¿cales son eses déficits? ¿Cales son? Vostede acábame de dicir agora outra vez que o sistema no ano 2009 para nós non era suficiente, que presentaba un déficit estático, dinámico, non sei que... Ben, dígame unha cifra, porque a partir de aí podemos falar. Nada máis. É tan simple coma iso.

¿Non lle vale a referencia, a media da Unión Europea? Bueno, vale, pois establezamos outra. ¿Facemos unha referencia en función das grandes funcións de gasto? Pode ser, pero dígame algo, non me diga: ¡ah!, iso non podemos facelo, porque, entón, xa sei o que pasa, que vostedes creen que a negociación vai ir mal. Non queren comprometerse dando unha cifra, para despois poder dicir: a pesar de todo, saímos moi ben. Pero, claro, iso non é xogar, iso é xogar coas cartas marcadas, e eu creo que iso non deberíamos aceptalo neste Parlamento. E eu creo que a iso é ao que están xogando vostedes, por iso me parece que está ben pactar algunhas cousas, pero tamén deberíamos ser claros noutras. E esa é a realidade, señor conselleiro; esa é a realidade, non hai outra realidade.

Porque cando vostede me di que o que lle importa é o que pasa en termos absolutos, eu dígolle que non é o que fan, por certo, todas as mañás aquí co asunto dos investimentos, que son sempre porcentaxes. Nunca falan de euros en termos absolutos, pero agora si. Ben, aceptemos o dos euros en termos absolutos, pero o que me está dicindo é que está disposto a que Galicia, como resultado do financiamento, perda peso relativo. Iso é o que me está dicindo. Entón, se é así, dígame, e podemos establecer unha base de negociación moito máis simple.

Por certo, para deixalo tranquilo, a interpretación que fixo da primeira pregunta —que, en todo caso, é unha pregunta, non é unha afirmación— da miña interpelación é que durante o seu primeiro ano se refire ao novo modelo, ao primeiro ano do novo modelo, non do modelo anterior. É dicir, o que quere dicir a pregunta é: ¿no primeiro ano do novo modelo a vostede lle parece razoable que Galicia teña un 10 % de financiamento adicional? ¿Esa é a referencia? É sobre o último ano do modelo anterior, non sobre o primeiro ano do modelo anterior; iso non ten ningún sentido. Así é como hai que interpretalo. O outro, claro, non ten ningún sentido, señor conselleiro. Non pode facer vostede esa interpretación.

E en canto ás entregas á conta, pois eu estou de acordo con vostede en que as entregas á conta no ano 2008 e 2009, como consecuencia dunha brutal caída dos ingresos financeiros, funcio-

naron moi mal e lles ocasionaron un grave problema ás comunidades, pero o que me terán que explicar é por que desde aquela ata hoxe non se cambiou ese sistema. Non se cambiou ese sistema, e hai posibilidades técnicas para facelo, que están escritas por varios expertos e que vostede seguramente coñece tan ben coma min. Entón, houbo unha decisión política de dicir: imos seguir igual. En todo caso, actuemos sobre as devolucións, pero non sobre as entregas á conta. E eu digo: se estamos na revisión do modelo, pois afrontemos tamén este problema, que eu considero que é un problema porque non estaba ben deseñado. Diso é do que se trata.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche da interpelación, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Creo que non hai ningún tipo de contradición entre algún dos parámetros que vostede introduciu aquí, segundo se deduce do protocolo asinado con 4 comunidades, curiosamente 2 do Partido Popular e 2 do PSOE. Iso creo que é san. Vostede mesmo dicía na súa formulación que todos os protocolos teñen moito do que temos en común, e da miña resposta non pode deducir vostede, como acaba de afirmar, que, por exemplo, a opción, cando facemos a evolución do sistema, dunha evolución mixta choca co que está recollido. De ningún modo, simplemente lle acabo de indicar que, por unha parte, se pode facer o índice que está relacionado coa evolución dos tributos e, pola outra, co PIB. Eu non sei onde está a contradición, non trate de buscarme... Como tamén en determinadas cuantificacións, que se lle pida a esta parte da casa, para ver quen é o máis listo, se acertamos no incremento, que, ligado á suficiencia, se produza no modelo, ou se Galicia de repente saca unha porcentaxe ou outra. Creo que non é o debate que nos interesa, señor Leiceaga.

Tres parámetros fundamentais foron introducidos na miña primeira intervención: en primeiro lugar, creo que, ao ter os deberes feitos a Comunidade Autónoma de Galicia, podemos traballar sen ningún tipo de ansiedade, como si teñen outras comunidades autónomas, dunha maneira obxectiva incluso. Isto con respecto a coñecelo.

Creo que é moi bo —era a miña chamada ao seu grupo tamén para seguir por este camiño— que sigamos pola liña dos criterios pactados no seu momento. Sei que imos ter diferenzas, pero creo que temos moito máis en común, porque así tamén se escoitará —e nos atenderán mellor— a posición de Galicia.

Por outra parte, creo que é tamén moi san seguir tecendo complicidades co resto de comunidades autónomas.

Polo tanto, señor Leiceaga, eu creo que isto é o esencial neses tres camiños, e creo que deberíamos seguir por esa vía.

Repasemos un pouquiño os pasos dados. Eu creo que é bo que no seu momento, en xaneiro, pactáramos o representante da comunidade autónoma na Comisión de Expertos; eu creo

que iso é un bo indicativo. E é un bo indicativo que en febreiro pactamos os criterios básicos en número de cinco: defender criterios como a equidade, a solidariedade, a estabilidade, a autonomía financeira e a lealdade institucional creo que é moi san; ponderar de maneira axeitada os custos creo que é moi san; primar a cobertura igualitaria de necesidades creo que é moi san; participar en decisións sobre impostos cando nos afectan nas súas bases creo que é moi san; como é moi san defender que o Goberno central permita ás comunidades autónomas que estamos en consolidación fiscal practicamente algo tan importante como é non o relaxo, pero si a consideración diferenciada do que é a regra de gasto, que é o que nos vai outorgar a medio prazo unha verdadeira capacidade de actuación a calquera goberno.

Polo tanto, elaboramos a proposta de Galicia —créame ben— tendo moi en conta o que se acordou no seu momento en febreiro, hai un ano, neste Parlamento. É moi sinalado o modelo de financiamento que se debe... Son dous os parámetros fundamentais: a suficiencia dinámica e a nivelación total que acabamos de introducir. Ese é o principio de igualdade levado ao extremo, e por iso nós aceptamos como variable de repartición o habitante axustado. Pero vostede tamén sabe coma min que o habitante axustado necesita incluso dunhas apreciacións, e en determinados protocolos é moi difícil chegar a ese tipo de situacións. No actual modelo, obviamente, pesa en demasía a poboación xenérica.

E, volvo repetir, temos moi claro o que non queremos. Non queremos introducir fondos tanto da política rexional europea como da política de desenvolvemento económico español, a do FCI. Esa é unha peza separada, non ten que ver co sistema de financiamento. Como tamén deben ser unha peza separada os mecanismos extraordinarios que nestes momentos si que condicionaron os resultados dende o ano 2012. Hai que illar. Ese é non é sistema de financiamento. E nós en modo ningún estamos falando de que non se considere a situación especial que teñen determinadas comunidades autónomas. Simplemente na miña primeira intervención dicía que iso ten uns beneficios que, con carácter equivalente, hai que trasladar ás comunidades autónomas como Galicia, que están en práctica consolidación fiscal.

Polo tanto, na miña intervención gustárame quedar con catro cousas nada máis. Creo que temos as ideas claras e que as imos defender con firmeza. Creo que é fundamental que o Goberno e o seu grupo sigamos buscando entendemento, e, polo tanto, debemos seguir con rigor, con responsabilidade, sen ningún tipo de ansiedade nin improvisacións. Creo que estamos preparados, honradamente; levamos defendendo o mesmo dende o ano 2009. Pero o máis importante é conseguir nestes momentos un consenso que facilite manter a nosa posición de país —como dicía antes— para ser escoitados e tidos en conta como unha voz única. Eu creo que ben o merecen os nosos cidadáns.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Continuamos co punto 8 da orde do día, que é o de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o contido do último informe da Comisión de Control e Seguimento do Programa Galego de Atención ao Infarto Agudo de Miocardio

O señor PRESIDENTE: Señor Núñez Centeno, cando queira.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Boa tarde, señor conselleiro.

O Rexistro Galego de Infarto Agudo de Miocardio nace dunha proposición non de lei do Grupo Popular debatida no pleno do mes de decembro do ano 2014 e cuxo texto instaba o Goberno a dispor dun rexistro único de ámbito galego que recolla toda a información sobre morbimortalidade en relación co infarto agudo de miocardio, e, no punto segundo, a que os datos reflectidos no Rexistro se teñan en conta para adaptar os recursos humanos e materiais ás necesidades asistenciais nas estruturas de xestión. Aprobouse o primeiro punto por unanimidade e o segundo punto co apoio unicamente do Grupo Popular.

Temos falado xa neste hemicycle do estudo Recalcar, *Recursos e calidade en cardioloxía*, que se presenta anualmente pola Sociedade Española de Cardioloxía, e de que dun informe do ano 2015 se podían extraer conclusións interesantes. A recomendación dunha sala de cardioloxía por cada 400.000 habitantes superábase en Galicia, que conta con 1 por cada 305.000. E a recomendación de que cada área para a implantación do intervencionismo teña unha poboación superior a 600.000 habitantes por cuestións de formación e as prácticas tamén se cumpría en Galicia con 3 áreas de entre 750.000 e 1.070.000 habitantes.

En abril do ano 2015 asinaron vostedes un documento, consensuado con todos os xefes de Servizo de Cardioloxía de Galicia, polo que se acordaba dispor dese rexistro para extraer información e facer un seguimento prospectivo aos pacientes para que calquera toma de decisión asistencial se puidese basear en resultados obxectivos e reais.

Nos datos presentados no ano 2016 polo director xeral de Asistencia Sanitaria poñíase de manifesto que aínda que se evidenciaron diferenzas nos tempos de atención dende o momento en que se contactaba co servizo sanitario ata que se iniciaba o procedemento na sala de Hemodinámica, esas diferenzas non existían no tempo real de isquemia, pero tamén que ningún deses tempos tiña influencia sobre a mortalidade dos pacientes segundo a súa localidade de residencia. Daquela, e noutras ocasións, xa instamos a Consellería a avaliar de xeito continuo estes datos para que, se houbera, co paso do tempo e a análise dun maior número de casos, algunha variación significativa, se procedese a tomar as medidas asistenciais precisas, como se pedía na iniciativa aprobada neste Parlamento.

Por todo o exposto, e para cumprir co mandato parlamentario, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en pleno: ¿cal é o contido do último informe desta Comisión de Control e Seguimento do Programa Galego de Atención ao Infarto Agudo de Miocardio?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados.

Señor Núñez Centeno, en Galicia contamos desde o ano 2006 cun programa galego de atención ao infarto de miocardio, Progaliám; un programa que establece a menor morbimortalidade por esta causa, procurando un diagnóstico e un tratamento precoz. O seu obxectivo é mellorar a expectativa de calidade de vida do paciente con infarto así como promover a equidade no acceso ás prestacións do sistema sanitario. Durante todos estes anos o programa consolidouse e está recoñecido como un dos mellores de España e de Europa.

O 3 de decembro de 2014 aprobouse —como dicía vostede— unha proposición non de lei do Partido Popular de Galicia neste Parlamento que instaba á creación dun rexistro único de ámbito galego para recoller toda a información sobre a morbimortalidade do infarto agudo de miocardio cos datos aportados directamente polos propios servizos de Cardiología dos hospitais e do 061.

A través da Orde de 11 de maio de 2015, creouse o Rexistro Galego de Infarto Agudo de Miocardio, o Regaliám, e a aparición pública no DOG do 15 de maio de 2015, e tiña uns determinados obxectivos, que eran: determinar as características epidemiolóxicas, clínicas e terapéuticas da poboación afectada, proporcionar, a través de distintos indicadores de calidade, datos epidemiolóxicos e asistenciais precisos para unha planificación eficaz e eficiente dos recursos materiais e humanos e avaliar a eficacia, a efectividade e a eficiencia da rede asistencial en relación con esta doenza.

Créase a partir de aí unha comisión de seguimento cunha Instrución do 2 de 2015, do 15 de maio, que é a encargada de manter o rexistro actualizado, realizar o seguimento da actividade e a elaboración dos informes periódicos. Está conformada por representantes do Servizo Galego de Saúde a nivel de coordinación e do 061, e de 7 cardiólogos propostos polos xefes de servizo de Cardiología de cada un dos hospitais. A comisión avalía os datos do Rexistro de forma obxectiva e baixo criterios estritamente técnicos, sendo os seus informes consensuados e asinados por todos os seus membros —tres informes ata o día de hoxe—.

Os indicadores resultados que foron elixidos seguindo unha liña en concordancia coa Sociedade Española de Cardiología son o número de casos, a incidencia do número de casos por 100.000 habitantes/ano, pacientes reperfundidos, número de angioplastias primeiras realizadas, mortalidade a 30 días en pacientes sen *shock* nin parada cardiorrespiratoria e, por último, tamén o tempo de perfusión desde que é o primeiro contacto médico á apertura da arteria.

Tras vinte e cinco meses de funcionamento, podemos dicir que a evolución é moi boa, mostrando os seguintes datos: número de casos, 2.352; incidencia de número de casos por

100.000 habitantes, 42,2; pacientes reperfundidos, 2.227, o 95 % —é dicir, unha porcentaxe altísima de casos en que se conseguiu volver recanalizar a arteria afectada—; o número de angioplastias primeiras realizadas foi de 2.131, o 91 % tamén, e mortalidade a 30 días sen *shock* nin parada cardiorrespiratoria, o 2,4 %.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): E o estándar marca...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...—como saben vostedes— menos do 5 %... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Ben, grazas, presidente.

Os datos que presenta, señor conselleiro, parecen confirmar as afirmacións habituais dos deputados e deputadas deste grupo sobre a calidade e o altísimo nivel do Servizo Galego de Saúde e, sobre todo, dos seus profesionais.

Dende o Grupo Popular vimos trasladando á cidadanía galega unha mensaxe clara e inequívoca de que a atención ao infarto agudo de miocardio en Galicia é moi boa, por moito que algúns se empeñen en negalo e a pesar de todas as cifras presentadas neste Parlamento en distintas ocasións e a comparativa con outras comunidades autónomas.

A diferenza entre vostedes, señorías da oposición, e nós é que no Grupo Popular manexamos datos e evidencia científica, cousa que vostedes non adoitan valorar. Non teño que recordar aquí que cando vostedes gobernaban nin tiñan previsión de facer Hemodinámica no hospital de Lugo nin vían axeitado abrir unha sala desta especialidade en Ourense. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Tivo que ser o Goberno do Partido Popular o que puxera en funcionamento estes servizos e quen puxo en marcha o Regaliam, co compromiso de axustar a asistencia sanitaria para o infarto agudo de miocardio aos resultados deste estudo.

Gustárame destacar tamén a importancia do Prograliam, que vostede citou, o Programa galego de atención ao infarto agudo de miocardio, que foi pioneiro no Estado e que permitiu mellorar a expectativa e a calidade de vida do paciente infartado, promovendo a equidade no acceso ás prestacións nunha comunidade cunha importante dispersión xeográfica como é a comunidade galega. A nosa comunidade, Galicia, era no ano 2016 a segunda comunidade autónoma na supervivencia por infarto agudo de miocardio dos pacientes trasladados polo 061. Nesta quenda gustaríanos que engadira algún dato máis —se o cre conveniente— e que nos precisara se o informe que hoxe presenta indica a necesidade de tomar algunha medida asistencial de persoal ou de tecnoloxía.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez.

Peche desta pregunta, señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Precisamente creo que o importante é non só pór proxectos sobre a mesa, senón tamén avalialos para tomar decisións nese senso.

Como digo, o dato de mortalidade é moi bo, 2,4 %, cando a Sociedade Española de Cardioloxía fala de menos do 5 %. E temos os tempos de reperusión, que foron descendendo, e estamos mellorando, pero aínda sobre todo en Ourense e en Lugo ten un tempo que para nós debe ser corrixido. Por iso o grupo da Comisión de Seguimento na reunión que tiveron o 26 de xaneiro estableceu unha serie de medidas a tomar para mellorar. Eu podo dicilas unha a unha. A primeira é que realizaremos unha campaña informativa poboacional para aumentar o coñecemento da identificación dos síntomas de infarto agudo de miocardio, para que a poboación saiba exactamente cales son os síntomas, seguindo un pouco a que estamos utilizando no Plan ictus, onde os famosos tres F —fala, forza e faciana— chegaron á poboación e hoxe en día son coñecidos por moita xente. E, ademais, hai que indicar que o mellor método para chegar a ser atendido dun infarto agudo de miocardio é contactar a través do 061. Por tanto, a campaña é: síntomas e o modelo ideal de contactar co servizo sanitario.

Segundo, revisaremos as isócronas da Fundación pública do 061 para o traslado dos pacientes aos centros de capacidade de realizar unha angioplastia primaria máis próximos. Revisamos —e normalmente faise tamén periodicamente— e imos facelo nestes próximos meses. Estudaremos tamén co 061 a necesidade de incremento de recursos de soporte vital avanzado, co obxectivo de reducir os tempos de isquemia con medios necesarios para asumir a atención extrahospitalaria e o transporte interhospitalario.

Catro. Analizaremos pormenorizadamente todos os factores que determinen os tempos que transcorren dentro do hospital, desde que acoden ao Servizo de Urxencias, ben a través do 061 ou ben do propio paciente. E trataremos de mellorar os tempos que transcorren —como digo— entre a chegada a Urxencias e a entrada na sala de Hemodinámica.

E, por último, tendo en conta o maior tempo ata a reperusión e as distancias que hai entre as unidades de Hemodinámica de Lugo e Ourense e as centrais —onde van en horario e onde non están en activo—, ampliaremos ese horario tanto en Lugo como en Ourense para tratar de duplicar as horas de atención nese momento. Imos estar monitorizando os resultados para ver exactamente como afecta, evidentemente, os tempos de reperusión, porque entendemos que o que é o tempo, a mortalidade neste momento, é unha mortalidade moi baixa, que vai ser difícil de baixar. Pero, desde logo, estamos pondo, como digo, todo o seguimento.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): E, polo tanto, imos seguir, a través da comisión técnica, avaliando todas estas medidas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): ...en próximos meses para ver se son efectivas. E, desde logo, é unha clara mostra da aposta da Xunta de Galicia por mellorar os servizos sanitarios.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas demandas dos traballadores da Administración de xustiza en Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Señor Rueda, entre o 16 de novembro do ano pasado e o día de hoxe mesmo houbo unha concentración, varias concentracións, dúas folgas xerais, unha manifestación de case 2.000 persoas polas rúas de Santiago e unha folga indefinida dende o día 7 de febreiro. Levamos máis ou menos dez días de folga indefinida; un 80 % de media de paralización dos xulgados; milleiros de xuízos suspendidos; no Xulgado do Social de Lugo xa están sinalando para o ano 2021; Lexnet saturado, ata o punto de que na oficina de repartición en Vigo os funcionarios que están en servizos mínimos salvaron onte do colapso o sistema informático; e persoas afectadas nos seus dereitos. O motivo é a reclamación para rematar coa discriminación dos funcionarios de Xustiza en Galicia con respecto aos funcionarios doutras comunidades autónomas tamén de Xustiza.

Hai cinco reivindicacións. Señor conselleiro, xa llo dixemos a primeira vez que intervimos aquí no mes de novembro: non só son económicas. Esta é a primeira vez da historia na que os funcionarios de Xustiza en Galicia van á folga e saen á rúa en manifestación. E a cuestión está en que vostede non podía imaxinar que lle sucedese algo así; está vostede nun calexón sen saída e pola súa soberbia non sabe como saír.

Tanto é así que nos gustaría saber por que vostede nunca se reúne cos sindicatos, señor conselleiro. Grazas a este tipo de fotografías (*A señora Vilán Lorenzo mostra unha fotografía*) e aos medios de comunicación, que lle fan entrevistas, saben como é a súa cara, porque realmente non o ven diante.

¿Que fai vostede? Vostede di aquí unha cousa, vota aquí unha cousa e logo dille ao director xeral de Función Pública que diga a contraria. Vostede fai declaracións que non axudan, conselleiro. «A Xunta non variará a súa oferta», «a proposta do Goberno galego non vai variar», «o Goberno non acepta un pulso», «agardo que os sindicatos entren en razón».

Diálogo puro. E o presidente da Xunta incide: «os sindicatos non representan adecuadamente o sentir da maioría dos traballadores públicos».

¿De verdade vostedes cren que, con estas brillantes intervencións, van axudar a desbloquear a situación? Nós cremos que non. Vostedes queren ir á forma normal de funcionamento da Xustiza. O das taxas xudiciais de Gallardón esa é a forma normal, o da obstrución da Xustiza destruindo ordenadores na rúa Génova, o da escaseza de funcionarios que di o propio fiscal superior, o de paralización das taxas da xustiza gratuíta entre 2010 e 2016, ou que non creou nin un só novo xulgado en Galicia dende o ano 2009, ese que non se senta dende case hai nove anos cos traballadores ou ben ese que se nega a crear máis xulgados de violencia contra a muller.

Esa é a normalidade da Xustiza que vostedes buscan —parece ser—. (*Aplausos.*) Oxalá sexa, conselleiro, desbloquear a situación, pero para iso vostede ten que acudir ao respecto, á creación de confianza e aprender a escoitar, señor Rueda, que son as bases do diálogo e da negociación.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Vou rematando, presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vilán, di vostede que levamos máis ou menos dez días de folga indefinida. Non, levamos once, co día de hoxe máis tres...

O señor PRESIDENTE: Perdoe, un momentíño.

Servizos da Cámara, indíquenlles aos nosos invitados que teñen que estar sentados. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, teñen que estar sentados. Son as normas que rexen para o público que está na tribuna. Sen máis.

Grazas.

Cando queira, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Dicía que non son máis ou menos dez días, son once, co día de hoxe —témolos perfectamente contados—, máis tres de folga antes. Lamento que non o leve contado coa seriedade que require, igual que lamento que nin sequera lle dea a súa pregunta para falar deste conflito en concreto, senón que se teña que ir, como sempre, a outras cousas que ao mellor importan ao seu partido pero non importan nin á Administración de xustiza nin á solución deste conflito, e non é capaz nin de encher o tempo da pregunta.

Eu, dende logo, si o vou encher. Voulle dicir que pregunta vostede que estamos facendo para cumprir o mandato do Parlamento e intentar resolver o conflito. Pois negociar, dende o primeiro día, señora Vilán, negociar. Pero non por presións políticas, como vostede di na pregunta, nin por mobilizacións, senón por convencemento, porque estamos convencidos de que é o que hai que facer, e para iso hai que facer propostas, é o que levamos facendo.

Eu supoño que vostede saberá que o 7, o 12 e o 20 de decembro; o 3, o 9, o 19 e o 31 de xaneiro; e o 16, o 19 e o 20 de febreiro a Xunta de Galicia, ata onte mesmo —como vostede sabía—, ata onte mesmo, houbo reunións. Xa hoxe non houbo reunión porque a parte sindical se levantou da mesa de negociación. Eu alégrome de que estean hoxe aquí, lamento que non estean na mesa de negociación, porque se non estariamos negociando hoxe tamén. Pero alégrome de que estean hoxe aquí, para escoitar as razóns de cada un, pero nós estamos negociando.

Efectivamente, como di vostede, había cinco puntos na negociación, non só o económico, había cinco puntos. E supoño que vostede saberá como está a negociación dos cinco puntos. Eu quero ler aquí exactamente cal foi —resumida— a proposta da Xunta de Galicia, da que se estivo falando sempre pero especialmente estes dous días.

Consolidación de prazas, un dos puntos. Converteranse en fixos 36 postos de reforzo. Esas prazas, cando se chegue a un acordo, poderán ser ofertadas no seguinte concurso que se convoque e permitirán a 36 funcionarios e funcionarias galegos que agora mesmo non están traballando en Galicia vir traballar a Galicia; 6 novas prazas de xestión, 24 de tramitación, 6 de auxilio, das cales 16 serán na provincia da Coruña, 5 en Lugo, 5 en Ourense e 10 en Pontevedra. Ese é un dos puntos para acordar xa, para acordar xa polo menos por parte da Xunta de Galicia.

Punto 3, reposición de prazas amortizadas en ámbitos de especial afectación. Aquelas prazas incluídas no plan de ordenación que non fosen obxecto de creación noutro órgano ou servizo serán creadas negociadamente onde sexan necesario, particularmente en servizos comúns, que centralicen e melloren os servizos prestados ao cidadán no marco da nova oficina xudicial. Outra oferta encima da mesa que se podía acordar xa, polo menos por parte da Xunta de Galicia. Supoño que iso llo contarán tamén, para que despois non diga que non estamos negociando.

Punto 4, incapacidades temporais. A modificación do réxime legal —supoño que vostede o saberá, como letrada que é— depende da modificación a nivel nacional. A Xunta de Galicia xa dixo que adoptaremos a parte máis favorable do acordo a nivel nacional, non só para os

traballadores e traballadoras da Xustiza, senón tamén para todos os traballadores ao servizo da Xunta de Galicia, como supoño que estará de acordo tamén, porque non pode ser uns si e outros non. ¡Oia!, todos si, sobre todo para unha medida favorable.

Sobre as substitucións, hai acordo xa. Substitucións verticais, para que cobren cando haxa substitución vertical. Iso podíase iniciar.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Deixamos a parte económica para o último punto, pero, por favor, non diga que non estamos negociando ou infórmese ben. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente, grazas.

Réplica, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

A capacidade de incluír as preguntas ou as respostas no tempo non está só nesta bancada, polo visto tamén está na súa, porque quedoulle un punto polo camiño; se son cinco, vostede só falou de catro; vese que as capacidades son recíprocas. *(Aplausos.)*

En todo caso, conselleiro, isto non vai de capacidades ou de incapacidades, vai de sentarse e ter vontade de negociar; diso é do que vai.

E aos que quizais debería vostede cesar pola súa incapacidade son o director xeral de Xustiza e tamén o director xeral da Función Pública, por bocazas e por dicirlles aos traballadores da Xustiza que se vaian concursar ao resto do país se non están contentos coa Xunta de Galicia. Quizais debería cesar vostede a eles dous e poñerse vostede directamente a negociar para poder dicir «estamos negociando». Vostedes non están negociando, están negociando estes dous señores que non dan conta do recado, eles son os que están negociando.

Conselleiro, volve poñer só un exemplo. Das IT dixo vostede nesta Cámara, literalmente: «Estamos de acordo en impulsar a ampliación dos supostos nos que se pode establecer un complemento ata acadar o máximo, o 100 % das retribucións, equiparando por tanto os supostos establecidos para xuíces, fiscais e letrados xudiciais». Iso dixo vostede aí, aí de pé. *Donde dije digo, digo Diego*, parece ser.

A oferta é a mesma que a da semana pasada, que a de hai tres meses, vostedes non variaron a súa oferta, seguen exactamente no mesmo sitio, e o que lles piden os representantes dos traballadores é que se movan. Pero non só llo piden eles, é que tamén llo piden os propios traballadores que están en folga indefinida, conselleiro, están en folga indefinida, a primeira vez na historia da Xustiza en Galicia, son os primeiros en España. E vostede é o responsable e vostede é o que ten que dar a cara.

Conselleiro, eles o que piden, economicamente, é un 0,05 % do orzamento do ano 2018, menos do que vostede deixou de executar en todo o ano 2016...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán, grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...e tamén ata o último trimestre...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

A señora VILÁN LORENZO: ...do ano 2017. ¿Que vai facer vostede, señor conselleiro?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Peche desta pregunta, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señora Vilán, efectivamente, deixei a reivindicación económica para o final, porque a considero a máis importante; considérola eu, considérala os traballadores e considérala a xente en xeral. Hoxe, onte mesmo, por certo, dicían que non aceptaban negociar os puntos por separado e que non habería un acordo se non había acordo tamén na parte económica. Por iso o deixei para o final. Porque é a parte —imos falar claro— na que hai discusión e a parte na que estou seguro, porque vostede, coma nin, tamén coñecerá, de que traballadores e traballadoras da Administración de xustiza din que esa é a parte fundamental. E nós somos conscientes.

Por iso fixemos unha oferta e por iso, se o que se pedía é a equiparación na media do que perciben os traballadores de Xustiza no resto de España, sumando todas as comunidades autónomas, esa oferta da Xunta de Galicia vostede di que non se moveu en tres meses. Que a informen ben, señora Vilán, polo menos para facer a pregunta. Houbo unha primeira oferta da Xunta de Galicia, unha segunda e unha terceira, hai apenas dez días, que sitúa unha media de 1.000 euros por traballador por ano as retribucións na parte alta da media.

Pero mire, sitúaaas sen a súa colaboración. Decía que me alegro moitísimo de que estean aquí os representantes dos traballadores para que saiban a súa aportación. Vostede na súa pregunta fala —e, efectivamente, é así— de que as primeiras mobilizacións foron a mediados de novembro. ¿Sabe cando remata o prazo para presentar emendas ao orzamento? Dez días despois. Polo tanto, vostede era plenamente consciente. ¿Sabe vostede —e sábeo de sobra, está ben que o saiban os representantes dos traballadores, porque seguro que non llelo dixó— cantos cartos para aumento desas retribucións ían nas emendas que vostedes presentaron aos orzamentos? (*Murmurios.*) Cero euros; cero euros, señora Vilán, cero euros; emendas á totalidade. E está ben que o saiban os representantes dos traballadores e a través deles todos os traballadores da Xustiza. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostede,

que está reclamando o aumento, cando tiña oportunidade de propoñer ese aumento en emendas á totalidade, xa non só para a retribución dos traballadores, para a Xustiza, cero euros. Estaba todo ben, non había que poñer un euro en 550 millóns que pedían que se moveran dos orzamentos da Xunta a outras partidas. Cero euros á Xustiza.

Pero despois, na segunda oportunidade, emendas ao articulado, xa estaba vostede dicindo que isto era necesario. E é bo que o saiban; se non o saben, é porque vostede seguro que non llelo contou. ¿Saben vostedes canto propuxo o Partido Socialista para o aumento das súas retribucións en emendas ao articulado? Cero euros, señora Vilán, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* cero euros. E, entón, *(Murmurios.)* eu preguntolle: ¿que pasa? ¿Que lles explica cando lles di que apoia as súas reivindicacións? ¿Dilles que non o sabía? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, silencio.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ¿Dilles que non o sabía, señora Vilán? ¿Que lles di? ¿Que se lle esqueceu? ¿Que había cousas máis importantes? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ¿Que a eles lles di unha cousa e cando ten oportunidade de materializalo fai outra? Sexa coherente, sexa coherente, se quere que a crean. *(Murmurios.)* A Xunta de Galicia está facendo unha oferta que, se dependera das súas emendas, era cero euros. Non pedía un euro de aumento para os traballadores da Administración de xustiza, non pedía un euro de aumento. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Nós si o propuxemos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, silencio.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Eu simplemente fago unha chamada á responsabilidade, a seguir negociando. Pido que non se cualifique de ridícula unha suba de diñeiro...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...que sae dos presupostos dos galegos, e seguiremos negociando para chegar a un acordo. Se fora por vostedes, cero euros. Que se saiba e que se repita.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o coñecemento polo Goberno galego das previsións futuras do Goberno do Estado respecto dos ferrocarrís de vía estreita en Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

Déanlle voz ao escano do señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

¡Que sorte que existen as posibilidades de modificar por lei uns orzamentos con outra lei que se pode aprobar cunha maioría parlamentaria suficiente! (*Aplausos.*)

En todo caso, non vin aquí falar de orzamentos da Xunta de Galicia nin de compromisos de gasto. Vin facerlle unha pregunta á señora conselleira, á que agradezo a súa presenza e saúdo, sobre o estado no que se atopa o ferrocarril español de vía estreita (Fevé), moi coñecido por todos nesta comunidade autónoma, no norte da comunidade autónoma.

E hoxe, sorprendentemente, como vén sendo habitual, esperaba que determinados medios de comunicación nos respostasen previamente sobre cales ían ser as intervencións da Xunta de Galicia, do Goberno da Xunta de Galicia, neste pleno. Pero resulta que hoxe se publica en *La Voz de Galicia* que «*arrecian las protestas de usuarios de Feve por los retrasos y transbordos*» e fai referencia a un incidente ocorrido onte cando uns viaxeiros dun tren con destino a Oviedo quedaron na estación posto que tren había, o que non había era maquinista, e este tipo de máquinas requiren de certa capacitación para ser pilotadas; é dicir, non pode chegar alí un calquera e dicir: «*subide, que vos levo eu para Oviedo*». (*Murmurios.*)

Isto é unha tendencia, é unha tendencia, porque é usual —e vostede sábeo e sabémolo todos— que existan atrasos e cancelacións nos trens, un atraso recente de dúas horas e media que provocou un xabaril. ¡Home!, o Fevé non é un gran tren, non é un tren grande, pero o xabaril tiña que ter un tamaño considerable.

Cancélanse, como dicía, por falta de maquinistas, trens. Hai falta de revisores. A falta de revisores supón que non só hai viaxeiros que poden non pagar os servizos, senón que eses viaxeiros non se computan para efectos de uso dese tren. E, ademais, hai horarios inadecuados.

E dicía que non é algo accidental, é unha tendencia que foi obxecto de preguntas, tanto neste Parlamento como no Parlamento do Estado. Sabemos perfectamente que non é competencia da Xunta de Galicia ese tren, sabémolo —ata aí imos chegando, imos chegando—, pero tamén sabemos que existe certa capacidade de interlocución, aínda que cada vez se evidencia que menor, entre o Goberno da Xunta de Galicia e o Goberno do Estado, porque o que é certo

é que, desde que a señora Ana Pastor decidiu integrar —sorpresivamente— esta rede de ferrocarrís en Renfe no ano 2013, a perda de recursos humanos é alarmante, e iso supón unha perda de servizo.

Por iso, señora conselleira, pregúntolle se ten coñecemento o Goberno galego das futuras previsións do Goberno do Estado respecto dos ferrocarrís de vía estreita nesta comunidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Álvarez, alégrome de que recoñeza que me está preguntando por algo do que non temos competencias. En calquera caso, eu pódolle trasladar que vimos mantendo un continuo e reiterado interese sobre os servizos de liña ferroviaria de Ferrol-Ortigueira ata Ribadeo, un servizo que recoñecemos como esencial para moitos veciños da comarca. Temos trasladado de forma reiterada que é necesario actuar para que esa liña estea acorde coas necesidades dos veciños da zona de Ferrol, da Mariña, de Ortegal. E témonos dirixido tanto ao Ministerio de Fomento como a Renfe, como ao Adif, en reiteradas ocasións, para trasladarlles os problemas dos que vimos tendo constancia.

Estamos preocupados polo estado actual e polo funcionamento, aínda que, como ben recoñece vostede, non temos competencia. Estamos traballando e convocamos e tivemos xuntanzas cos alcaldes, cos diferentes alcaldes de Ferrolterra, Ortegal e A Mariña, para abordar esta situación. Nesas xuntanzas as solicitudes e a documentación entregada por cada un dos concellos de forma inmediata foi trasladada ao Ministerio de Fomento cando se nos trasladou. E máximo interese e preocupación por estes servizos, porque se analicen as solicitudes dos concellos e tamén as da Xunta de Galicia para que tomen conta no Ministerio de Fomento.

Sempre defendemos ter xuntanzas a tres bandas —concellos, Xunta de Galicia e Ministerio de Fomento—, non só Xunta e concello, senón que representantes estatais deben estar para que coñezan de primeira man as problemáticas que temos detectadas e tamén para abordar solucións, porque son os que teñen as responsabilidades.

Nesa primeira xuntanza, que convocamos dende a Xunta de Galicia, que solicitamos —sabe que foi o 8 de maio de 2017—, constituíuse, e de acordo con esa primeira xuntanza, un grupo de traballo para abordar esa mellora necesaria dos servizos. Como punto de partida nese grupo de traballo, Renfe presentou un plan de actuación, un plan de actuación con 4 millóns de euros.

Convocamos ese grupo de traballo, que quedou formalmente constituído en outubro. Primeira xuntanza en outubro, constituído, e tamén outra xuntanza en decembro. Nesa xun-

tanza en decembro fíxose repaso dese plan de actuación. Tamén se trasladaron demandas para a modificación de horarios, como comentaba vostede, adaptalos mellor ás necesidades.

Dende logo, que máximo interese e máxima preocupación pola Xunta de Galicia porque se constituíra este grupo de traballo e porque se escoite os concellos e porque se escoite tamén a Xunta de Galicia. Máximo interese e máxima disposición dende logo para colaborar e buscar solucións. E máximo interese tamén para que se mellore esta liña, para que se siga traballando, sendo conscientes de que non reúne a calidade necesaria e que se debe actuar por parte do Ministerio de Fomento.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Si, grazas, presidente.

Grazas, conselleira.

Evidentemente, son vostedes moi eficaces reuníndose coa xente, creando grupos de traballo —que non dubido de que sexa unha formulación necesaria para sacar adiante a análise das necesidades—, pero si que me gustaría que o señor ministro de Fomento —ese ministro que cada tres meses vén por Galicia, segundo se nos recordou hoxe pola mañá—, nalgunha desas viaxes ás que nos ten en certo modo habituados, viaxes cuadrimestrais, concretara as afirmacións que fixo —literais— no mes de setembro do ano 2017, é dicir, vai máis de medio ano, e no medio desas reunións, ás que vostede fixo referencia, que tiveron a tres bandas.

Dixo que se faría un planteamento «un tanto global» —mal empezamos con isto de «un tanto global»—, porque a problemática é bastante similar en todos os lugares. Dixo tamén que ese plan non ía contemplar —e cito o adxectivo por relevante— inversións «hipermultimillonarias» —isto debe ser moitísimo—, pero as inversións non ían contemplar ese escenario, porque di que quedaría moi ben no papel pero non se poderían levar a termo.

A cuestión é, como non imos ter unha inversión hipermultimillonaria, nin hipermillonaria nin multimillonaria —seguramente non pase deses 4 ou 5 ou 7 millóns de euros aos que se fixo referencia—, se parece suficiente para unha estrutura industrial que perdeu de 305 a 249 maquinistas en tres anos, de 130 a 76 interventores —claro, por iso non os hai nos trens para controlar os viaxeiros— e que traballadores de talleres pasaron de 244 a 184 en só tres anos.

Gustaríame saber, tendo en conta o estado da maquinaria e o estado das vías, que se espera por parte do Goberno da Xunta a que, polo menos no tocante a esta comunidade autónoma, poida contribuír esa medida.

Nada máis, grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Peche desta pregunta, señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Creo que foi vostede concelleiro no Concello de Lugo e pregúntome se o Concello de Lugo...

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Confirmo que si.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Eu preguntome se o Concello de Lugo fixo dun tirón o saneamento no rural en todas as parroquias de golpe. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Non? Paso a paso, para ir avanzando. Pero, como persoa cercana no territorio e sendo responsable municipal nun concello, supoño que non farán todo, onde gobernan, dun tirón.

En calquera caso, máximo interese porque se realicen actuacións necesarias para mellorar a mobilidade. Estamos en contacto permanente —por suposto que si— con Renfe e Adif, aínda que o dubiden, e interesándonos. É un servizo mellorable, por iso seguimos insistindo. De acordo coa información recentemente trasladada tanto por Renfe como por Adif, eu pódolle garantir que se está a traballar para modernizar esa liña e tamén o servizo, con actuacións planificadas a curto pero tamén a medio prazo, e que están en marcha certos investimentos —non sei o pa-labro exactamente que dixo vostede—, pero investimentos garántolle que importantes.

No referente á infraestrutura, que lle corresponde a Adif como responsable, sabe que están reforzando a ponte metálica no Barqueiro, 1,8 millóns de euros, e pódolle adiantar que están avanzando nun proxecto importante de modernización para instalacións de seguridade, de sinalización, un proxecto importante, cun investimento importante, ademais doutras actuacións en noiros e trincheiras e tamén en vías e desvíos.

Con respecto a Adif, ese investimento importante que trasladaremos no grupo de traballo, como corresponde.

En canto a Renfe, Renfe sabe que é o encargado dos servizos, é dicir, maquinistas, trens, material rodante, etc., no que é a infraestrutura da vía que corresponde a Adif. O cadro de persoal en talleres incrementouse, como temos trasladado nese grupo de traballo, de forma importante e tamén está avanzando na mellora dos servizos de inspección, de venda de billetes, con canceladora, disposición de máquinas canceladoras, dotación de persoal para venda de billetes.

E nese grupo de traballo, como lle comentaba, falouse de revisión de horarios, e para iso realizáronse enquisas para realizar axustes e favorecer a mobilidade.

Estanse a ultimar os resultados e, pola última información que me deu Renfe, están ultimando estas análises. Polo tanto, dentro de moi breve prazo de tempo convocaremos ese

grupo de traballo para informar destes investimentos previstos por Adif, destes novos horarios que se poderán atender e que conte Renfe a súa proposta, e daremos, polo tanto, conta dos novos horarios analizados e dos novos investimentos.

Vostedes queren participación, piden participación, por suposto, participación nese grupo de traballo para escoitar a todos. E dentro das nosas competencias, permítame que lle diga que, grazas á Xunta de Galicia e non a vostedes e ao resto dos grupos, Galicia non quedou nin un só día sen transporte de ferrocarril.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Marta Rodríguez Arias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do programa Bono Alugueiro Social desde a súa posta en marcha

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor TRENOR LÓPEZ: Boas tardes, conselleira.

Unha vez máis o Partido Socialista fixo quizais o que mellor sabe facer, que é arruinar o país e provocar a peor crise económica das últimas décadas, unha crise que destruíu empregos, que puxo en risco servizos públicos e que levou por diante milleiros de empresas e autónomos. Eles si que non rían cando perdían os seus postos de traballo.

Pero foi tamén unha crise especialmente cruel que se cebou cos máis vulnerables e que levou á pobreza milleiros de galegas e de galegos, e quizais unha das peores consecuencias da crise foi a perda do seu fogar para moitas familias. Por iso, o prioritario para o Partido Popular foi saír da crise económica na que nos metera o Partido Socialista e o noso grande obxectivo foi axudar as persoas máis prexudicadas ou en situación de maior vulnerabilidade.

E neste contexto fíxose da vivenda un eixo prioritario da política social. Púxose en marcha o conxunto de medidas máis ambicioso e con maior impacto de todas as comunidades autónomas, doce medidas para protexer o dereito a unha vivenda digna, loitar contra os desafiuzamentos e apoiar aquelas persoas que, por ter unha situación de exclusión, carecen de medios para afrontar o pago do alugueiro dunha vivenda.

Doce medidas, como a lei que estableceu medidas para evitar os desafiuzamentos nas vivendas de promoción pública e permitir a dación en pago nas vivendas protexidas. Ou o programa de realoxo de afectados por execucións hipotecarias. Ou o convenio entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta de Galicia e a Fegamp co obxecto de establecer un protocolo de actuación conxunta. O programa Reconduce, que ten un enfoque preventivo, coa finalidade de crear un marco de coordinación dos servizos públicos. O Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015-2020. O convenio coa Sareb para poder dispoñer de vivendas desta sociedade e destinalas a alugueiro social. O convenio co Valedor

do Pobo. Convenios de colaboración con varias entidades financeiras. O Censo de vivendas baleiras. O arrendamento de vivendas baleiras con alugueiros sociais. O convenio co Consello da Avogacía Galega.

E outra das medidas a que fai referencia en concreto esta pregunta é o Bono do Alugueiro Social, aprobado polo Consello da Xunta no 2015 para facilitar apoio urxente, inmediato e puntual ás familias que precisaban dunha especial atención pola perda da vivenda habitual en réxime de alugueiro ante a imposibilidade de facer fronte ao pagamento da renda; bono que se foi adaptando para poder chegar a cada vez máis xente e permitir axudar a cada vez máis familias.

Por todo isto, señora conselleira, ¿que valoración fai a Xunta de Galicia do programa Bono Alugueiro Social desde a súa posta en marcha? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, dende o Goberno galego somos conscientes de que o contexto de crise económica tivo impacto nas familias galegas en situación de especial vulnerabilidade. Por iso reorientamos a política de vivenda, para darlle un carácter máis social aínda e protexer os colectivos que estaban afectados por estar en risco de perder a súa vivenda.

A nosa prioridade na lexislatura anterior —e tamén nesta lexislatura— é centrar os esforzos para garantir ese dereito á vivenda, protexer ese dereito, loitar contra os desafiuzamentos.

Saben que temos un programa, doce medidas de loita contra os desafiuzamentos, un programa con doce medidas que a propia valedora do pobo recoñeceu como o programa máis ambicioso de todas as comunidades autónomas de España.

Estamos a falar dun programa con iniciativas como o programa Reconduce, o programa de vivendas baleiras, os convenios coas diferentes entidades financeiras para non desaloxar a ninguén e que poidan permanecer na súa vivenda cun alugueiro social e tamén a cuestión que me pregunta vostede, o Bono Alugueiro Social, incluído no plan RehaVita 2015-2020, que é o primeiro plan galego de vivenda aprobado pola Xunta de Galicia.

En canto ao Bono Alugueiro Social, busca ofrecer unha atención urxente e temporal a familias que están pasando por unha situación de especial dificultade, unha axuda para asumir ese custo de arrendamento de alugueiro, evitando, polo tanto, que as familias se vexan privadas dunha vivenda.

Dende a súa creación, en agosto de 2015, fomos adaptando o Bono Alugueiro Social para chegar a máis xente, chegar a máis familias e ofrecer máis solucións, incorporando novos

colectivos, incorporando máis axudas e concedendo, dende logo, máis tempo por este Bono Alugueiro.

Nestes momentos poden beneficiarse do Bono Alugueiro Social tanto os afectados por desafiuzamentos, por impago do alugueiro, como tamén as vítimas de violencia de xénero, tamén as persoas, as familias privadas da súa vivenda habitual por circunstancias sobrevidas; é dicir, por incendios ou por inundacións. Tamén poden beneficiarse as familias do programa Realuga que teñan rematado o seu período, e tamén as familias que precisen ese bono e que estean incorporadas ao Programa de vivendas baleiras.

En 2016 incrementamos o importe desa axuda do Bono Alugueiro Social, hoxe son 200 euros ao mes, cunha axuda adicional única de 600 euros adicionais para facer fronte a posibles gastos de fianzas de novos contratos e de pago de atrasos, un período de doce meses de prórroga que incrementamos dúas veces, e en total, dende a súa posta en marcha do Bono Alugueiro Social, levamos concedidos 485 bonos de alugueiro social en Galicia.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas, señora conselleira.

Señorías, creo que é bo que conste nesta Cámara cales son os resultados das políticas de vivenda reais, xa que estes días foi noticia política a vivenda ficticia das mareas. Ata o de agora tiñamos unha idea de que esas políticas só tiñan como motivación o da propaganda e o bloqueo, e só así entendiamos por que as mareas estaban a poñer atrancos á construción de 40 vivendas de protección oficial no ofimático. *(Murmurios.)*

Só así entendiamos, tamén, por que seguían a respectar o mandato democrático...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. Despois non se pode interromper, silencio.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...do Concello da Coruña e se negan a adherirse ao Plan de vivendas baleiras, pero agora sabemos cal é o verdadeiro motivo do empeño de En Marea para boicotear todas as actuacións de política de vivenda da Xunta de Galicia.

Vostedes, señorías, están a facer negocio cos problemas da xente. Era necesario, era necesario bloquear os problemas da Xunta de Galicia *(Murmurios.)* para poder substituílos por un programa do cal o 38 % puidera adxudicarse a un destacado firmante desa organización política, que ademais está enchufado como asesor de Ada Colau.

¡Que casualidade, señorías! *(Murmurios.)* De 20.000 vivendas baleiras que hai na Coruña, cómpranselle dúas a un dirixente das mareas. E ademais, ademais, con graves irregularidades, incumprindo as bases do programa; non eran vivendas nin teñen a superficie suficiente,

nin reúnen os requisitos de accesibilidade. Esa é a política de vivenda de En Marea, un cuarto sen ascensor.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

Señor Lago, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señor Lago, eu non sei se a vostede lle afecta persoalmente isto.

O señor PRESIDENTE: Perdoe, perdoe un momento, señor Trenor, perdoe un momento, parei o tempo.

Imos ver, hai que saber encaixar *(Risos)*. A dinámica... Perdón, non, perdoe un momento, estou falando eu.

Perdoe, ¿o Parlamento é isto? Se isto non se vai poder facer... Tamén aquí ás veces teñen que encaixar, *(Murmurios.)* este é o xogo democrático, señores. Non, perdón, estou falando eu. Perdoe.

Eu digo que non se pode andar interrompendo constantemente. Hai preguntas que gustan e respostas que gustan, e hai preguntas que non gustan e respostas que non gustan. Esta é a dinámica.

¡Silencio! Rematou, rematou, non estou para dialogar neste asunto, porque esta é a dinámica do Parlamento e coñécena todos. Non interrompan.

Señor Trenor, finalice a súa cuestión.

O señor TRENOR LÓPEZ: Eu entendo que estean enfadados, porque vemos que debe de haber firmantes de primeira e firmantes de segunda. *(Risos.)*

Mire, en Galicia só hai dúas opcións: unha forma seria e responsable de facer política e outra que é a da palabrería, das ocorrencias e dos beneficios para os firmantes de En Marea, por iso, señora conselleira, cóntelles, por favor, os resultados das políticas pensadas para beneficiar os que máis o necesitan... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor. Rematou o seu tempo.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Bueno, falando do ofimático, solicitamos hoxe a licenza para a construción de 40 novas vivendas, e eu agardo que de forma áxil, rápida e segura nos outorguen a licenza e non tarden

nove meses en dicir que non (*Aplausos.*) En calquera caso, por facer vivendas públicas onde realmente se precisan. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

En canto ao Bono Alugueiro Social, señor presidente, eu dedícome a traballar por Galicia todos os días (*Aplausos.*) ¡home, non! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Con todos os respectos, eu veño traballar

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Non é bo este intercambio, está no uso da palabra a señora conselleira, creo que deben de respectala, e despois respectaranos a vostedes.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Non é unha crítica, é unha crónica, é un relato de temas obxectivos, directamente. Licenza pedida, espero que a outorguen.

Continúo, polo tanto, ¿non, presidente?

O señor PRESIDENTE: Si, si, perfecto.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Bueno, alugueiro social, case 500 familias se teñen acollido a este Bono Alugueiro Social, 485 en concreto, grazas a un importe de 1,8 millóns de euros. Destes bonos alugueiros 181 xa se teñen renovado por segundo ou terceiro ano consecutivo.

E se analizamos o Bono Alugueiro Social, por diferentes colectivos, o que podemos afirmar é que a maior parte destes bonos alugueiros sociais foron destinados a afectados por desafiuzamento, por impago de alugueiro, porque o certo é que foi consignado este Bono Alugueiro, especialmente con carácter prioritario, para os desafiuzamentos por alugueiro.

Foron 309, en concreto, para afectados por desafiuzamentos; o segundo colectivo máis beneficiado deste Bono Alugueiro Social foron os antigos beneficiados do programa Aluga, 119 bonos alugueiro sociais para os antigos beneficiarios do programa Aluga; vítimas de violencia de xénero, 49 bonos alugueiro sociais; 6 bonos alugueiros sociais destinados ás familias afectadas por circunstancias sobrevidas, en concreto 6 bonos por consecuencia de incendios que afectaron as vivendas destas familias.

Seguiremos apostando por este programa, porque ten demostrado a súa eficacia. O 10 de xaneiro pasado publicamos unha nova convocatoria deste Bono Alugueiro Social. Ano 2018, 2,2 millóns de euros que se veñen sumar aos case 2 millóns de euros da prórroga, e temos atendido o 100 % das solicitudes que cumprían os requisitos para este Bono Alugueiro Social.

Non é unha convocatoria de axudas, por certo como noutras comunidades autónomas, cun prazo limitado, senón que está aberto permanentemente e se pode pedir no momento en que xorde a necesidade; polo tanto, é unha novidade, tamén, deste Bono Alugueiro Social, e eu creo que con estes datos ten demostrado ser útil, ten demostrado ser unha medida posi-

tiva para axudar, como dicía, dende a súa posta en marcha, practicamente, case 500 familias.

Polo tanto, seguiremos apostando por este Bono Alugueiro Social.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto do investimento levado a cabo polas administracións públicas nos últimos anos

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

A pregunta tamén vai de vivendas, para que non o sorprenda, señor presidente, dos investimentos e dos recortes da vivenda nestes últimos anos, señor conselleiro.

Ben, acabamos de escoitar os datos, 485 bonos de alugueiro social de 200 euros ao mes, nun período de tres anos, onde foron desafiuzadas máis de 7.000 persoas neste país, e presumen dese balance, e vén aquí, aínda por riba, outro concelleiro coruñés no exilio —frustrado por non estar no goberno, porque democraticamente escolleron un goberno para botalos a vostedes— dicir mentiras e calumnias sobre unha cuestión puntual do Concello da Coruña, cando vou citar os clásicos, e cito o señor Trenor adaptando a cita. Para min o Partido Popular fixo nestes anos o que mellor sabe: privatizar, regalar empresas públicas aos amigos, cobrar comisións despois desas empresas para financiar irregularmente o seu partido, venderlles vivenda pública aos fondos voitre, como fixo o Partido Popular, rescatar bancos con miles de millóns de euros, e en cambio estar todos os días deixando xente na rúa, os desafiuzados na rúa. *(Aplausos.)* Iso é o que mellor soubo facer o Partido Popular.

Porque a pesar de que veñan aquí facer o que non poden facer no Concello da Coruña, e dicir mentiras, mentres vostedes facían publicidade e propaganda, neste país, ininterrompidamente, dende que goberna o señor Feijóo houbo máis de 6 desafiuzamentos diarios, e ningunha das súas medidas foron capaces de frealo.

A pregunta, señor conselleiro, vén a raíz dun informe do Banco de España, que analiza a evolución dos investimentos ás administracións públicas no Estado español do 2009 ao 2016. Dese informe extráense unha serie de conclusións ben interesantes.

Primeiro, que o investimento das administracións españolas se situou no 2016 no 1,9 % do PIB, un nivel inferior á media europea e a toda a serie existente desde 1970 no Estado español, a todos os niveis.

Segunda conclusión, a austeridade vostedes só llela aplican ás clases máis desfavorecidas, porque outra das conclusións é que mentres as partidas de vivenda e protección social teñen

un recorte de arredor do 80 % de caída nominal, os asuntos económicos, onde están infraestruturas, etc., diminuíron, aproximadamente, no mesmo ritmo que a media, o 50 %, e en cambio seguridade e orde pública experimentaron unha redución só do 10 % e o 20 %, respectivamente.

Iso é o que di este informe. Polo tanto, aquí establecen, perfectamente, as súas prioridades políticas, e é deixar a xente na rúa, nunha situación onde os investimentos en vivenda pública, señor conselleiro, valerían para que neste momento o incremento de desafiuzamentos que está ocorrendo neste país por impago de alugueiros puidese ter un parque público de vivendas de alugueiro onde acollera toda esa xente, e vostedes deixáronos tirados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Resposta do conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Ao respecto sinalareille tres cuestións, pero antes unha cuestión, xa que se referiu ao informe do Banco de España. Creo que compara anos que non son moi comparables; en 2009, ademais de estar inflados os ingresos, o déficit supoñía un 11 % do PIB, mentres que no 2016 aínda estabamos pagando as consecuencias deste déficit desbocado, froito do Goberno socialista.

Primeira cuestión, en relación co investimento ao longo dos últimos anos, os datos o que nos din é que a crise determinou un axuste relevante no ritmo de investimento en toda a Unión Europea, sinaladamente nos países da periferia de euro.

Esta evolución é consecuencia do devir económico das finanzas públicas e dunha decisión, (*Murmurios.*) a de blindar... Perdón, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ao mellor é que... A decisión de blindar o gasto social nun contexto marcado pola caída bruta da recadación tributaria e o peche dos mercados de débeda soberana e non os datos oficiais, que demostran clarisimamente a baixada dos ingresos tributarios. No 2007 supoñían o 24,8 % do PIB, e no 2016 soamente o 22 %, cando o dato máis de caída fora o 18,4 %, que supuxo respecto do PIB no 2009.

É dicir, que aínda no 2016 temos un 8 % menos de ingresos que no exercicio do 2007. Isto cunha diferenza, que tamén é moi coñecida, a Seguridade Social nese ano estaba en superávit de 1,3, e resulta que no 2016 está nun déficit de 1,6 %.

A segunda cuestión, que entronca coa primeira, os gastos non financeiros medraron en todo o período un 12 %, e sobre todo porque os que están medrando son os gastos sociais; é dicir, o que houbo en todos os gobernos foi unha blindaxe do gasto social nun momento de menos recursos, por iso o investimento pasou do 6,4 % ao 2,7 %.

Eu creo que calquera goberno medianamente serio e responsable o primeiro que fixo foi blindar o gasto social. Do mesmo xeito que está ocorrendo nestes momentos, que o proceso

de consolidación fiscal permite recuperar os ingresos tributarios, e obviamente tamén o nivel de investimentos.

E a terceira cuestión da que somos responsables, eu ceo que hai que destacar o papel que a Comunidade Autónoma de Galicia tivo durante toda esta etapa que queda analizada, e o que si lle podo adiantar son dúas cuestións.

En primeiro lugar, no ano 2016 Galicia é a Comunidade Autónoma que tivo o esforzo investidor, a segunda Comunidade Autónoma con maior esforzo investidor. O esforzo investidor, como ben coñece, significa a porcentaxe que sobre o gasto non financeiro se produce en todas e cada unha das administracións. Polo tanto, poñámolo en valor, nós témolo no 12 %, e a media das comunidades autónomas está no 6,4 %. E o que si lle adianto é que no 2017, que aínda non están pechados os datos doutras comunidades autónomas, Galicia volverá estar de novo entre as primeiras comunidades autónomas en esforzo investidor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, señor conselleiro, dúas cuestións.

Claro que a crise provocou recortes a nivel europeo, pero este informe tamén di, e vostede sábeo, que os recortes provocados nas administracións públicas españolas foron superiores aos de Portugal, aos de Grecia, aos de Italia e aos de calquera país europeo, e iso tamén o pon o informe.

E por outro lado, claro que podía haber que facer recortes nos investimentos. Pero, ¿por que vostedes escolleron a vivenda e a protección social, e en cambio manteñen case incólumes os gastos en defensa ou en seguridade?

Porque vostede sabe que unha redución maior en vez do 25 % en defensa non supón pasarlle un 5 % a investimentos en vivenda, suporía consolidar o gasto en vivenda pública. Quere dicir, simplemente cun recorte dun 5 % a maiores de defensa vostede podería deixar igual o orzamento de vivenda das administracións públicas españolas en todos os anos da crise.

Polo tanto, como non estamos falando de números nin é unha discusión teórica que ten unha translación na vida das persoas, poderíamos ter construído un parque público de alugueiro de vivendas a prezo social para toda esa xente que se tivo que ir para a rúa, ou para toda esa xente que non pode emanciparse ou ter unha vida ou ter dereito a unha vivenda, como recolle a súa sacrosanta Constitución española, que só respectan para o que queren, e ultimamente só para a unidade sagrada «*de la patria*». ¿Entende, señor conselleiro? Porque isto é cuestión de prioridades. E vostedes priorizaron unhas cousas, priorizaron rescatar os bancos, priorizaron gastar en defensa, priorizaron meterse en guerras ilegais baseadas en mentiras sobre o dereito da xente á vivenda. Entón, claro que se recortaron, pero vostedes escolleron onde recortar e recortáronlle á xente.

E cando me fala vostede de Galiza faime moita graza que me fale, porque foron en consonancia con estes datos, exactamente. Vostede colla os orzamentos de vivenda, o que había aquí en 2009 e o que hai hoxe en día, e o que houbo durante os anos da crise, e verá como, por exemplo, onte, no debate, en 2007 aquí se dedicaban 48 millóns de euros en vivenda de protección pública e no ano 2017 só 8 millóns de euros.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Claro, se vostede me quere dicir...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas.

(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas. Grazas.

(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Peche, señor Conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Trataré de explicarme. Unha vez máis non coincido con vostede en, practicamente, ningún dos posicionamentos que acaba de avanzar.

En primeiro lugar, ¿cal é a contribución de todas as administracións públicas durante o período? Hoxe á mañá o presidente da Xunta fixo referencia a un dato moi concreto, que era a caída bruta do que era o investimento da Administración xeral do Estado. Unha caída de máis dun 66 % na súa magnitude absoluta.

O mesmo que digo cales son os resultados da Xunta, tamén teño que mirar pola contribución das corporacións locais, é un defecto profesional. Pero cando miro —por iso digo que unha cousa é predicar determinadas mensaxes pola súa señoría e outra a realidade— os resultados liquidados —datos oficiais—, por exemplo, do Concello da Coruña... *(Risos.) (Murmurios.)* Pero, a ver, é que comprendo que é moi difícil, 29,8 % de execución; concello de Ferrol, 31,4 %; Santiago, 22 %. E quedámonos tan tranquilos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Creo que é pouco contribuír... *(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Casal.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Creo que é pouco contribuír a recuperar os niveis de investimento. *(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Casal. *(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, perdoe.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): En segundo lugar..., *(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Perdón. Non, non, non se pode... Iso non está permitido.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...deixareille os datos oficiais ao portavoz... *(Murmurios.) (O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Chamareino á orde! *(Murmurios.)*

Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): En segundo lugar, e xa que se refire á evolución experimentada pola función vivenda. Hai que dicir a verdade, porque resulta que tres cuartas partes da función vivenda dependen das corporacións locais. E as corporacións locais tiveron unha caída no nivel de vivenda do 90 %. *(Murmurios.)* ¡Unha caída do 90 %! Mentres que o resto das outras administracións un 12 %, o mellor resultado. ¿E iso é un bo resultado no global? ¡En ningún modo! Pero poñámoslle nomes e apelidos ás cuestións.

E, en terceiro lugar —e vólvoo repetir—, comparen a Comunidade Autónoma de Galicia en esforzo investidor con calquera outra. A iso si que estamos dispostos, e non a determinadas falsidades como se acaban de dicir. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Teñamos a pel dura para tamén recibir de vez en cando. *(Aplausos.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego respecto do balance de prexuízos-beneficios da instalación do parque eólico de Mouriños

O señor PRESIDENTE: Pregunta do señor Cal, do Grupo Parlamentario de En Marea.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor Conde.

A reconversión enerxética é necesaria e urxente, e o desenvolvemento eólico é unha parte moi importante deste proceso á hora de buscar os métodos máis sustentables. Agora ben, a reconversión pode facerse de distintas maneiras e é onde se encadra o debate desta pregunta. Pódese facer pensando no interese xeral, no retorno social, na protección paisaxística, patrimonial e medioambiental; ou pode facerse como quere o Partido Popular co parque de Mouriños e tamén o de Laxe, repartindo migallas dos enormes beneficios extraídos do vento a modo de limosna e con prexuízo social, onde quen gaña é a empresa eléctrica e os facilitadores, mentres perde a cidadanía.

Galicia ten unha potencialidade eólica enorme, somos a primeira comunidade do Estado en aeroxeradores por extensión. Mais coas lóxicas do capitalismo de amiguetes os beneficios están privatizados e as perdas son socializadas, o que fai que esta posible vantaxe se converta nun inconveniente. O problema é o modelo feito a medida dos intereses da patronal eléctrica, nada novo. A instalación de aeroxeradores debe facerse onde non traia prexuízos sociais, medioambientais e patrimoniais, e á vez cun retorno económico do beneficio xusto. Cousa que non ocorre co parque de Mouriños, ao igual que nos outros xa instalados en maior ou menor medida.

O lugar onde vai ser instalado ten un alto valor paisaxístico patrimonial, que é determinante para o desenvolvemento da comarca, cun modelo produtivo moi dependente —e cada vez máis— do turismo sostible da natureza do patrimonio. E é por iso que este proxecto está sendo rexeitado a nivel local. Mesmo nalgún dos concellos afectados no seu propio PXOM apuntan a importancia da conservación do seu patrimonio natural e paisaxístico como elemento estratéxico para o seu desenvolvemento.

Tamén en decembro de 2012 o xefe do Servizo de Investimentos e Supervisión Técnica Turística emitiu un informe acerca do proxecto, que entón constaba de 11 aeroxeradores de menor potencia. As conclusións do informe son as seguintes: a zona posúe moita importancia turística e pódese ver afectada pola instalación. Produce, ademais, unha afección sobre os valores paisaxísticos, polo que o impacto da actuación é tamén de competencia medioambiental. Conclúese que posúen influencia destacable no turismo específico da zona pola proximidade dos elementos sinalados e a proximidade de áreas de grande importancia turística da comunidade, polo que se fai necesaria a realización dun estudo de impacto turístico que propoña medidas compensatorias relativas á afección a estes puntos.

O proxecto mudou, en vez de 11 aeroxeradores agora consta de 4 megaaeroxeradores, que triplican en volume os anteriores. O cal parece que non mellora moito a afección paisaxística, en vez de 11 pequenos temos 4 xigantes, polo que esta valoración segue de total vixencia.

E, por último, vostedes teñen agochadas nun caixón as directrices da paisaxe dende decembro de 2016. E se está feito pensando unicamente no interese xeral, eses xigantes de ferro non poderían instalarse nese lugar. ¿Que pasaría se se instalan e despois resulta que as directrices da paisaxe din que non poden estar aí? ¿Non lles preocupa esta situación, señor conselleiro?

Polo tanto, facémolle a seguinte pregunta: ¿Como valoran o balance de prexuízos-beneficios desta instalación? ¿Como afecta o seu modelo produtivo e as directrices da paisaxe...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CAL OGANDO: ...e o retorno social dos beneficios?

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal.

Para o turno de resposta ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Cal, eu creo, sinceramente, que cando se fala do sector eólico non basta con dicir que se está a favor da enerxía eólica, sobre todo despois de escoitar a súa intervención, que é unha intervención —se mo permite— chea de prexuízos, e sobre todo chea de sentenzas que vostede simplemente quere trasladar aquí como se foran un dogma de fe, olvidándose de que hai leis aprobadas por este Parlamento e que, loxicamente, no cumprimento estrito da lei é onde, loxicamente, temos que marcar non só a convivencia, senón tamén o desenvolvemento económico e social de Galicia.

Pero non, vostedes seguen no inmovilismo dende o punto de vista do desenvolvemento do sector eólico, en xeral, dende o inmovilismo dende o punto de vista do desenvolvemento do sector industrial. E cando vostede fala con tan pouco rigor dende o punto de vista do coñecemento da lei, eu preguntaría, seguramente, a eses 350 traballadores de Gamesa se opinan o mesmo que vostede, ou aos 200 traballadores de Vestas. Seguramente, tamén lles preguntaría —xa que falaba de retorno— non só en termos de emprego, senón a todos os concellos e todos os veciños que están tendo ingresos e que se están beneficiando, precisamente, do canon eólico, que foron xa preto de 180 millóns de euros dende o ano 2010.

Señoría, este Goberno prefire estar coa maioría e na maioría que ve no sector eólico e nas renovables unha oportunidade. E por iso creo que cando se fala do desenvolvemento do sector e dun parque en concreto, o primeiro que hai que facer é tramitar. Señor Cal, cando se presenta un proxecto tramítase, iso é o que di a lei. E loxicamente compróbase se se cumpren todos os requirimentos que marca a lexislación. E, a partir de aí, loxicamente, poderase decidir se se aproba ou non se aproba. Pero primeiro tramítase, e nesa tramitación compróbase se efectivamente se cumpren os requirimentos.

Este tipo de sentenzas preliminares que vostede trae aquí eu creo que non teñen sinceramente ningún tipo de validez, nin política. E creo, sinceramente, que o proxecto eólico se autorizará ou non única e exclusivamente na medida, loxicamente, en que cumplan todos os informes vinculantes, aí é onde estamos. Loxicamente, esas directrices da paisaxe que vostede trasladaba sabe —ou debería saber— que, no que se refire aos parques eólicos, están definidas, consensuadas e pechadas. E que, polo tanto, non hai ningún tipo de vinculación directa malia, o que vostede queira trasladar aquí.

E, como lle digo, primeiro tramítase, compróbase se cumpre...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...e, a partir de aí, tómase a decisión por parte do Goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Para o turno de réplica ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bueno, como é a primeira vez que lle fago unha pregunta a vostede, pois fun afortunado e tamén teño acusación de falta de rigor pola súa parte, a min non mo dixera ata o de agora. Pero eu pediríalle a vostede que teña un pouco de rigor, acúsame de falta de rigor por descoñecemento da lei. Eu en ningún momento da miña intervención falei da lexislación. Eu non falei da lexislación, eu estoulle preguntando unha valoración dos prexuízos, un balance dos prexuízos-beneficios. Non lle estou falando de que sexa ilegal ou de que deixe de selo. Polo tanto, pídolle a vostede que teña vostede rigor e que se centre na intervención e na pregunta que eu lle estou a facer.

Dende logo que o sector vostedes o ven como unha oportunidade. Evidentemente, é unha oportunidade para as multinacionais eléctricas, estanse levando unha boa pasta.

E se non estivese aquí e lese o *Diario de Sesións* podería pensar que o Goberno mandou aquí un comercial da patronal eléctrica. Porque vostede, en ningún momento, cando a pregunta vai dirixida directamente a cal cre vostede que é o balance prexuízo-beneficio, cando hai uns prexuízos evidentes, se quere referir a eles. Entón teño que preguntarlle a quen está protexendo vostede, porque con este vídeo seguramente contentarán as eléctricas, pero non van contentar a cidadanía.

Mire, señor conselleiro, isto é algo evidente, é evidente. Non sei se vostede estivo aí, porque se non estivo tráiolle unha foto, porque como falamos de paisaxe é todo moi visual. (*O señor Cal Ogando amósalle unha foto ao señor conselleiro.*) Esta é a zona onde queren instalar os aeroxeradores. ¡É esta a zona! ¿Vostede cre que non ten ningún tipo de impacto nunha comarca moi dependente dos seus valores paisaxísticos? ¿Cre que non ten ningún tipo de impacto? Así é como a queren poñer vostedes, con estes catro xigantes metidos nunha zona de altísimo valor paisaxístico nun espazo que é tremendamente importante para o desenvolvemento desta comarca. É evidente.

Polo tanto, na súa réplica estaría ben que fixese unha valoración real da situación. Pode que vostedes pensen que os beneficios superan os prexuízos —que evidentemente non—, pero, bueno, polo menos disimulen. Falen dos prexuízos, porque os prexuízos son evidentes.

Polo tanto, pídlle que na súa réplica responda á pregunta: a súa valoración dos prexuízos-beneficios desa instalación. Os beneficios sabemos que son para as eléctricas, para nós queda unha limosna. E fale dos prexuízos tamén e valóreos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CAL OGANDO: Esa é a pregunta. Por favor, rigor na súa resposta, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal.

Ten a réplica do Goberno o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Intentarei ser máis pedagóxico, porque, claro, se eu falo de 350 empregos en Gamesa, de 200 empregos en Vestas, de 180 millóns de euros de canon eólico, e vostede non entende que eses son beneficios... Pois, loxicamente, claro que podemos ter un problema dende o punto de vista da interpretación.

En calquera caso, loxicamente, o Goberno non está para valorar, está para trasladar a información. E, loxicamente, está para trasladar a información, neste caso, tanto da tramitación administrativa como das decisións que se toman. Porque no Goberno non estamos para valorar, isto non é unha tertulia, é un eido onde se tramita, onde se toman decisións, e, loxicamente, onde se dá conta no Parlamento desas tramitacións dos proxectos e desas decisións.

Se me fala do proxecto, como lle dicía, o máis importante é primeiro tramitalo, que é onde estamos. E nesa tramitación vostede sabe que en termos de avaliación ambiental dos parques eólicos a Consellería de Medio Ambiente emite un informe de impacto e de integración paisaxística, tal como establece a lei que vostede quere omitir, pero eu teño que referirme, loxicamente, ao marco normativo.

Tamén sabe que no caso do parque eólico de Mouriños o Instituto de Estudos do Territorio tamén emitíu —cousa que vostede non nomeou— tres informes de impacto e de integración paisaxística. E que despois de todas as adaptacións realizadas —porque vostede fala do primeiro proxecto, pero, como sabe, xa está desenvolvido—, despois desas adaptacións e tras as melloras introducidas nos informes, resulta congruente co borrador de directrices da paisaxe. Polo tanto, tamén omite ese dato.

E sabe que o proxecto, ademais, non está suxeito a ningún tipo de procedemento abreviado, senón que se trata dun proxecto que ten que pasar unha tramitación ambiental ordinaria. E tamén sabe que o proxecto cumpre a distancia de 500 metros dos núcleos que fixa o Plan sectorial eólico de Galicia.

En definitiva, vostedes, cando se fala da tramitación do parque, simplemente falan das opinións, das valoracións, pero nós falamos aquí dos datos concretos, da tramitación e, polo tanto, do coñecemento do proxecto.

En definitiva, este parque, señoría, estase tramitando, estanse emitindo todos os informes preceptivos, terá que cumprir todas esas garantías e, na medida en que cumpra con todos os informes preceptivos favorables, loxicamente, poderá ser autorizado. Pero permítame que eu non valore, senón que, simplemente, tramite e dea conta desas tramitacións.

Galicia ten unha política eólica que claramente intenta favorecer o noso tecido produtivo, que intenta favorecer a creación de emprego, que intenta favorecer tamén os propios concellos, e, loxicamente, ese canon de impacto ambiental tamén ten unha gran importancia.

En definitiva, señor Cal, Galicia quere progresar con sentidiño, e vostedes seguen no inmovilismo absoluto. Eu lamento que iso sexa así.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Seguiremos impulsando a política eólica en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar a Consellería de Economía, Emprego e Industria destinadas a garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias, S.A.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Señor Conde, hai aproximadamente un mes traíámoslle aquí unha pregunta sobre este mesmo tema, e témoslle que dicir que volveremos traela as veces que faga falta ata que se resolva esta situación, porque é algo que merecen, desde logo, as traballadoras e os traballadores desta empresa, (*Aplausos.*) que ademais están aquí presentes na tribuna deste pleno e que son un exemplo, un verdadeiro exemplo, de resistencia e de loita.

Este domingo publicábase nun xornal de Vigo unha noticia sobre a situación da empresa, encabezada por un titular que eu creo que simboliza moi ben este espírito, e dicía: «Ninguén» —do seu cadro de persoal— «se rende en Madeiras Iglesias».

Son tamén un exemplo de responsabilidade porque levan anos con sacrificios continuados, con 7 ERE e coa ameaza do oitavo, con atrasos nos pagamentos, con mobilizacións para intentar saír desta travesía, deste túnel no que os meteron e no que non acaban de ver a luz.

Desde logo que merecen unha oportunidade eles e as súas familias, 250 familias da zona sur da provincia de Pontevedra, e tamén merecen que vostede os reciba, señor conselleiro, que os reciba hoxe, porque lle pediron repetidamente nos últimos días ser recibidos. Esperamos da súa sensibilidade e que teña uns minutos para atendelos, porque realmente creo que merecen esa atención por parte do responsable da Consellería de Industria.

Desde o BNG, desde logo, estamos convencidos de que é unha empresa viábel, de que pode ser competitiva nun sector en recuperación e de que ademais Galiza e a zona sur a precisan, en todo caso, con necesidade de cambios, cambios que teñen que darse na dirección, no modelo empresarial, na reestruturación da débeda e tamén coa entrada dun socio investidor industrial, como se prevía no plan de viabilidade. A favor, conta cun grande apoio social e institucional dos concellos, tamén deste Parlamento, dos grupos parlamentarios e, desde logo, do BNG, que está nesa loita, acompañando os traballadores e as traballadoras. Quen non estivo á altura nestes últimos tempos foi, desde logo, a Consellería de Industria e a Xunta de Galiza, que estivo mirando os touros desde a barreira. Xa lle dixemos no mes de decembro que a súa actitude nos últimos meses fora de absoluta pasividade, e foi só coa presión social, coa presión do comité de empresa, cos apoios institucionais e políticos como non viron outra saída que recibilos. Vostede recibíunos o 18 de xaneiro. Daquela suspendeuse pola situación, e despois houbo outras reunións, pero non acaban de ver as cousas claras.

No pasado pleno vostede dixo que levaba preocupándose pola situación da empresa desde o ano 2009. Se se preocupou tanto e a casa está afundida, desde logo non nos parece que fose unha preocupación moi eficaz.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: O que lle queremos preguntar ante esta situación límite é que xestións fixo nas últimas semanas o Goberno, a súa consellería, se se reuniu co empresario, se hai reunións previstas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

O señor BARÁ TORRES: ...coas distintas partes, cos acredores, se hai previsión dalgún socio investidor industrial...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...e, polo tanto, se van poñer todo da súa parte para salvar esta empresa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, efectivamente, falamos deste asunto hai un mes, e, polas súas palabras, o que vexo e o que lamento é que o Bloque Nacionalista Galego continúa a politizar unha situación na que simplemente debería estar traballando para unirmos a todos. Vostede vén aquí non sei se celebrar un mitin ou vén, loxicamente, buscar consensos; iso non me queda claro. Loxicamente, a Xunta de Galicia —que vostede o omite— está entre as institucións que estamos traballando diariamente para abordar a situación de Maderas Iglesias e dos seus traballadores; loxicamente, claro que estamos traballando.

Os traballadores, aos cales saúdo tamén nesta presenza parlamentaria, saben perfectamente que iso é así. Eu reuníme con eles, o Igape reuniuse tamén con eles e a Secretaría Xeral de Emprego tamén. En definitiva, estamos facendo un esforzo permanente de manter ese contacto, ese coñecemento da situación pola que atravesamos a empresa, pola que atravesamos, loxicamente tamén, o comité de empresa. Polo tanto, que vostede veña aquí omitir que a Xunta de Galicia está traballando a diario é simplemente vir aquí politizar, e creo que Maderas Iglesias e os traballadores non merecen ese plantexamento político por parte do BNG.

En calquera caso, efectivamente, claro que este goberno coñece perfectamente a situación que ten a empresa. A Xunta de Galicia non xestiona a empresa, non se confunde, non é a responsable da xestión da empresa, porque para iso están as empresas e están os traballadores. Pero a Xunta de Galicia, loxicamente, si que cando tivo que estar axudando a empresa o fixo, no ano 2009, facilitando ese financiamento; tamén no ano 2013, para facilitar o refinanciamento; fíxoo en novembro do ano pasado —tamén o omite— modificando as condicións dos avais precisamente para que os traballadores puideran cobrar as nóminas; e estao a facer nas diferentes reunións que se están a celebrar tanto a través do Igape como a través da Secretaría Xeral de Emprego. Polo tanto, creo que non debe vir aquí ao Parlamento desvirtuar a realidade, señor Bará.

A Xunta de Galicia está traballando e mantendo os contactos cos acredores, mantendo os contactos coa empresa, vixiando tamén o cumprimento das obrigas da empresa e, loxicamente, intentando axudar en cada momento para encontrar unha solución, que necesariamente, señor Bará, pasa polo diálogo e polo consenso entre a empresa, os traballadores, os acredores e tamén, por suposto, a Xunta de Galicia, que niso tamén está traballando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Para a réplica ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas.

Señor conselleiro, o BNG o que fai é cumprir a súa función de oposición exixente, (*Aplausos.*) e vimos aquí controlar o Goberno, representar a sociedade, impulsar solucións. É a nosa

obriga, é a nosa responsabilidade, e estamos aquí falando deste tema porque nolo pediron os representantes dos traballadores e das traballadoras; pedíronnos que viñeramos aquí exixir-lles solucións e unha saída, e a implicación de verdade do Goberno.

E tamén lle pedimos —e vólvollo dicir— que se moleste en recibir os traballadores e as traballadoras, que están vivindo unha situación angustiosa e que queren escoitar de vostede palabras que os tranquilicen e que lles dean algunha expectativa, algunha esperanza.

Vostede falounos do 2013. Mire, no 2013: «Conde pon Maderas Iglesias como exemplo de empresa capaz de superar as dificultades a través da calidade, a innovación e a internacionalización». Dixo isto vostede nunha visita a Maderas Iglesias. «Maderas Iglesias é un exemplo de como realmente se pode afrontar unha complexa situación con esforzo, coa axuda das entidades financeiras e das administracións e co traballo do equipo directivo e dos traballadores». Se este é o exemplo en 2013, mire o que pasou nos cinco anos seguintes. ¡Imos aviados, señor Conde!

O que lle plantexamos aquí son catro pasos moi concretos:

Primeiro, pararlle os pés ao empresario, que é o máximo responsable desta situación —recoñécemolo, claro que si—; poñelo firme e controlar os seus movementos especulativos e de descapitalización da empresa.

Segundo, negociación con acredores para reestruturar a débeda.

Terceiro, entrada dun socio investidor industrial do sector galego solvente, non de capitais especulativos.

E cuarto, información en tempo real e acordos cos representantes sindicais.

Ten vostede unha ocasión hoxe perfecta para darlles resposta a estas cuestións e para recibir —insístolle unha vez máis— os representantes dos traballadores e das traballadoras.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten o turno de réplica, por parte do Goberno, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Insiste en facer política... (*Murmurios.*) Señor Bará, os traballadores non precisan da súa intervención para que a Xunta de Galicia e este conselleiro, ou calquera director xeral, os reciba, porque xa os ten recibido en todas as ocasións que os traballadores o solicitaron.

Eu o que non entendo, señor Bará, é onde vostede non ve, da miña intervención, a implicación da Xunta de Galicia. Iso non o entendo. Simplemente vén aquí co seu discurso e repíteo, e seguramente vostede mesmo se convencerá.

Pero mire, a Xunta de Galicia está tomando a iniciativa permanentemente, estámonos implicando, loxicamente, nun proceso realmente complicado. A Xunta de Galicia ten que ser realista, ten que actuar, loxicamente, con responsabilidade. A Xunta de Galicia non pode, en ningún caso, xerar falsas expectativas e, polo tanto, ten que seguir traballando. Ten que seguir traballando coa empresa, ten que seguir traballando cos acredores e ten que seguir traballando coas entidades financeiras, e estamos facendo iso en contacto permanente cos traballadores. Eu non sei onde non ve vostede a implicación, por tanto, da Xunta de Galicia.

E o que non sei é se vostede, non só por Maderas Iglesias, senón por calquera empresa, entende que unha administración, a Xunta de Galicia, ten que abordar e salvar unha empresa a calquera prezo. Vostedes, claro, como fixeron iso con Alfageme e fixeron un quebranto de 32 millóns de euros, concedendo eses avais á última hora na lexislatura do Bipartito, seguramente pensan que ese é o proceder que ten que ter o Goberno, pero ese non é o proceder deste goberno.

A Xunta de Galicia —e esta é a mensaxe que teñen de forma directa os traballadores— vai traballar en todo momento velando pola legalidade, velando tamén pola responsabilidade e velando, en todo momento, por buscar unha solución, e en ningún caso por imponse-la, señor Bará, porque vostede sabe que iso forma parte da autonomía empresarial. Estamos nun Estado de dereito onde a propiedade privada ten esa garantía constitucional, que eu espero que vostede respecte.

En calquera caso, a Xunta de Galicia si está buscando esa solución; esa solución trasladáballe que pasaba polo consenso e por atopar e aliñar a situación de todas as partes. Eu espero que mude as formas, porque así, simplemente, vostede, con este tipo de intervencións, parece que pretende dividir. Aquí, ao Parlamento, creo que temos que vir sumar, e eu creo que deben deixar de lado eses prexuízos ideolóxicos que vostedes teñen cando falan deste tipo de situacións. (*Murmurios.*) Loxicamente, o Goberno vai seguir ao carón dos traballadores, ao carón da empresa e buscando esa solución de viabilidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Pregunta de D. Francisco Casal Vidal e D^a Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para paliar a pobreza enerxética

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro.

Como vostede sabe, ou debería saber, entre 245.000 e 442.000 persoas sofren pobreza enerxética en Galicia. Unha delas —saíu onte en *La Voz de Galicia*—, Yolanda Rodríguez, di: «No

tengo radiadores. Tuve que arrancarlos de las paredes porque, si no, los niños...» —ten cinco fillos; é unha nai que mantén cinco fillos ela soa, e ademais afectada por un cancro— (O señor Casal Vidal amosa unha fotocopia dese xornal.) «...con el frío que pasaban, encendían los radiadores y yo no podía pagar la luz a final del mes.»

A Xunta de Galicia, cando creou o tócket eléctrico, chegou a 2.200 familias. Deixaron sen executar —este si que é un dato verdadeiro— o 70 % do orzamento —vostede teno aí nos seus papeis—. Este si é un dato verdadeiro, non como os que escoitamos antes sobre as execucións no Concello da Coruña. Porque no último pleno díxose que a execución do orzamento de Servizos Sociais e Educación no Concello da Coruña non chegaba ao 30 %. Eu non sabía se era verdade ou non, dubidábo. Cheguei á Coruña, pedín o dato á Intervención e resulta que a execución no ano 2007 en Servizos Sociais e Educación no Concello da Coruña foi do 82 %. Pidan o dato, e non trabuquen as cifras, que un 82 % non se transforme nun 28 %. *(Aplausos.)*

Pero a vostedes todo isto lles pareceu moi ben. Chegaron a 2.200 familias, isto era ao 0,5 % dos fogares en pobreza enerxética. ¿E saben vostedes cal foi a resposta do señor Feijóo? Non que estaba isto mal tramitado nin que a xestión da tramitación era inaxeitada, senón que textualmente, declaracións do señor Feijóo: «Non hai tanta pobreza enerxética en Galicia como prevía». De verdade, ¿onde viven vostedes? De verdade, ¿onde viven? ¿Miran de fronte a pobreza? De verdade, ¿miran de fronte a pobreza? E a pobreza enerxética é unha das máis lacerantes manifestacións da pobreza. Deberían ir a algunhas destas casas onde a xente pasa frío e verían as consecuencias. As consecuencias son mortes directas como as que vimos a semana pasada —bueno, hai dúas semanas—, dunha señora morta por inhalación de gases dun braseiro ou as mortes por problemas de saúde. O impacto tamén na saúde, o custo que ten, é tres veces superior ao que sería necesario para reverter os efectos da pobreza enerxética. Ou os efectos sobre os nenos na educación. Terían que ir á casa de Yolanda Rodríguez e ver como os seus nenos estudan co plumífero posto. ¡A ver se así se pode desenvolver verdadeiramente a educación dun neno!

Pero a vostedes iso parece que nos lles importa moito, porque na última lei que se aprobou neste Parlamento hai mes e pico deixan soamente as axudas para aquela xente en extrema situación de vulnerabilidade, aquela xente que ingresa en total no seu fogar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: ...menos de 400 euros. ¿Pensan que soamente está en pobreza enerxética a xente que ingresa no seu fogar menos de 400 euros? Señor conselleiro, ¿que pensan facer no ano 2018, á parte do que fai o Estado...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: ...que é totalmente insuficiente, para paliar a pobreza enerxética?

Moita grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, este goberno, loxicamente, comparte a súa sensibilidade, comparte a súa preocupación por todas as persoas que necesitan axuda, nos diferentes eidos, no enerxético e, loxicamente tamén, no non enerxético, e por iso as prioridades da Xunta se centran precisamente no gasto social. Sabe que o 75 % do orzamento da Xunta vai orientado, precisamente, ao gasto social e tamén nesas prioridades a Xunta de Galicia entende que as políticas de emprego son seguramente a mellor política para dar unha resposta, precisamente, ás necesidades que teñen as familias.

Todos os casos son importantes. Cada un dos casos, loxicamente, é importante, pero eu lamento que vostede veña aquí trasladar unha situación e trasladar uns datos e quede no ano 2015. Parece que dende o ano 2015 non se está actuando.

Vostede, efectivamente, traslada como a Xunta de Galicia hai catro anos foi unha comunidade autónoma pioneira no establecemento do ticket eléctrico, que precisamente estableceu e beneficiou, señor Casal, 7.500 familias, dende o ano 2014, e tamén se estableceron axudas por corte de subministración para máis de 5.300 fogares. E o dato máis importante: mire, eu non veño aquí falar de execución cando falamos de pobreza enerxética, o que lle podó dicir é que todas e cada unha das solicitudes que se presentaron durante os tres últimos anos foron atendidas; non quedou ningún tipo de solicitude por atender.

Eu o que non podó compartir, loxicamente, son as formas de como presenta vostede a pobreza enerxética e eu non podó compartir como vostede non quere falar das últimas decisións que se tomaron por parte do Goberno central e por parte da Xunta de Galicia, seguramente porque vostedes votaron as dúas en contra, seguramente por iso. Porque eu lle quería preguntar se vostede non está de acordo con que haxa un bono social, un bono social que debería saber que antes beneficiaba as familias, non polo seu nivel de renda, e agora si. Pero, claro, vostedes no Congreso votaron que non. Trouxemos aquí unha lei e votaron que non. Eu, sinceramente, non sei cal é a súa oposición. O que si sei é que, grazas ao Bono Social, hai axudas para os consumidores vulnerables e grazas a esa lei á que vostede votou que non a Xunta de Galicia dá un paso adiante, vai atender as familias con máis dificultades e vai atender as familias con risco de exclusión social para que teñan asegurado tanto os servizos de subministración eléctrica como tamén a gratuidade dun consumo mínimo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Para o turno de réplica ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Pois non, señor Conde. A Xunta de Galicia non vai atender as necesidades das familias en pobreza enerxética. *(Murmurios.)* Non, non as vai atender, porque na lei que vostedes aprobaron a única aportación... —xa sei que rin, que lles fai moita graza—.

Miren a pobreza á cara e xa verán como non rin. Sigán rindo, sigán rindo. A realidade, a realidade... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, escoiten a quen está no uso da palabra.

O señor CASAL VIDAL: ...é que a aportación complementaria ao Bono Social que a Xunta de Galicia vai facer é soamente para aqueles fogares con ingresos inferiores a 400 euros. E a unha pensionista, que cobra 600 euros e que ten que pagar 300 euros de vivenda de alugueiro, ¿qué-dalle diñeiro para pagar a luz, a comida e o resto das súas necesidades? De verdade, ¿esa xente non está en pobreza enerxética? ¿Pero onde imos parar? ¿Por que votamos en contra dese Bono Social? Porque deixa fóra o 80 % da xente que de verdade está en pobreza enerxética. Desas 442.000 persoas que en Galicia están en pobreza enerxética o 80 % quedan fóra do que marca o Bono Social que vostedes e os señores de Ciudadanos aprobaron no Congreso en Madrid.

E ademais, señor conselleiro, mire os límites de consumo, mire o seu recibo, ou calquera das deputadas ou dos deputados do Partido Popular. Miren o recibo cando cheguen á casa, multipliquen por doce e comparen co que pon o Bono Social, que establece que o límite que cobre o Bono Social son 1.200 quilovatios/hora ao ano. A ver quen quenta unha casa con ese límite total anual. Revíseno e xa veremos como no seguinte pleno nos darán a razón en que con estas medidas se deixa fóra o 80 % da poboación galega, que está en pobreza enerxética.

Non, é un asunto absolutamente intolerable. Ningún país do mundo civilizado deixa que a súa poboación pase frío, con todas as consecuencias que ten. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor presidente.

Señor Casal, cando non se teñen argumentos, seguramente se traslada ou se intenta trasladar unha realidade totalmente desvirtuada, porque, mire, todos os grupos políticos —non só PP e Ciudadanos— presentes no Congreso pensamos que é mellor que haxa Bono Social, e pensamos que é mellor que haxa Bono Social, primeiro, porque se van evitar os cortes da luz, e, segundo, porque se vai axudar os consumidores vulnerables. Vai haber máis beneficiarios do Bono Social, que teñen unha situación de dificultade de renda. Todos os grupos, señorías, menos Podemos e as súas confluencias. É que vostedes simplemente sempre din que non, eu non sei se por un problema de frustración, se é un problema de falta de vontade e de altura de miras, pero, en definitiva, esa é a realidade, señor Casal. E vostedes están votando que non a unha medida que vai beneficiar a mellora da situación enerxética, igual que votaron que non neste Parlamento á Lei galega de eficiencia enerxética, que tamén formulamos con realismo e acolléndonos á legalidade.

E reitérolle, ademais do establecido no Real decreto 897/2007, que establece ese Bono Social, a lei galega vai dar ese paso adiante, vai permitir que aquelas familias en risco de exclusión

social teñan asegurado o servizo da subministración eléctrica e que teñan a gratuidade do consumo mínimo, e nós, a Xunta de Galicia, seguiremos traballando, porque somos plenamente conscientes, loxicamente, de que temos que seguir avanzando, garantindo e ampliando as garantías para loitar contra a pobreza enerxética. E farémolo, señor Casal, traballando coas administracións. Seguiremos colaborando co Goberno central, colaboraremos cos concellos e colaboraremos, en definitiva, con todas as institucións e entidades sen ánimo de lucro, con Cáritas, con Cruz Roja, porque, efectivamente, estamos na realidade e sabemos que a pobreza enerxética a temos que afrontar entre todos xuntos.

Pero vostede debería entender tamén que esta pobreza enerxética non é só un problema de renda, que o é, senón que tamén, loxicamente, é unha cuestión da eficiencia enerxética e do custo enerxético. Por iso, estamos apoiando as familias para que poidan mellorar a súa habitabilidade. Estamos tamén mellorando a incorporación das enerxías renovables. En definitiva, estamos introducindo melloras para evitar esa pobreza enerxética, e, polo tanto, imos completar, señoría, as medidas que ten impulsado o Estado para asegurar a subministración eléctrica ás familias en risco de exclusión social e tamén a gratuidade dun consumo mínimo. Creo que ese impulso, cunha nova orde de axudas que estamos coordinando cunha política social vai...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.


O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...mellorar o escenario que teñen as persoas que teñen que afrontar esta situación de dificultade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Rematados os puntos do día, levantamos a sesión.

Remata a sesión ás seis e corenta e un minutos da tarde.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25